# Cadernos de Lingua

2013

núm. 35

REAL ACADEMIA GALEGA

# CADERNOS DE LINGUA

**ANO 2013**

**35**

REAL
ACADEMIA
GALEGA

**Director**: Manuel González González
**Coordinador**: Xosé Luís Regueira
**Secretaria**: María do Carme Pazos Balado

**Consello de redacción:**
Carlos Díaz Abraira, Xermán García Cancela, Antón López Dobao,
Miguel Pérez Pereira, Modesto A. Rodríguez Neira

**Comité científico:**
R. Álvarez Blanco (Un. Santiago), J.A. Argente Giralt (Un. Aut. Barcelona), Takekazu Asaka (Un. Azabu), Michel Contini (Un. Stendhal de Grenoble), F. Fernández Rei (Un. Santiago), P. García Mouton (CSIC Madrid), Taina Hämäläinen (Un. Helsinki), Johannes Kabatek (Un. Tübingen), R. Lorenzo Vázquez (Un. Santiago), C. de Azevedo Maia (Un. Coímbra), Lorenzo Massobrio (Un. Torino), Michael Metzeltin (Un. Viena), A. Santamarina Fernández (Un. Santiago), M. Santos Rego (Un. Santiago)

**Colaboracións e correspondencia:**
Xosé Luís Regueira Fernández
Rúa Tabernas, 11
15001 A Coruña

**Subscrición e intercambio:** Dirixirse a
Editorial Galaxia, S. A.
Avda. de Madrid, 44 - 36204 Vigo

©, Real Academia Galega
A Coruña, 2014

Edita: Real Academia Galega
R/. Tabernas, 11 - 15001 A Coruña

ISSN: 1130-5924

Título clave: Cadernos de Lingua
Título abreviado: Cad. Ling.

Depósito Legal: C-1.642-1992

Deseño: SINMÁS COMUNICACIÓN VISUAL S.L.
Imprime: Sacauntos Cooperativa Gráfica

# ÍNDICE

## ARTIGOS

MATTHEW-WELLINGS, *Un estudo da paisaxe lingüística en Santiago de Compostela*..... 5

TAKESHI KAKIHARA, *O uso lingüístico no ámbito comercial reflectido na paisaxe lingüística no centro de Santiago de Compostela* 39

V. FRESCO BARBEITO, *Dime como rematas e direiche onde te acentúo*..... 67

R. VILA AMADO, *Edición crítica de dous documentos de 1418 asinados por Gómez García, notario de Santiago*..... 101

## RECENSIÓNS

*O valego. As falas de orixe galega do Val do Ellas (Cáceres-Estremadura)*, X. H. COSTAS GONZÁLEZ (F. Fernández Rei) .. 135

# UN ESTUDO DA PAISAXE LINGÜÍSTICA EN SANTIAGO DE COMPOSTELA[1]

MATTHEW WELLINGS
Universidade de Vigo
mpwellings@uvigo.es

## RESUMO

O estudo da Paisaxe Lingüística (PL) aplícase por primeira vez en Santiago de Compostela por medio da cuantificación e análise da presenza de diferentes linguas (nomeadamente galego e español, mais tamén outras) nos textos escritos do espazo público. O estudo da PL resulta especialmente relevante en Galicia ao tratarse dunha comunidade cun bilingüismo historicamente diglósico. Obsérvanse interesantes tendencias nas linguas empregadas dependendo da zona da cidade e autoría do sinal. Cuantifícase un maior uso do galego nos textos de autoría 'institucional', onde predomina o galego, aínda que non se usa exclusivamente esta lingua, fronte aos textos privados, nos que existe máis variedade e un notable predominio do español. Constatáronse, ademais, diferenzas significativas entre as zonas "nova" e "vella" da cidade, con máis diversidade na segunda fronte ao predominio moi marcado do español na zona

1 Esta investigación xorde do Máster Interuniversitario en Lingüística Galega e quixera agradecer a Xosé Luís Regueira Fernández que me suxerise este tema, así como os seus atinados consellos e consideracións como titor para o traballo fin de máster. Tamén quixera expresarlle o meu agradecemento a Benigno Fernández Salgado, quen nos impartiu a materia "Contacto Lingüístico en Galicia" do máster e quen tamén me animou a levar adiante este traballo.

nova. Se a PL é un espazo de loita importante para unha lingua minorizada como o galego, concluímos que neste eido aínda hai moito camiño que percorrer para poder acadar a súa normalización plena. O baixo emprego do galego na PL é indicativo dunha falta de prestixio e o seu uso neste ámbito non reflicte os usos e actitudes lingüísticas mostradas pola cidadanía noutros dominios.

**PALABRAS CHAVE**:

Paisaxe Lingüística, usos lingüísticos, planificación lingüística, multilingüismo, sociolingüística.

## ABSTRACT

The study of the Linguistic Landscape (LL) is applied for the first time in Santiago de Compostela, measuring and analyzing the presence of different languages (particularly Galician and Spanish, but also others) in written texts in the public space. The study of the LL is particularly relevant in Galicia, a traditionally diglossic community. Interesting trends are observed with regard to the languages used and area of the city and authorship. Galician is found more frequently in 'institutional' texts (where Galician predominates, although Spanish is also used) than in private texts (which are more varied but dominated by the presence of Spanish). Significant differences were found between the new and old parts of the city, with the latter being more diverse and the former more heavily dominated by Spanish. If the LL is an important battleground for minority languages such as Galician, we conclude that there is still much to do to achieve full normalization in this case. The low levels of use of Galician are indicative of its lack of prestige, and use in this domain does not reflect the uses and attitudes of the inhabitants of Santiago de Compostela in other areas.

**KEYWORDS**

Linguistic Landscape, linguistic usage, linguistic planning, multilingualism, sociolinguistics.

## *1. Introdución*

Rara vez existe, se é que algunha vez chega a existir, unha situación que se poida denominar bilingüismo "equilibrado", tanto nos individuos coma nas comunidades. Como sinala Moreno Fernández (2005: 213): "En las comunidades bilingües, suele producirse un reparto de los usos y funciones sociales de las lenguas". Nos últimos 15 anos o estudo da Paisaxe Lingüística (PL) constituíuse como unha perspectiva interesante e innovadora desde a cal achegármonos á análise dunha das manifestacións máis importantes deste reparto desigual: os usos lingüísticos escritos no espazo público. Deste xeito, como sinala Gorter (2006), o estudo da PL representa un enfoque moi útil para analizar o fenómeno, por outra banda tan común no mundo, do multilingüismo social.

En Galicia, os primeiros estudos da PL publicáronse nos últimos dous anos, e até o momento non contabamos con ningún estudo que achegase datos cuantificados sobre o estado da PL da capital, Santiago de Compostela. Este traballo ten o propósito de encher esta lagoa.

A existencia dunha PL, é dicir, dun uso social da escritura, é tan vella como a propia escritura e xa en Babilonia, Persia ou o antigo Exipto se vincularon os escritos públicos coa expresión da autoridade (Coulmas, 2009: 13). Préstase o estudo da PL, xa que logo, a interpretacións en clave simbólica, pois en pezas como a pedra de Roseta obsérvase que se establecen xerarquías lingüísticas que reproducen as sociais. Tamén se observa desde os seus comezos o potencial da PL para o desafío desta autoridade, para a expresión de contraculturas e de mensaxes políticas contrarias á orde establecida (Coulmas 2009: 20). Deste xeito, eses textos fálannos de xeito emblemático das sociedades que as orixinaron e a PL representa un primeiro paso na creación dunha esfera pública, no sentido de Habermas (1989).

Alén diso, os pioneiros do estudo deste fenómeno, Landry e Bourhis (1997: 45), asociaron, desde o principio, a PL coa vitalidade etnolingüística. Estariamos, polo tanto, ante un campo de estudo con implicacións importantes para os profesionais da normalización e planificación lingüísticas. Máis recentemente, Coupland (2012: 2)

considerou que a PL "is a planned projection of social values and hierarchies, including ideological values attaching to language varieties and language situations" que permite obter valiosa información sobre a situación sociolingüística da comunidade.

O estudo da PL revélase como de especial interese nun contexto como o galego, tradicionalmente considerado diglósico, onde o español sería a lingua alta (seguindo a terminoloxía de Ferguson, 1959) e o galego a lingua baixa (Rodríguez 1976, Rojo 1981, entre outros). Aínda que nas ultimas décadas se avanzou moito na eliminación dalgúns dos indicadores da diglosia identificados por Ferguson (presenza do galego no ensino, dotación de institucións centradas no galego, dun estándar culto e de léxico en eidos como o deporte ou as tecnoloxías), seguen perdurando prexuízos sobre a "utilidade" das dúas linguas e perpetúase o seu desigual prestixio (Iglesias, 2002). A lingua galega segue a perder falantes e entre 1992 e 2004 o seu uso como lingua habitual caeu do 53% ao 38,4% nos individuos de 15 a 54 años (MSG 1992, 2004). Como explica Crystal (2000: 86), a morte dunha lingua normalmente pódese entender mellor coma un suicidio, xa que, agás en casos moi pouco frecuentes de catástrofe, significa que os falantes dunha lingua a abandonaron en favor doutra considerada máis útil, prestixiosa ou vantaxosa, Neste contexto cobra aínda máis importancia o estudo da PL galega, e máis tendo en conta que Landry e Bourhis tamén demostraron relacións interesantes entre a PL experimentada, e os resultantes comportamentos lingüísticos (Landry e Bourhis, 1997: 45).

Outro fenómeno que cumprirá termos en conta, e que contribúe á variación na PL é a globalización, que nas últimas décadas, intuímos, puido facer que se incrementase a presenza de linguas distintas do galego e o español na PL galega. Alén dos movementos migratorios, en que os falantes levan as súas linguas a territorios novos, tamén se empregan linguas de prestixio como o inglés, o francés ou o alemán na publicidade. Santiago de Compostela representa un caso especialmente interesante desde o punto de vista das linguas estranxeiras ao tratarse dun destino turístico que recibe en visitantes ao ano máis ca 5 veces a súa propia poboación, dos cales case a metade son estranxeiros.

O primeiro obxectivo deste traballo será, polo tanto, achegar por primeira vez datos cuantificados sobre o reparto dos usos lingüísticos escritos no espazo público de Santiago de Compostela, tanto para o galego e o español como para a presenza das linguas estranxeiras. Para facelo, repasaremos, en primeiro lugar, os antecedentes máis relevantes deste estudo. Despois, pasaremos a contextualizar o estudo da capital galega con algúns datos sociais e sociolingüísticos que serán necesarios para unha interpretación máis frutífera dos resultados. No apartado 5 analizaremos os datos obtidos para ver a que conclusións nos permiten chegar. A análise tomará en conta posibles diferenzas por barrios e a distribución dos diferentes idiomas entre os sinais "desde arriba" (colocados pola Administración pública) e "desde abaixo" (colocados por empresas e cidadáns). Dentro destas últimas categorías tamén se analizarán as tendencias segundo o sector de comercio ou tipo de institución. No caso dos textos con presenza de máis dunha lingua, analizarase a disposición da información e a prominencia dunha lingua sobre a(s) outra(s) e interpretaranse estas xerarquías visuais. Por último, cuantificarase, no caso do galego, o tipo de lingua empregado para medir a incidencia na PL doutras correntes que a normativa oficial.

## *2. A Paisaxe Lingüística: o concepto e os antecedentes*

Landry e Bourhis, nun estudo pioneiro sobre os usos lingüísticos escritos no espazo público de Quebec, definiron o concepto da *Paysage Linguistique* como "the visibility and salience of languages on public and commercial signs in a given territory or region" (Landry e Bourhis, 1997: 23). A partir del, publicouse nas últimas décadas un crecente número de estudos deste tipo en diferentes contextos arredor do mundo. Seguindo esta liña de investigación, neste traballo empregamos o termo PL para referírmonos aos usos lingüísticos en todo texto escrito visible no espazo público. O concepto de "espazo público" está relacionado coa noción de "esfera pública", promulgada especialmente por Habermas (1989), en tanto que mediadora entre as esferas gobernamental e privada. Aquí, seguindo a Ben-Rafael (2009: 40), utilizamos o termo "espazo

público" para referírmonos a un espazo físico accesible á toda a comunidade (e por tanto a rúas, prazas, parques públicos, etc.).

Aínda que as orixes do estudo da PL se remontan máis atrás (véxase os traballos de Tulp, 1978, de Spolsky e Cooper, 1991 e Calvet, 1990), é nos últimos quince anos cando este enfoque empeza a desenvolverse e a xerar máis interese investigador. Por riba dalgunhas diverxencias de detalle da metodoloxía empregada, na inmensa maioría dos estudos sobre a PL, séguese a definición establecida por Landry e Bourhis:

> *The language of public road signs, advertising billboards, street names, place names, commercial shop signs, and public signs on government buildings combines to form the linguistic landscape of a given territory, region, or urban agglomeration* (Landry e Bourhis, 1997: 25).

Dentro dos estudos da PL realizados arredor do mundo, obsérvanse varias correntes. Por un lado, levouse a cabo unha serie de investigacións centradas nos efectos da globalización e no multilingüismo en grandes metrópoles (véxase Backhaus, 2006, 2007 sobre Tokyo; Huebner 2006, sobre Bangkok; Leeman e Modan 2009 e Yanguas 2009, sobre Washington DC; Papen 2012, sobre Berlín, entre outros). Por outro lado tamén se ten empregado esta metodoloxía para dar conta da situación de linguas sen Estado que conviven con linguas estatais como os casos do bretón e o corso (Blackwood 2011), o saami, kven e meänkieli (Pietikäinen *et al.* 2011) e o galés (Coupland, 2012).

Xa desde o primeiro momento, Landry e Bourhis distinguiron entre os sinais comerciais "privados" e os "gobernamentais". Máis tarde, Ben-Rafael *et al.* (2006) aplicaron á PL os xa coñecidos termos *top-down* ("desde arriba") e *bottom-up* ("desde abaixo") no contexto das relacións entre diferentes grupos etnolingüísticos en Xerusalén, e a maioría de investigadores deste ámbito seguen unha clasificación deste tipo. Outro foco de atención investigadora baséase noutra distinción: as funcións informativa (ou denotativa) e simbólica (connotativa) na PL (Landry e Bourhis, 1997: 25). Estes autores postularon que, ademais da función simplemente informati-

va que pode ter unha lingua na PL, esta tamén pode ter unha función simbólica que revela relacións sociais de poder.

Mentres este enfoque se centra na sociedade que alberga e crea a PL, outros traballos centráronse no uso de linguas de fóra da comunidade obxecto de estudo. Moitos fixáronse na globalización e o inglés como lingua de comunicación internacional. Isto inclúe, por unha banda, o uso do inglés como *lingua franca* no turismo para comunicarse con viaxeiros de diversas nacionalidades (véxase, por exemplo, Bruyl-Olmedo e Juan-Garau, 2009) e, por outra banda, tamén abarca o uso do inglés (e doutras linguas estranxeiras) como linguas de prestixio na publicidade, facendo uso do seu valor connotativo, aínda que o público meta non entenda estas linguas. No primeiro dos casos, o uso restrínxese a zonas con presenza de turistas, mentres o segundo se aprecia en usos comerciais de todo tipo. Nos dous casos o uso destas linguas na PL non é representativo da comunidade, do lugar e os seus usos lingüísticos.

Outra perspectiva interesante é a concepción da PL como un espazo de loita, un lugar cheo de sinais (nalgúns casos trátase dunha paisaxe moi densa) onde os autores compiten para incidir ou destacar nela. Neste sentido é interesante un cadro teórico como o de Goffman (1963, 1981) e o seu principio da "presentación da persoa", que pode servir para explicar a forma en que os autores loitan por marcar a diferenza e xestionar a súa imaxe na PL.

Por último, a PL tense descrito como un "barometer of the relationship between language and society" (Huebner 2009: 84). Outros autores sinalaron que é aínda máis importante ca iso. A PL, á vez que nos fala sobre a sociedade, tamén inflúe nela. Landry e Bourhis concluíron que, ademais de indicar a vitalidade dunha lingua, a PL tende a autorreproducirse, xa que certos usos convértense nos non-marcados e outros en marcados, e a presenza ou a ausencia dunha lingua na PL pode influír na cidadanía cando fai a súa achega á PL. Estes autores atoparon unha relación significativa entre a PL percibida e os usos noutros ámbitos, incluídos os usos orais coa familia ou amigos (Landry Bourhis 1997: 45).

*2.1. Estudos da PL no Estado español*

Se en Galicia a PL foi pouco estudada, debemos pór de relevo que noutros puntos do Estado español existen exemplos deste tipo de traballos desde hai tempo. En Cataluña existe unha serie de estudos que analizan os usos atendendo ao sector de actividade comercial (Solé, 1998; Leprêtre e Romaní 2000; Gasull e Ponsa 2003). Estes autores constataron "una situación encara prou negativa pel que fa a la situación normal de la llengua catalana" (Gasull e Ponsa, 2003: 20). En Valencia existe un traballo de Lado (2011) que analiza os efectos das políticas lingüísticas implantadas nas últimas décadas sobre a presenza do valenciano na PL de Gandía e Valencia, e conclúe que as medidas tomadas para acadar a normalización neste ámbito non se ven reflectidas na realidade. Cenoz e Gorter (2006), pola contra, concluíron que as políticas de normalización na PL influíron positivamente na PL vasca, logo de comparar a situación do vasco e do frisón nas PL de Donostia e de Leeuwarden-Ljouwert (Holanda), respectivamente. Castillo e Sáez (2011) levaron a cabo os primeiros estudos deste tipo en Madrid, sobre todo desde a perspectiva do multilingüismo no contexto dos fluxos migratorios recibidos nas últimas décadas e do turismo.

En Galicia, fronte ao que acontece nestoutros puntos do Estado español, ata os últimos catro anos non se estudou o multilingüismo desde esta perspectiva. A primeira en facelo foi Dunlevy (2009, 2012), quen atopou unha PL institucional formada por capas, onde as políticas lingüísticas levadas a cabo nas últimas décadas foran deixando a súa marca, mais sen borrar de todo a presenza de elementos máis antigos. Atopou, tamén, diferenzas segundo a zona de análise, cunha presenza do galego pouco inferior á do español en Cee, pero moi inferior na cidade da Coruña. A presenza doutros idiomas europeos era moi baixa e estaban orientados a conferir algún valor connotativo ao produto anunciado (no caso dos sinais monolingües) ou a informar a visitantes de fóra (no caso dos sinais plurilingües). O segundo traballo sobre a PL galega realizouno López Docampo (2011a, 2011b) na cidade de Pontevedra. Distingue entre os sinais da Administración pública (onde predomina o galego) e os comerciais (con predominio do español) e salienta, ademais, o alto grao de in-

corrección no uso do galego na PL, que, xunto coa posición subordinada que xeralmente ocupa esta lingua na PL respecto ao español, contribúe ao seu desgaste.

Despois de repasar estes antecedentes, fixouse como obxectivo deste traballo cuantificar o reparto dos dous idiomas oficias na PL compostelá, coa intención de facer unha lectura sobre a relativa vitalidade neste ámbito do galego e do español.

## *3. Contextualización*

### *3.1. Santiago de Compostela*

A cidade é a capital política e administrativa de Galicia, e un centro universitario e relixioso importante. A súa actividade económica está concentrada no sector dos servizos, principalmente o turismo, a Administración pública e a Universidade, e isto condiciona a demografía dos seus 95.200 habitantes. Tamén ten unha poboación duns 27.885 estudantes (no curso 2011-2012, segundo datos da Área de Calidade da propia universidade) procedentes de todo o territorio galego. Segundo o Instituto Nacional de Estatística (INE), Santiago de Compostela recibiu no ano 2011 un total de 544.312 viaxeiros; sorprendente cifra se a comparamos coa poboación permanente, cinco veces inferior. Aínda que a maior parte dos viaxeiros corresponden a residentes doutros territorios do Estado español, o número de visitantes estranxeiros ascende aos 220.139. Dos turistas recibidos, unha parte importante son peregrinos (183.000 no 2011, segundo a Oficina do Peregrino), dos cales máis que a metade (o 53%) proveñen doutras comunidades autónomas españolas, seguido de alemáns (o 9%), italianos (7%), portugueses (5%) e franceses (4%).

En canto aos posibles efectos da inmigración na composición dos residentes composteláns, segundo o INE apenas o 4,4% dos empadroados son doutra nacionalidade distinta á española[2], e

2 Aínda que coidamos que se subestiman o número de estranxeiros residentes na cidade, pois só dan conta dos empadroados, non deixa de indicar que a inmigración ten unha incidencia relativamente baixa nesta cidade.

esta mesma fonte evidencia que da pouca inmigración que recibiu Compostela, a maioría son falantes do portugués ou do español, sendo os marroquís e os chineses as excepcións máis importantes.

Para completar esta contextualización, é importante tratar os usos lingüísticos que o *Mapa Sociolingüístico de Galicia* revela para esta cidade. Estes usos están cerca da media galega, cun 42% dos enquisados (entre 15 e 54 anos) que declara empregar máis o galego ca o español (fronte a un 39% ao nivel de Galicia) e un 57% afirma empregar máis o español ca o galego (o 61% en Galicia). Só un 0,5% afirma ter outra lingua distinta como a habitual. Compostela é atípica en tanto que concello de máis de 50.000 habitantes, pois as cidades galegas tenden a mostrar máis predominio do español, fronte aos municipios máis pequenos (o rural). Nos concellos de máis de 50.000 habitantes a media de uso de máis español ca galego alcanza o 76%. Polo tanto, Santiago, malia ser cidade, e capital, presenta costumes lingüísticos máis típicos dun municipio máis pequeno.

| | Lingua habitual (%) | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Só galego | Máis galego | Máis español | Só español | Outras |
| Compostela | 13,27 | 28,86 | 37,15 | 20,23 | 0,50 |
| Media en Galicia | 15,81 | 22,55 | 35,33 | 25,83 | 0,48 |
| Media para concellos > 50.000 habitantes | 6,21 | 17,57 | 40,06 | 35,62 | 0,54 |

*Figura 1*: Comparación dos usos lingüísticos en Compostela e o resto de Galicia na poboación de 15 a 54 anos (Fonte: MSG-04)

### *3.2. A mostra*

A escolla das rúas e prazas para a recollida de datos fíxose procurando que resultase representativa da cidade, e tamén que dese conta da variación posible entre as súas diferentes zonas. Neste sentido, a mostra comprende datos das zonas vella e nova da cidade. A primeira representa o espazo máis turístico (e punto de encontro de peregrinacións) e de máis pequeno comercio, mentres a segunda é a zona máis comercial, cunha alta presenza de grandes cadeas téxtiles. Recollemos datos da zona vella: a praza do Obradoiro, a rúa do Franco (aprox. 400m), a rúa do Vilar (260m) e o tramo rúa das Orfas - rúa da Caldeirería - rúa do Preguntoiro (500 m); e da zona nova: a Praza Roxa, a Praza de Galicia e a rúa da República de El Salvador (550 m)[3].

### *3.3. Marco lexislativo*

O Estatuto de Autonomía no seu artigo 5, establece que a lingua propia de Galicia é o galego, confire aos poderes públicos galegos a responsabilidade de garantiren "o uso normal e oficial dos dous idiomas" oficiais, e regula a súa competencia exclusiva na promoción do galego. O papel dos poderes públicos na defensa dos dous idiomas confírmao A Lei de Normalización Lingüística, que tamén establece que estas responsabilidades non só lle corresponden á Administración autonómica, senón tamén aos concellos (art. 4.1). Tamén marcará, aínda que dunha forma progresiva e en moitos casos moi lentamente, a PL galega ao establecer, no seu artigo 10.1, que a única forma oficial dos topónimos é a galega. O que non fai esta lei, á diferenza da lei catalá de política lingüística, por exemplo, é regular deberes para o comercio privado, senón que se centra exclusivamente nas diferentes administracións públicas. No 2004 aprobouse no Parlamento galego o Plan Xeral de Normalización, co obxectivo, entre outros, de conseguir para a lingua galega máis funcións e máis espazos de uso e introducir na sociedade a oferta positiva de atender a cidadanía ou a clientela en galego.

3 Distancias obtidas a través de Google Maps

A nivel municipal, a ordenanza xeral que regula o uso do galego na administración municipal establece que os rótulos e sinalizacións dos edificios e servizos públicos e da rede viaria serán redactadas en galego. O concello tamén ten un Plan Xeral de Normalización Lingüística que vai máis alá de regular os usos do concello, pois ten como obxectivos a normalización no conxunto da sociedade compostelá e implicar no proceso de normalización lingüística as entidades públicas e privadas. Fíxase, entre outros obxectivos, potenciar unha maior presenza do galego na imaxe corporativa das empresas e é dentro deste marco que o concello ten programadas actividades de dinamización, moitas veces coa colaboración de entidades externas ao concello, como a distribución nos establecementos de soportes publicitarios en galego.

## *4. Metodoloxía*

A recollida do material fotográfico levouse a cabo nos meses de xaneiro e febreiro de 2012 e deu un total de 2.288 textos. Destes, o 59% corresponden á zona vella e o 41% á zona nova. Na zona vella, á Praza do Obradoiro pertencían uns 51 textos (o 2,23% do total), á Rúa do Franco o 16,26%, á Rúa do Vilar o 16,35% e ao tramo Orfas-Caldeirería-Preguntoiro o 24,26%. No que se refire á zona nova, a distribución dos sinais comprendidos no noso corpus foi a seguinte: na Praza Roxa o 6,64% do corpus total; na Rúa República de El Salvador o 25,74% e na Praza de Galicia o 8,52%. A inmensa maioría dos sinais incluídos no estudo eran de autoría privada (o 87,3%), sendo tan só o 10,3% de autoría institucional. Ademais, o 2,5% foron clasificados como de tipo mixto.

| | | Número de sinais | | |
|---|---|---|---|---|
| | Rúa ou praza | Privados (%) | Institucionais (%) | Número total |
| Zona nova | Pr. de Galicia | 162 (83%) | 33 (17%) | 195 |
| | Républica de El Salvador | 532 (90%) | 57 (10%) | 589 |
| | Pr. Roxa | 149 (98%) | 3 (2%) | 152 |
| | TOTAL | 843 (90%) | 93 (10%) | 936 |
| Zona vella | Obradoiro | 8 (16%) | 43 (84%) | 51 |
| | O Franco | 337 (91%) | 35 (9%) | 372 |
| | Vilar | 314 (84%) | 60 (16%) | 374 |
| | Orfas-Caldeirería-Preguntoiro | 495 (89%) | 60 (11%) | 555 |
| | TOTAL | 1154 (85%) | 198 (15%) | 1352 |
| | TOTAL GLOBAL | 1997 (87%) | 291 (13%) | 2288 |

*Figura 2*: Distribución da mostra por lugar e autoría

Escribía Gorter en 2006 que a metodoloxía para a investigación da PL "still has to be developed further" (Gorter 2006a: 2) e a día de hoxe os diferentes investigadores non converxeron aínda nunha metodoloxía común. Ante a falta dun consenso que facilite a comparación entre estudos, concordamos con Edelman en que o importante é sermos explícitos en canto a estas decisións metodolóxicas (2009: 153).

Seguimos a definición de Backhaus (2007) do sinal como "calquera texto escrito no espazo público que teña un marco espacial definible", fronte a outras perspectivas como Cenoz e Gorter (2006), quen consideraron todos os textos visibles nun mesmo local como un só texto. Este método sería inadecuado para os nosos obxectivos ao redundar na simplificación dun conxunto de textos cunha pluralidade de autorías e unha alta tendencia ao multilingüismo nunha soa unidade. Excluímos tamén, como xa vén sendo habitual en traballos deste tipo, os textos non fixos (publicidade nos taxis e autobuses, roupa de transeúntes, etc.). A diferenza doutro estudo da PL galega de López Docampo (2011b), non excluímos os textos ilexibles a máis de metro e medio de distancia, pois quixemos dar conta tamén dos usos dos

cidadáns cando colocan na PL anuncios pequenos (do tipo "ofrécese", "búscase" etc.), que xeralmente son textos cun tamaño de letra pequeno.

Dividiremos o corpus en textos "institucionais" e "privados", e de autoría "mixta" (privados pero con achega institucional clara como o patrocinio e logotipo dalgunha institución pública). Dentro destas categorías, tamén se gravará o tipo de institución ou sector privado en cada caso.

Posto que moitas palabras teñen formas coincidentes en moitas linguas do noso contorno, e particularmente entre o galego e o español, tamén foi necesaria a clasificación dun bo número de textos como "ambiguos". Tamén convén ter en conta que a ambigüidade ás veces é unha escolla deliberada en contextos bilingües (véxase Baxter, 2011).

Aínda que a maior parte da presenza dos nomes propios na PL non obedece a eleccións lingüísticas (topónimos, apelidos etc.) non se desbotan do corpus porque teñen un impacto notable sobre a PL experimentada. En canto ao problema suscitado pola identificación das linguas concretas ás que pertencen, seguimos os mesmos criterios de clasificación que López Docampo (2011b: 12) en Pontevedra: primeiro atendendo a criterios lingüísticos, e despois a criterios étnicos ou antropolóxicos. Se tras aplicar esta sistematización non é posible resolver a súa clasificación, márcase como ambiguo.

No caso dos sinais con presenza de máis dunha lingua, clasificámolos segundo o tipo de disposición da información e pola lingua predominante. Para iso, pártese da clasificación proposta por Reh (2004), para distinguirmos tres grupos: 1) as traducións "duplicadas" onde as diferentes linguas presentan a mesma información 2) as "complementarias" onde as dúas linguas presentan información diferente e 3) as traducións onde unha parte da información —pero non toda— está presente nas diferentes linguas (que chamamos "fragmentadas").



*Imaxe 1*: De esquerda a dereita unha disposición duplicada, complementaria e fragmentada

Para determinar a relativa prominencia das linguas presentes na PL, démoslles prioridade ás características gráficas, como o tamaño da letra ou cores que fan que unha lingua destaque sobre a(s) outra(s), seguindo a Huebner (2006) e despois á *place semiotics* de Scollon e Scollon (2003). Segundo este último criterio será a lingua predominante (na nosa cultura) a que aparece arriba e/ou á esquerda.

## *5. Análise dos datos*

No caso dos sinais monolingües, a lingua maioritaria, con máis presenza que todas as demais linguas xuntas, é o español (Figura 3), mentres que o galego é escollido nun número que non chega

á metade da cifra do español. O alto número de textos clasificados como ambiguos atribúese ás similitudes entre linguas e a natureza da PL (textos moi curtos), pero nun contexto de tal predominio do español tamén podemos afirmar que estes textos ambiguos serán percibidos, na súa maioría, como español. Este efecto non fai senón amplificarse cando recordamos que a metodoloxía escollida e descrita no apartado 4 nos levou a clasificar como galego moitos nomes propios con presenza na PL como Obradoiro (criterio lingüístico) ou mesmo Adolfo Domínguez (criterio étnico/antropolóxico) cuxa clasificación como galego pasaría moitas veces desapercibida (e nalgúns casos mesmo resulta discutible), de modo que estes resultados deben entenderse como xenerosos coa presenza do galego. A terceira lingua con máis presenza é o inglés, aínda que non acada o 3%,  e despois relaciónase unha serie de linguas cunha presenza anecdótica.




*Figura 3*: Distribución das linguas en sinais monolingües

Ao comparar estes resultados cos dos outros dous estudos realizados sobre a PL galega, vemos que a tendencia global é a mesma (predominio importante do español sobre o galego e relativamente pouca presenza doutras linguas). Porén, o grao de predominio do español era incluso maior noutros estudos, que atoparon, nas

cidades de Pontevedra e da Coruña, unha ratio do 80% sobre o 20% aproximadamente a favor do español (Docampo, 2011b; Dunlevy, 2012). Pola contra, os nosos resultados contrastan cos obtidos por Dunlevy en Cee, quen atopou máis sinais en galego ca en español. Aínda séndomos conscientes da dificultade das comparacións entre estudos da PL (polas diferenzas metodolóxicas), polo que sabemos destes dous estudos non parecería demasiado atrevido concluír que a PL compostelá é algo menos desfavorable para o galego ca as pontevedresa e coruñesa, aínda que moito menos favorable ca a de Cee.

No caso dos sinais plurilingües, observamos que o español segue a ser a lingua con máis presenza, pero cunha menor diferenza, fronte ao galego e ao inglés. As diferenzas aquí son menores porque en ningún destes sinais estas lingua aparecen soas, senón que sempre están acompañadas dalgunha outra.




*Figura 4*: Presenza das linguas en sinais plurilingües

Centrándonos exclusivamente naqueles textos bilingües español-galego, seguindo os criterios establecidos no apartado 4 constatamos un predominio do español do 80%, semellante ao encontrado en Pontevedra (López Docampo 2011b: 27) e que reforza os datos negativos xa descritos en canto á vitalidade do galego.




*Figura 5*: Relacións de predominio entre o galego e o castelán en sinais bilingües

### *5.1. As paisaxes lingüísticas institucional e privada*

Sinalaban Landry e Bourhis (1997: 27) que "in some cases, the language profile of private signs and government signs may be quite similar and thus contribute to a consistent and coherent linguistic landscape. There are instances, however, in which the language of private signs is quite discordant with the language profile of government signs". Os nosos resultados son claramente do segundo tipo, posto que revelan tendencias diverxentes dependendo de se a autoría do texto é institucional ou privada. Nos sinais monolingües privados medra o dominio do español comparado co observado no conxunto dos sinais monolingües, pois acada case o 60% e o galego queda nun 17% (fronte ao 51% e 24%, respectivamente para todos os monolingües). A dimensión desta diferenza é interesante dado que non corresponde cos datos fornecidos polo *Mapa Sociolingüístico de Galicia*, comentados no apartado 4.1, que indicaban que un 42% dos composteláns entre os 15 e 54 anos usan só ou principalmente o galego. O número de sinais en inglés é o mesmo que nas cifras globais, e a porcentaxe medra unhas décimas porque non aparece ningunha lingua estranxeira nos textos institucionais ou mixtos.

Nos textos institucionais o predominio é o inverso: a maioría (73%) están en galego e o 12% en español (cun 15% que non se puido atribuír de forma inequívoca a algunha destas linguas). Este

contraste non é sorprendente cando consideramos o imperativo legal que obriga as institucións a fomentaren o uso do galego (apartado 3.3). Os textos mixtos, que contan cunha presenza moito menor na nosa mostra, revelan unha tendencia máis parecida aos textos institucionais ca aos privados (con incluso máis predominio do galego, que acada o 87%). As demais linguas están totalmente ausentes da PL institucional.

| | Sinais privados | Sinais institucionais |
|---|---|---|
| Español | 57% | 12% |
| Galego | 17% | 73% |
| Inglés | 3% | - |
| Outras | 2% | - |
| Ambiguo | 21% | 15% |

*Figura 6*: Distribución dos sinais monolingües privados e institucionais

No que se refire á actividade do comercio privado, existen algúns sectores cunha presenza do galego nula: aluguer/venda de vehículos, antigüidades, grupos de música, beleza, anuncios de cerralleiros/electricistas/fontaneiros, clases particulares, compra de ouro, construtores/promotores, estancos, medios de comunicación, organización de eventos, supermercados e grandes superficies, papelería/reprografía e perfumerías. Destes grupos destacamos o sector da beleza, que no estudo de López Docampo (2011b) da PL de Pontevedra tamén figuraba como o sector con máis predominio do español fronte ao galego, e perfumerías, estancos e medios de comunicación, que se asemellan aos sectores denominados perfumerías, prensa e produtos audiovisuais no estudo de Gasull e Ponsa (2003) en Barcelona, e que tamén destacaron como sectores con ausencia do catalán. Os sectores privados atípicos (por mostraren a tendencia oposta á xeral) son os anuncios de concertos e teatro, xoguetes, alimentación, asociacións e ONG, librerías/prensa, mensaxes políticas e seguridade. Estes resultados recordan a notable presenza sinalada por Gasull e Ponsa (2003) do catalán nos sectores de "cooperación" (equivalente á nosa categoría "ONG") e alimentación. As mensaxes

políticas da nosa mostra eran sobre todo textos non oficiais (graffiti, adhesivos e carteis de movementos cidadáns), e o uso do galego nestes casos podería entenderse en moitos casos como o que Spolsky denomina un "symbolic assertion of the public space" (Spolsky, 2009: 34).

Seguimos a Landry e Bourhis, ao distinguir entre as funcións informativa e connotativa das linguas na PL e observamos que, alén dos nomes propios e das marcas comerciais, a inmensa maioría dos usos de linguas estranxeiras[4] pódense achacar a cuestións connotativas de valores que se asocian coas linguas, sen importar que o contido da mensaxe sexa entendido ou non. Os sectores cunha presenza máis importante doutras linguas son o das bebidas, chocolatería/tendas de lambonadas, e servizos financeiros. Nestes últimos sectores o uso de linguas estranxeiras (case sempre o inglés) acada o 20%, e neste sentido concluímos que o inglés e outras linguas europeas poden ter connotacións de internacionalismo, e de modernidade, xuventude ou sofisticación.

*Imaxe 2*: Uso da función connotativa do inglés en textos monolingües

Á diferenza doutros estudos sobre a PL en España e no mundo hispano-falante (Castillo e Saez 2011; Yanguas 2009; Franco-Rodriguez 2008), atopamos moi pouca incidencia da inmigración (coa excepción anecdótica duns sinais monolingües en chinés que tiñan unha función claramente informativa). Esta situación non é

4 Estas inclúen todas que non sexan o galego nin o español, incluída unha categoría que denominamos "pseudo inglés" coa intención de dar conta do emprego de características típicas do inglés ("xenitivo saxón", palabras rematadas en –ing, etc.) pero sen chegar a ser inglés.

sorprendente cando comparamos a relativamente baixa presenza de inmigrantes no padrón municipal (apartado 3.1).

No que se refire á PL institucional, as institucións que non seguen o padrón xeral para este tipo de sinal, e que teñen unha presenza importante do español, son as relixiosas e estatais (Correos, Goberno de España, etc.) fronte ás municipais e autonómicas. No caso das institucións relixiosas e as sociedades estatais e entidades públicas, o español chega incluso a predominar sobre o galego. Aínda que a Igrexa non é unha institución puramente galega, é significativo que, nos textos relacionados coa catedral da capital de Galicia, adoite preferirse o español en detrimento do galego.

Outro resultado interesante neste sentido é o caso das asociacións. O 96% dos textos así clasificados corresponden a asociacións de empresarios (Compostela Monumental, Asociación de Empresarios de Hostelería, Agrupación de Comerciantes de Santiago, etc.). A pesar de seren organismos privados (clasificados como tal para esta análise), diferéncianse doutros establecementos privados por teren unha natureza a medio camiño entre estes e as institucións públicas. No caso das asociacións, observamos que a presenza do galego se incrementa respecto á media xeral para o comercio privado (31% fronte ao 17%) e se se exclúe este sector da análise dos textos monolingües privados, a presenza do galego redúcese ao 15%. Esta situación pode ter diversas causas, como as condicións das subvencións recibidas por estes organismos, pero tamén apuntan a unha sorte de diglosia invertida, onde o galego se percibe como lingua máis apta para as comunicacións "en asociación" a diferenza de cando o empresario rotula o propio negocio. Estariamos ante a que Miquel Siguan denominou "diglosia cruzada" (2001: 34), unha situación "en la que, desde determinadas perspectivas, una de las lenguas es la más prestigiosa, mientras que desde otras perspectivas la más prestigiosa es la otra".

### *5.2. A Paisaxe Lingüística das zonas nova e vella*

Do mesmo xeito que existe un contraste marcado entre os textos privados e institucionais, as diferentes zonas estudadas tamén

amosan PL diverxentes. A presenza de sinais monolingües privados en galego é case o dobre (en termos porcentuais) na zona vella ca na zona nova, mentres a presenza de sinais monolingües en español baixa. Dada a composición da mostra, onde os textos da zona nova constitúen tan só o 41%, podemos concluír que se a mostra estivese máis equilibrada entre as dúas zonas, os resultados globais serían aínda menos favorables para o galego.

| | Zona vella | Zona nova |
|---|---|---|
| Español | 49% | 66% |
| Galego | 21% | 12% |
| Outras | 5% | 5% |
| Ambiguo | 25% | 17% |

*Figura 7*: Distribución das linguas nos sinais monolingües privados das zonas nova e vella

Esta diverxencia explícaa, en parte, a máis alta concentración na zona vella de institucións e sectores propicios á presenza do galego, pero este factor non explica toda a variación. No mesmo sector comercial da roupa, por exemplo, o 20% dos textos monolingües na zona vella están en galego, mentres na zona nova estes non pasan do 8%. Mentres as grandes cadeas adoitan colocar materiais distribuídos de forma centralizada e non reflicten o feito de estaren localizadas en Galicia, no material de elaboración propia do pequeno comercio é menos infrecuente o uso do galego (Imaxe 3).

*Imaxe 3*: Carteis de elaboración propia na zona vella fronte a material distribuído por todo o Estado nunha cadea da zona nova

Tamén influe nesta situación un máis alto uso na zona vella do galego pola súa función connotativa. Son frecuentes, especialmente no sector da restauración, nomes de locais en galego con connotacións do autóctono e enxebre, e de produtos locais de calidade, aínda que este uso do galego non se estenda ao resto da comunicación exterior (Imaxe 4).

*Imaxe 4*: Uso do galego polo seu valor connotativo en nomes de bares e restaurantes, aínda que outras mensaxes vaian en español

Cómpre recordar aquí que a zona vella representa a Compostela como centro turístico e de peregrinación (apartado 3.1). En canto ás linguas estranxeiras, as diverxencias entre a Compostela turística e a máis comercial non consisten tanto na frecuencia de uso destas linguas, que se encontran no mesmo 5% nas dúas zonas, senón na función deste uso (observamos aquí que o uso na zona vella de linguas estranxeiras responde a unha función informativa, destinado a turistas estranxeiros, mentres que o uso na zona nova de linguas estranxeiras vén dado polo seu valor connotativo) e na disposición da información nos textos plurilingües.

A introdución de linguas estranxeiras na zona nova dáse case exclusivamente (nun 92%) en forma de tradución complementaria (apartado 4), mentres que na zona turística sobe ao 23% a presenza das traducións duplicadas e as fragmentadas; a tendencia invértese por completo no Obradoiro (espazo turístico por excelencia), onde predominan as duplicadas e fragmentadas sobre as complementarias (Figura 8).

| | Franco | Obradoiro | Orfas-Caldeirería-Preguntoiro | Vilar | Zona vella | Praza Galicia | República de El Salvador | Praza Roxa | Zona nova |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Duplicada | 2,00 | 15,38 | 3,29 | 7,48 | 4,27 | 2,13 | 0,66 | 5,41 | 1,69 |
| Comple-mentaria | 77,33 | 23,08 | 88,82 | 66,36 | 77,01 | 93,62 | 94,08 | 78,38 | 91,53 |
| Fragmentada | 20,67 | 61,54 | 7,89 | 26,17 | 18,72 | 4,26 | 5,26 | 16,22 | 6,78 |
| | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 |

*Figura 8*: Distribución por rúa e zona dos diferentes tipos de disposición da información plurilingüe (porcentaxes)

Deste modo o uso das diferentes linguas e a súa disposición permiten indexar o espazo público como máis comercial ou máis turístico.

*Imaxe 5*: Uso de traducións duplicadas na zona vella

### *5.3. Análise do galego escrito*

| Tipo de galego | Número de textos | Porcentaxe |
|---|---|---|
| Normativo | 460 | 58 |
| Normativo pero con erros ou interferencias | 39 | 5 |
| Reintegracionista | 12 | 1 |
| Insuficiente texto para o determinar | 287 | 36 |

*Figura 9*: Tipo de galego en sinais con presenza desta lingua

Na *Figura 9* obsérvase que a opción reintegracionista é moi minoritaria, sendo máis frecuentes os intentos de escribir seguindo a norma oficial, pero cometendo algún erro, sobre todo en forma de castelanismos (imaxe 6).







Cabe destacar que o galego de corrente reintegracionista está totalmente ausente da PL institucional, limitándose a determinados sectores dos textos privados (mensaxes políticas e asociacións). Na Imaxe 7 móstranse dous exemplos.



*Imaxe 7*: Galego reintegracionista na PL de Compostela

*6. Conclusión*

Este estudo da PL compostelá revela a presenza de Paisaxes Lingüísticas, en plural, que pouco teñen que ver entre si. Ao igual ca en moitos estudos da PL, atopamos diferenzas importantes dependendo de se a autoría do texto é institucional ou privada, e segundo as zonas da cidade.

En todo caso, as cifras son pouco alentadoras para o galego e demostran que neste ámbito en concreto o galego segue a ser unha lingua minorizada (soamente o 17% dos textos monolingües comerciais están escritos nese idioma), en contacto con outra lingua, relativamente moi forte. Baseándonos nos datos do MSG-04, podemos concluír, ademais, que os datos obtidos mostran que a PL non reflicte os usos declarados dos compostelans noutros ámbitos, e que, en consecuencia, este é un ámbito especialmente dominado polo español.

Esta situación ten implicacións moi importantes en canto á vitalidade actual da lingua galega, e polo tanto pode anticipar o seu futuro. A relación significativa atopada por Landry e Bourhis entre a PL experimentada e os subsecuentes usos lingüísticos demostra que este é un ámbito que debería ser tido moi en conta polos planificadores lingüísticos.

O obxectivo do noso estudo era achegar datos para unha descrición da situación real e non pretende ofrecer unha serie de medidas concretas para solucionar este problema. Non obstante, algúns dos datos que se achegan apuntan a algunhas consideracións que poden ser relevantes se queremos normalizar este ámbito. Unha das tendencias máis significativas é a diferenza entre os sinais institucionais e os privados. A alta presenza do galego na PL institucional explícase, en gran medida, polo imperativo legal que ten a Administración en canto ao uso e promoción da lingua propia. Neste contexto, a cidadanía tende a ser esixente coa Administración e crítica cando algunha institución galega non cumpre con este deber ao empregar o español na súa comunicación coa sociedade galega, ou cando emprega un galego cheo de interferencias e erros. Así e todo, o que revela este estudo é que, mentres os usos das institucións

tamén son mellorables, o problema non radica nelas, senón nos usos da cidadanía e as empresas privadas, e parece ser alí onde se terían que centrar os esforzos para normalizar a presenza do galego neste ámbito.

Entre as medidas que se poderían tomar está o reforzo da lexislación no referente ao uso do galego na rotulación tal e como acontece en Cataluña, o cal obrigaría as grandes empresas a mostrar a mesma consideración co galego que teñen con algunhas outras linguas do Estado. De acordo con Landry e Bourhis (1997), sería de esperar que unha medida así teña efectos positivos para a visibilidade e prestixio da lingua, ao tempo que animaría a cidadanía a facer un maior uso do galego neste e noutros ámbitos da vida cotiá.

Se non se adoptan medidas neste sentido, que parecen moi improbables a curto prazo, parécenos que o papel do consumidor é clave. Grin (1994) afirma que os estados de indiferenza por parte da cidadanía proporcionan as condicións favorables para que unha PL monolingüe impere, mentres que unha resistencia forte á hexemonía da lingua dominante por parte de grupos minoritarios pode facer que as empresas se decaten da rendiblidade económica potencial de cambiar as súas prácticas lingüísticas e pasar a incluír unha lingua como o galego nos seus escaparates. Para remediar esta situación, cumpriría que os cidadáns nos comportásemos de xeito coherente coas actitudes que expresamos (cf. Ramallo e Doval, 1997), empregando a lingua propia nas nosas achegas á PL, e esixíndolles ás empresas que fagan o mesmo. Só así romperá a inercia que mantén, como demostra este estudo, a presenza do galego na PL moi por debaixo dos usos diarios noutros ámbitos.

Backhaus, Peter (2006): "Multilingualism in Tokyo: A look into the linguistic landscape", en: Durk Gorter (ed): *Linguistic landscape. A new approach to multilingualism*. Clevedon, Buffalo, Toronto: Multilingual Matters, 52-66.

Backhaus, Peter (2007): *Linguistic landscapes: A comparative study of urban multilingualism in Tokyo*. Clevedon, Buffalo, Toronto: Multilingual Matters.

Baxter, Robert Neal (2011): *Es la leche: O bilinguismo que aí vén*. <http://www.terraetempo.com/artigo.php?artigo=1351&seccion=5>

Ben-Rafael, Eliezer *et al.* (2006): "Linguistic landscape as symbolic construction of the public space: The case of Israel", en: Durk Gorter (ed): *Linguistic landscape. A new approach to multilingualism*. Clevedon, Buffalo, Toronto: Multilingual Matters, 7-30.

Ben-Rafael, Eliezer (2009): "A sociological approach to the study of linguistic landscapes", en: Elana Shohamy and Durk Gorter (eds.): *Linguistic landscape. Expanding the scenery*. London: Routledge. 40-54.

Blackwood, Robert J. (2011): "The linguistic landscape of Brittany and Corsica: a comparative study of the presence of France's regional languages in the public space", *French Language Studies* 21, 111-130.

Bruyl-Olmedo, Antonio e Maria Juan-Garau (2009): "English as a lingua franca in the linguistic landscape of the multilingual resort of S'Arenal in Mallorca". *International Journal of Multilingualism*, 6:4, 386 - 411.

Calvet, Louis-Jean (1990). "Des mots sur des murs. Une comparaison entre Paris et Dakar", en: R. Chaudenson (ed.) *Des langues et des viles (Actes du colloque international a Dakar, du 15 au 17 decembre 1990)*, Paris: Agence de cooperation culturelle et technique, 73-83.

Castillo Lluch, Mónica e Daniel Martínez Sáez (2011): "Introducción al paisaje lingüístico de Madrid", *Lengua y migración* 3:1, 73 - 88.

Cenoz, Jason e Durk Gorter (2006): "Linguistic landscape and minority languages", en Durk Gorter (ed.): *Linguistic Landscape. A new approach to multilingualism*. Clevedon, Buffalo, Toronto: Multilingual Matters, 67-80.

Cenoz, Jason e Durk Gorter (2009): "Language economy and linguistic landscape" en: Elana Shohamy and Durk Gorter (eds.): *Linguistic landscape. Expanding the scenery*. London: Routledge 55-69.

Coulmas, Florian (2009): "Linguistic landscaping and the seed of the public sphere", en: Elana Shohamy and Durk Gorter (eds.): *Linguistic landscape. Expanding the scenery*. London: Routledge, 13-24.

Coupland, Nicholas (2012): "Bilingualism on display: The framing of Welsh and English in Welsh public spaces". *Language in Society* 41, 1-27.

Crystal, David (2000): *Language death*. Cambridge: Cambridge University Press.

Dunlevy, Deirdre Adrienne (2009): *A sign of the times: language contact in the Galician linguistic landscape*. Traballo de Fin de Máster. Trinity College Dublin.

Dunlevy, Deirdre A. (2012): "Linguistic policy and linguistic choice: a study ot the Galician linguistic landscape", in Chirtine Hélot / Monica Barni / Rudi Janssens / Carla Bagna (eds.): *Linguistic landscapes, multilingualism and social change*. Frankfurt am Main: Peter Lang, 53-68.

Edelman, Loulou (2009): "What's in a name? Classification of proper names by language", en E. Shomamy and D. Gorter (eds): *Linguistic landscape: Expanding the scenery*. London: Routledge, 141-154.

Ferguson, Charles (1959): "Diglossia", *Word* 15, 325–340.

Franco Rodríguez, José Manuel (2007): "El español en el Condado de Miami-Dade desde su paisaje lingüístico", *Linred* 5. <http://www.linred.es-numero5_articulo_3.html>

Gasull i Roig, Bernat e Gemma Ponsa i Vilamajor (2003): *La llengua en la publicitat al carrer de Barcelona a través dels opis*. Barcelona: Plataforma per la Llengua.

Goffman, Erving (1963): *Behavior in public places: notes on the social organization of gatherings*. Nova York: Free Press.

Goffman, Erving (1981): *Forms of talk*. Philadelphia: University of Pennsylvania Press.

Google Maps: <http://maps.google.es/maps?hl=es&tab=wl>

Gorter, Durk (2006): *Linguistic landscape. A new approach to multilingualism*. Clevedon, Buffalo, Toronto: Multilingual Matters.

Grin, François. (1994): "The bilingual advertising decision", *Journal of Multilingual and Multicultural Development* 15 (2-3): 269-292.

Habermas, Jürgen (1989): *The Structural transformation of the public sphere: an inquiry into a category of bourgeois society*. Cambridge: Polity Press.

Huebner, Thom (2006): "Bangkok's Linguistic landscapes: Environmental print, codemixing and language change", in Durk Gorter (ed): L*inguistic landscape. A new approach to multilingualism*. Clevedon, Buffalo, Toronto: Multilingual Matters, 31-51.

Huebner, Thom (2009): "A framework for the linguistic analysis of linguistic landscapes", en Shohamy / Gorter (eds.), 70-87.

Iglesias Alvarez, Ana (2003): *Falar galego : "no veo por qué" : aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galicia*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Instituto Nacional de Estatística (INE): *Encuesta de ocupación hotelera* <http://www.ine.es/jaxi/menu.do?type=pcaxis&path=/t11/e162eoh/a2011&file=pcaxis>

Instituto Nacional de Estatística (INE): *Padrón municipal* <http://www.ine.es/jaxi/menu.do?type=pcaxis&path=%2Ft20%2Fe260&file=inebase&L=0>

Lado, Beatriz (2011): "Linguistic landscape as a reflection of the linguistic and ideological conflict in the Valencian Community", *International Journal of Multilinguism* 8, 2, 135-150.

Landry, Rodrigue e Richard Y. Bourhis (1997): "Linguistic landscape and ethnolinguistic vitality: an empirical study", *Journal of Language and Social Psychology* 16, 23-49.

Leeman, Jennifer / Grabrilla Modan (2009): "Commodified language in Chinatown: a contextualized approach to linguistic landscape". *Journal of Sociolinguistics* 13, 3, 332-362.

Leprêtre Alemany, Marc e Joan M. Romaní Olivé (2000): "L'ús de les llengües a la publicitat exterior a Barcelona i a sis altres ciutats l'any 1999", *Llengua i ús: revista tècnia de política lingüística* 17, 55-59.

López Docampo, Miguel (2011a): *A paisaxe lingüística de Pontevedra: unha análise do espazo público*. Traballo de Fin de Máster. Univ. de Vigo.

López Docampo, Miguel (2011b): "A Paisaxe Lingüística: unha análise dun espazo público galego", *Cadernos de Lingua* 33, 5-35.

Moreno Fernández, Francisco (2005): *Principios de sociolingüística y sociología del lenguaje*. Barcelona, Editorial Ariel.

MSG-92 = Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega (1995): *Mapa sociolingüístico de Galicia*. Vol. II: *Usos lingüísticos en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.

MSG-04 = González González, M. (dir.) et alii (2008): *Mapa sociolingüístico de Galicia 2004*. Vol. II: *Usos lingüísticos en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.

Oficina do peregrino: http://www.peregrinossantiago.es/esp/wp-content/uploads/informes/peregrinaciones2011.pdf

Papen, Uta (2012): "Commercial discourses, gentrification and citizens' protest: the linguistic landscape of Prenzlauer Berg, Berlin". *Journal of Sociolinguistics* 16, 1, 56-80.

Pietikäinen S. / P. Lane / H Salo / S. Laihiala-Kankainen (2011): "Frozen actions in the Arctic linguistic landscape: A nexus analysis of language processes in visual space" *International Journal of Multilingualism*, 8, 4, 277-298.

Ramallo, Fernando e Gabriel Rei Doval (1997): *Vender en galego. Comunicación, empresa e lingua en Galicia*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Reh, Mechthild (2004): "Multilingual writing: a reader-orientated typology - with examples from Lira Municipality (Uganda)", *International Journal of the Sociology of Language* 170, 1-41.

Rodríguez, Francisco (1976): *Conflicto lingüístico e ideoloxía en Galicia*. Monforte: Xistral.

Rojo, Guillermo (1981): "Conductas y actitudes lingüísticas en Galicia", *Revista Española de Lingüística* 11, 2, 269-310.

Scollon, Ron e Suzie Wong Scollon (2003): *Discourses in place: Language in the material world*. London: Routledge.

Siguan, Miquel (2001): *Bilingüismo y lenguas en contacto*. Madrid: Alianza.

Solé, Joan (1998): *La llengua de publicitat exterior a Barcelona l'any 1997*. Barcelona: Generalitat de Catalunya, Direcció General de Política Lingüística.

Spolsky, Bernard (2009): "Prolegomena to a sociolinguistic theory of public signage", en: Elana Shohamy e Durk Gorter (eds.): *Linguistic Landscape. Expanding the Scenery*. London: Routledge, 25-39.

Spolsky, Bernard. e Robert Cooper (1991): *The languages of Jerusalem*. Oxford: Clarendon Press.

Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Calidade: *Datos e informes – USC*. <http://www.usc.es/gl/servizos/calidade/informesdatos/uscifras.html >

Tulp, S. M. (1978): "Reklame en tweetaligheid: Een onderzoek naar de geografische verspreiding van franstalige en nederlandstalige affiches in Brussel", *Taal en sociale integratie* 1, 261–288.

Yanguas, Íñigo (2009): "The linguistic landscape of two hispanic neighborhoods in Washington D.C.", *Revista Electrónica de Lingüística Aplicada* 8, 30-44.

# O USO LINGÜÍSTICO NO ÁMBITO COMERCIAL REFLECTIDO NA PAISAXE LINGÜÍSTICA NO CENTRO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

TAKESHI KAKIHARA
Universidade Nanzan

## RESUMO

Segundo as estatísticas, o coñecemento do galego está moi estendido malia que se reduciu bastante a porcentaxe das persoas que o usan habitualmente. Como o sector comercial é moi importante para manter e promover o uso do galego, neste traballo presentamos unha pescuda sobre a paisaxe lingüística das rúas nas zonas comerciais de Santiago de Compostela. Segundo os datos obtidos revelouse un uso escaso do galego no sector comercial, malia que existen determinados locais nos que se usa o galego máis que noutros. Analizando a razón pola que se usa máis o galego nestes casos, preténdense atopar pistas para revitalizar o uso desta lingua.

## PALABRAS CHAVE

Paisaxe lingüística, ámbito comercial, normalización lingüística, lingua galega.

## ABSTRACT

According to the statistics, the knowledge of the Galician language is widely extended among the people of Galicia, although the percentage of people who use it regularly in their daily lives has

declined. Promoting the use of Galician language in the commercial sector is a key factor for the future of this language. This is the reason why an investigation of the Linguistic Landscape of the commercial streets of Santiago de Compostela has been conducted. The data obtained from this study shows that the usage of Galician language is scarce in this sector, even though there are places in which this language is used more than in others. Through analyzing the reasons for the aforementioned fact, we may find some advice on how to revitalize Galician language.

**KEY WORDS**

Linguistic Landscape, Commercial Sector, Linguistic Normalization, Galician Language

## *1. Introdución*

Dende a promulgación da Lei de Normalización Lingüística en 1983, tomáronse varias medidas para recuperar o uso do galego e normalizar a situación lingüística de Galicia. O lema principal da política de normalización lingüística de Galicia é acadar a situación de bilingüismo "harmónico" ou "equilibrado".

Como resultado de varias medidas tomadas como parte da política de Normalización Lingüística que se realizou durante case tres décadas, o uso do galego foi recuperado en moitas áreas, e o coñecemento deste idioma estendeuse a grande escala. Coa promulgación de varias leis e regulamentos, ampliouse institucionalmente a área de uso do galego. Porén, o uso habitual deste idioma non se expandiu todo o que era necesario, polo que se pode dicir que a política de Normalización Lingüística do galego non deu os froitos esperados. Neste artigo queremos analizar a paisaxe lingüística de Santiago de Compostela e tirar algunhas conclusións sobre o uso das linguas na sociedade urbana galega e sobre a política lingüística.

### *1.1. O uso das linguas no ámbito comercial*

As actividades comerciais realízanse basicamente para obter beneficios económicos e o que se considera esencial é a idea de perseguir o beneficio do xeito máis eficiente. Por iso mesmo, a existencia de barreiras lingüísticas nas actividades comerciais considérase unha desvantaxe. Neste sentido, se por exemplo as persoas implicadas en negocios falan linguas diferentes, procurarán un idioma que poidan compartir para comunicarse, ou ben tomarán algunhas medidas que reduzan as barreiras. En Galicia, esta negociación lingüística acabará na utilización do castelán ou do galego, segundo os casos. Non obstante, para as empresas de ámbito español ou mesmo multinacional tomaren medidas especiais para a zona de fala galega non significa senón o aumento de custos e polo tanto non se considera eficiente. Alén diso, como confirmou o *Mapa Sociolingüístico de Galicia 2004*, a porcentaxe das persoas que empregan habitualmente o galego non é tan alta: segundo o MSG (2004), os que declaran o uso habitual monolingüe do galego ocupan un 16%, e os que usan máis o galego que o castelán ocupan un 22,9% da poboación de 15 a 54 anos (Seminario de sociolingüística 2009: 41). Por outra banda, segundo os datos do Instituto Galego de Estatística, a porcentaxe dos que sempre falan galego é do 29,96% (IGE 2008). Tendo en conta esta realidade, é moi probable que sexan poucos os que se atrevan a exercer actividades comerciais en galego se non hai ningunha presión externa. De continuar esta situación, o castelán erixirase como a única lingua de uso cotián no ámbito comercial.

Para evitar que se chegue a esta situación, é absolutamente imprescindible a adopción de medidas para recuperar e promover o uso do galego no sector comercial. Non obstante, semella que para as autoridades galegas é difícil intervir nas actividades empresariais poñendo restricións sobre a persecución de beneficios. Por iso, lexislacións tales como a Lei 12/1984, do 28 de decembro, coñecida como "Estatuto galego do consumidor e usuario" e o Decreto 185/1994, de 16 de xuño sobre a utilización da lingua galega nos produtos e na información aos consumidores e usuarios en Galicia, non obrigan as empresas a usar galego e déixanlle a autonomía sobre a selección de idiomas utilizados aos mesmos comerciantes.

### *1.2. A paisaxe lingüística como espello da actitude cara ás linguas*

Grazas aos letreiros instalados pola Xunta de Galicia e polos Concellos percibiuse un aumento da presenza do galego nas rúas. Porén, en realidade, dános a impresión de que a gran maioría das sinalizacións instaladas nas tendas, sobre todo das grandes cidades, están escritas en castelán. Isto é o resultado da libre elección lingüística tanto de empresarios coma de cidadáns.

É por iso que semella probable que esta realidade reflicta a actitude real dos galegos cara aos idiomas, e polo tanto este texto concentrarase no uso lingüístico no ámbito comercial como un exemplo específico do uso cotián das linguas. En particular e con esta fin, para levar a cabo a realización deste estudo efectuouse unha investigación da paisaxe lingüística na cidade de Santiago de Compostela, tendo como obxectivo a percepción en profundidade do uso real das linguas en sinais coma rótulos, anuncios e descricións de produtos, en establecementos tales que tendas, bares ou restaurantes de áreas urbanas.

Con isto espérase revelar o uso das linguas en actividades económicas nas que é difícil a intervención do goberno autónomo, e deste xeito chegar a observar a actitude real da xente de Galicia.

## *2. Antecedentes*

Hai varios traballos anteriores relacionados co presente estudo. Entre eles, podemos referirnos a ensaios que se centran en analizar a actitude cara ao uso de linguas no ámbito comercial, de paisaxe lingüística en xeral e de paisaxe lingüística en Galicia. Nas seguintes epígrafes trataremos de facer unha somera revisión dalgúns deles.

### *2.1. Actitude da xente ante o uso das linguas no ámbito comercial en Galicia*

Ramallo e Rei Doval (1997) realizaron unha pescuda sobre o uso das linguas no sector comercial e sobre a actitude dos comerciantes de Galicia. Realizaron enquisas a 1.209 persoas preguntando

opinións sobre o uso das linguas nas tendas, nas etiquetaxes de produtos ou nos anuncios. Algúns resultados que nos interesan son os seguintes: (1) as actitudes da xente cara á utilización do galego son en xeral favorables; (2) no ámbito rural hai máis xente que prefire o uso do galego que no ámbito urbano, xa que neste hai moita xente que prefire empregar as dúas linguas, castelán e galego; (3) no ámbito urbano hai máis xente que tende a empregar outras linguas distintas do galego que no ámbito rural. Agora ben, reflicten estas actitudes a realidade do uso das linguas no ámbito comercial? Como este estudo está baseado en enquisas, non se pode acceder á información pertinente ao uso inconsciente das diversas linguas ou á actitude oculta cara a elas neste ámbito. Así que convén considerar o feito de que cómpre realizar estudos de paisaxe lingüística para poder observar as actitudes reais dos comerciantes así como a realidade do uso das linguas como resultado de diferentes razóns contextuais dunha cidade grande e turística como é Santiago de Compostela.

A seguir revisaremos diversas investigacións referentes á paisaxe lingüística.

### *2.2. Estudos da paisaxe lingüística*

Como sinala Spolsky (2009: 26), os estudos de sinais públicos teñen unha historia longa e datan dos anos setenta do século XX. Porén, o estudo máis emblemático é o de Landry e Bourhis (1997), que empregaron o termo paisaxe lingüística por primeira vez no seu estudo sobre a actitude cara aos sinais públicos dos alumnos de secundaria na zona francófona de Canadá. Definiron a paisaxe lingüística como "a visibilidade e prominencia de linguas en sinais públicos e comerciais nun territorio ou rexión determinada" (Landry e Bourhis 1997: 23).

Ben-Rafael *et al.* (2006), no seu estudo da paisaxe lingüística dunhas comunidades en Israel, introduciron a metodoloxía de cuantificar os sinais. Así mesmo, fixeron unha distinción entre os sinais *top-down*, 'desde arriba', e os sinais *bottom-up*, 'desde abaixo', e realizaron unha pescuda sobre as interrelacións entre as linguas empregadas en textos "desde arriba" e as empregas en textos "desde abaixo".

Backhaus (2007) no seu estudo de sinais plurilingües en Tokyo analizou os datos escollidos clasificándoos segundo os tipos de sinais, –"desde arriba" e "desde abaixo"–, as linguas empregadas, os barrios etc. Mediante este estudo descubriu, entre outras cousas, que as mensaxes dos sinais oficiais bilingües tendían a converxer en canto ao contido das mensaxes en ámbalas dúas linguas, namentres que a metade dos sinais non oficiais contiñan mensaxes diferentes nas diferentes linguas.

### *2.3. Estudos sobre paisaxe lingüística en España e Galicia*

En España existen diversos estudos sobre a paisaxe lingüística. Lado (2011), por exemplo, fixo unha investigación en Valencia; Castillo e Sáez (2011), en Madrid. Cenoz e Gorter (2006), por outra banda, realizaron un estudo comparativo entre a situación da paisaxe lingüística de Donostia-San Sebastián e a de Leeuwarden-Ljouwert, Holanda. Ademais, como resume Wellings (2012: 14), hai varios estudos enfocados sobre todo nas mensaxes publicitarias.

En Galicia tamén hai varios estudos de paisaxe lingüística. O primeiro estudo é de Dunlevy (2009), que compara as paisaxes lingüísticas da Coruña e de Cee. O de López Docampo (2011) é un estudo realizado en rúas de Pontevedra que se enfoca na presenza do galego e doutras linguas tanto en sinais públicos coma en privados. Fai comparacións entre eles e tamén analiza os casos nos que se usan varias linguas, clasifica o uso das linguas segundo os tipos de tradución e indica o uso incorrecto do galego nos sinais. O estudo de Regueira, López Docampo e Wellings (no prelo) baséase nas pescudas levadas a cabo en dúas cidades galegas: Pontevedra e Santiago. É un estudo moi amplo que inclúe as análises das paisaxes lingüísticas de Pontevedra e de Santiago de Compostela. Así mesmo, tamén analiza o uso de linguas distinguindo os sinais públicos e privados dunha banda, e mais os sinais monolingües e plurilingües doutra.

Sobre Santiago de Compostela existe un estudo moi detallado da paisaxe lingüística realizado por Wellings (2012). Trátase dun estudo moi importante tanto a nivel cuantitativo como a nivel cualitativo. Realiza unha comparación entre paisaxes lingüísticas da zona vella e da zona nova. Tamén fai comparacións entre paisaxes institu-

cionais e privadas en relación aos diferentes sectores e aos diferentes tipos de galego empregado. A metodoloxía deste estudo céntrase na contabilización dos sinais clasificándoos segundo zonas, sectores, uso de linguas, tipos de soporte etc., e analiza a presenza e mais a ausencia lingüísticas dando números concretos. Tamén explica a situación da paisaxe lingüística empregando metaforicamente a expresión de "espazo de loita". Unha parte deste traballo intégrase no estudo conxunto de Regueira, López Docampo e Wellings (no prelo).

### *3. O obxectivo e a metodoloxía do presente estudo*

Unha vez elaborado o anterior percorrido pasaremos a xustificar a necesidade deste estudo e a diferencialo doutros semellantes, e a expoñer o obxectivo e mais a metodoloxía adoptada.

#### *3.1. O obxectivo deste estudo*

Como o obxectivo principal deste estudo non é o de establecer comparacións cos doutras cidades senón o de analizar a situación actual do uso das linguas na cidade de Santiago de Compostela, non é necesario que utilice unha metodoloxía semellante ás dos estudos anteriores. O importante é explorar a vitalidade do uso de galego no ámbito comercial e turístico. Polo tanto, o que necesitamos é rexistrar e analizar obxectivamente ata que punto se usa cada lingua nesta cidade en realidade.

Estudos sociolingüísticos, coma o MSG e algunhas outras investigacións, revelaron datos referidos á situación do uso cotián das linguas e ao descenso do uso do galego. Porén, os datos destes estudos son resultado de enquisas e entrevistas e poden polo tanto verse afectados pola intención dos investigadores ou dos propios participantes nos mesmos, e por iso é difícil aclarar o uso inconsciente das linguas. A este respecto, o noso estudo da paisaxe lingüística ofreceranos datos obxectivos e de grande interese.

Neste sentido, a realización de investigacións en varios lugares dunha cidade, a repetición de estudos empregando distintos

enfoques e a acumulación de investigacións poderán darnos unha visión máis ampla sobre o uso das linguas.

### *3.2. Os problemas das metodoloxías de estudos da paisaxe lingüística*

Existen varias metodoloxías para realizar unha investigación da paisaxe lingüística. Wellings (2012: 40) sinala que "os diferentes investigadores deste tema aínda non converxeron nunha metodoloxía común" e opina que "o ideal sería que houbese máis acordo para poder establecer mellores comparacións".

Ao realizar unha investigación da paisaxe lingüística hai varios problemas relacionados coa metodoloxía a seguir. Por exemplo, como sinala Spolsky (2009: 29-32), habemos de ter en conta tres problemas:

a) O primeiro problema é a sinalización pública e o estado de alfabetización. Noutras palabras, os obxectos de estudo serán diferentes dependendo de se recoñecemos os estudos de paisaxe lingüística como parte da semiótica ou como parte dos estudos de alfabetización. Se recoñecemos os estudos de paisaxe lingüística como parte da semiótica, temos que incluír signos non verbais, tales como símbolos internacionais para os viaxeiros, ou mesmo advertencias. Se os recoñecemos como parte dos estudos de alfabetización, temos que incluír libros, cartas, recibos, billetes etc. Neste caso, a primeira condición necesaria para a selección de idiomas ao escribir signos é "escribires nun idioma que sabes escribir" (Spolsky 2009: 30)[1]. Este estudo tomará unha posición próxima aos estudos de alfabetización porque se realiza para saber quen utiliza cada idioma e para que tipo de relación o utiliza, partindo da análise de todo tipo de información lingüística visible nas rúas.

1 Spolsky e Cooper (1991) propuxeron tres condicións para a selección de idiomas nos espazos públicos: 1. Escribir un sinal nunha lingua que un sabe. 2. Cumprir as condicións de lector presumido ou conseguir obxectivos comunicativos. 3. Elixir unha lingua que afirme a propiedade (condición de valor simbólico).

b) Agora ben, o segundo problema é quen é o axente dun sinal no espazo público. É importante distinguir entre os sinais *top-down* e os *bottom-up* (Ben-Rafael *et al.* 2006, Gorter 2006). Por outra banda, Landry e Bourhis (1997) distinguiron entre os sinais privados e os gobernamentais. Debido a que o obxectivo do presente estudo é analizar o uso real das linguas no ámbito comercial, decidiuse realizar esta investigación limitándose aos sinais *bottom-up* ou privados, seguindo a clasificación de Gorter (2006). Spolsky (2009: 31) sinala que é importante distinguir os sinais locais dos internacionais para deste xeito revelar os axentes dos sinais. Emporiso, como a nosa pescuda intenta rexistrar e analizar a paisaxe lingüística tal e como é, non distinguiremos entre eles.

c) O terceiro problema aborda a cuestión acerca de que contar e de que xeito facelo. Con respecto ao noso estudo, este era o maior interrogante. Segundo Backhaus (2007), hai cousas que son fáciles de contar, tales como nomes de rúa, carteis, graffiti etc., pero tamén hai cousas que son difíciles de contar, como por exemplo un escaparate dunha tenda que teña varios sinais ou un sinal escrito en varios idiomas. Nestes casos, cada investigador ten que tomar unha decisión *ad hoc*, que dependendo de como sexa pode levar a diminuír a fiabilidade dos datos. Backhaus sinala tamén a dificultade de escoller lugares para a realización dunha investigación.

### *3.3. A metodoloxía deste estudo*

Tendo estas cuestións en conta, consideraremos qué e cómo contaremos para rexistrar e analizar a paisaxe lingüística no noso obxectivo de realizar este estudo con éxito e a maior fiabilidade posible. Así pois, considerando o anteriormente dito, semella razoable e realista empregar a unidade de *storefront* (Hult 2009) ou *shop front* (Gorter 2006), ou considerar o conxunto de todas as informacións escritas nun establecemento como unha unidade. Ademais, a propia actividade de "contar os sinais" xa xera diferenzas entre os establecementos, como tendas ou restaurantes que teñan moitos ou poucos

sinais respectivamente. Do mesmo xeito, non se poden contar todos os sinais obxectivamente porque pode haber tendas que teñan moita información escrita en letras cativas, como por exemplo en adhesivos, etiquetas dos produtos ou etiquetas dos prezos feitas á man etc. Algúns investigadores inclúenas e outros non. Cada autor explica a razón pola que exclúen algúns obxectos para xustificar a súa metodoloxía, se ben o ideal sería incluír todos os sinais visibles dende a rúa. A metodoloxía que propuxeron Cenoz e Gorter (2006: 71) é unha das solucións máis razoables para afrontar estes problemas:

> *After excluding other possibilities it was decided that in the case of shops and other businesses each establishment but not each sign was the unit of analysis, that is, it was considered 'one single sign' for the analysis. So, when a bank or a shop had its name on the front but also a number of advertising posters on the windows it was considered one sign (or one unit). This decision is based on the fact that all the signs in one establishment, even if they are in different languages, have been the result of the languages used by the same company give an overall impression because each text belongs to a larger whole instead of being clearly separate. Therefore, we went to great lengths to even include in the pictures also very small texts such as those on the side of a sunshade or a safety-rack with the brand name which would hardly be noticed by someone passing by, but these texts were included in the larger whole of the establishment as unit of analysis.*

O presente estudo segue a citada metodoloxía e cada establecemento é tratado como unha unidade de análise. Así pois, neste estudo non utilizamos o número de textos senón que no canto diso clasificamos os establecementos segundo a presenza de linguas. A razón para adoptarmos esta metodoloxía reside no feito de que na maioría de establecementos existen varios sinais. Hai locais nos que se dá a coexistencia de varias linguas namentres que hai outros nos que se emprega unha soa lingua. Por outra banda, tamén hai establecementos que teñen moitos produtos con etiquetas explicativas expostos en escaparates (figura 1). Nestes casos o número exacto de todos os sinais non é importante dado que a cantidade de textos varía dun establecemento a outro.

Figura 1

Para obter información axeitada ao obxecto deste estudo, amais do número de textos, hai que considerar o tamaño e a lonxitude dos mesmos porque estes factores afectarán moito á impresión dos receptores destes textos (figura 2).

Figura 2

De todos os xeitos, non se pode medir con exactitude a escala destes factores, o que nos levou a decidírmonos polo uso dunha medida de clasificación que veremos a continuación. En primeiro lugar clasificamos as "Paisaxes lingüísticas de cada establecemento" segundo os criterios que establecemos:

1. En caso de que houbese relativamente poucos sinais no establecemento, contamos todos os obxectos, tales como letreiros, carteis, pranchas, paneis informativos, rótulos, bandeirolas, adhesivos, anuncios, alarmas, etiquetas feitas á man etc. Se hai varias frases do mesmo idioma nun obxecto, contamos ese obxecto como unha unidade dunha lingua (figura 3). Se pola contra hai un obxecto que conteña varios textos en diferentes linguas, contamos o número de linguas. Por exemplo, se hai dous textos en linguas distintas e un destes textos é a tradución doutro, contamos como dúas linguas (figura 4). Se hai varios textos en distintos idiomas e o contido de cada texto é diferente, escollemos o texto cuxo contido sexa máis extenso como o do idioma principal dese obxecto e rexistrámolo así, mais ao mesmo tempo tamén apuntamos o nome das outras linguas como linguas minoritarias dese obxecto (figura 5). No caso de que o tamaño do texto dunha lingua fose evidentemente grande, aínda que o contido fose o mesmo contabamos como principal a lingua dese texto (figura 6).

Figura 3

(monolingüe en galego)

Figura 4

(bilingüe en castelán e galego)




Figura 5

(plurilingüe, idioma principal: inglés, lingua minoritaria: castelán)

Figura 6

(plurilingüe, idioma principal: galego, lingua minoritaria: varios)

2. En caso de haber moitas etiquetas no escaparate dun establecemento, observabamos con moito tino e apuntabamos en que lingua estaban escritas. Como resultado disto, en todos estes casos os obxectos da mesma categoría, por exemplo, etiquetas de prezo, estaban escritos nun idioma só (figura 7). Así que decidimos agrupar todos estes obxectos como unha unidade. Logo disto, comparamos esa unidade, ou a área na que hai estes obxectos, coa superficie total do escaparate que se podía ver na foto tomada dende a rúa para calcular a proporción aproximada desa unidade na superficie total do establecemento. Incluímos tamén os nomes dos produtos, cando era posible distinguir en que lingua estaban escritos; pero, cando isto non era posible, excluiamolos..




Figura 7 (etiquetas de prezos escritos en castelán)

3. Utilizando os datos recollidos e ordenados segundo os criterios 1 e 2, clasificamos as linguas que se usan na "paisaxe lingüística de cada establecemento". Como resultado, puidemos clasificalos en 10 tipos seguintes:

(1) Monolingüe en galego.

(2) Bilingüe en galego e castelán, maioría (máis de 50%) en galego.

(3) Plurilingüe en galego, castelán e outra(s) lingua(s), maioría en galego.

(4) Bilingüe en galego e castelán, aproximadamente na mesma proporción.

(5) Bilingüe en castelán e galego, maioría (máis de 50%) en castelán.

(6) Plurilingüe en castelán, galego e outra(s) lingua(s), maioría en castelán.

(7) Monolingüe en castelán.

(8) Plurilingüe en castelán e outra(s) lingua(s) excepto galego.

(9) Plurilingüe en galego e outra(s) lingua(s) excepto castelán.

(10) Uso de linguas que non sexan castelán nin galego.

En case todos os establecementos que utilizan varias linguas na súa paisaxe lingüística, pódense observar diferenzas significativas entre a lingua predominante e as linguas minoritarias respecto á cantidade de texto, e por iso é que puidemos recoñecer a lingua principal dos diferentes establecementos. Todos os establecementos nos que xulgamos que a súa paisaxe lingüística era bilingüe en galego e castelán, case a mesma proporción, tratábanse de casos cuxos obxectos podiamos contar porque había poucos textos. Entre estes áchase, por exemplo, un establecemento que só tiña un póster en galego e outro en castelán.

A investigación de campo foi realizada durante os días 20 e 24 de setembro de 2009 en tres rúas comerciais no centro de Santiago de Compostela:

1) Rúa do Franco (todo o tramo: do número 1 ao 58): situada na zona vella, con gran concentración de tendas de lembranzas e de establecementos de hostalaría.

2) Rúa da Caldeirería (todo o tramo: do número 1 ao 64): situada na zona vella, non só conta con tendas para turistas senón tamén para os veciños.

3) Rúa da República de El Salvador (un tramo: do número 13 ao 20): situada na zona nova, con moitas tendas de marcas nacionais e internacionais; establecementos tanto para veciños como para turistas.

O método seguido constou da observación de cada establecemento desde a rúa, tomando nota do nome e do tipo de comercio asentado nese local, así como do rexistro da presenza de linguas no mesmo local. Como damos importancia aos nomes

de cada establecemento, incluímos os substantivos propios tamén. Alén diso, fixemos fotos de todos os textos visibles que se encontraban ao lado da rúa, tales como letreiros, carteis, pranchas, paneis informativos, mapas, rótulos, bandeirolas, adhesivos, anuncios, alarmas, etiquetas feitas á man, produtos etc. En caso de que o rótulo dun establecemento ao lado da rúa estivese nunha posición un pouco elevada, rexistrabámolo tamén. E ademais, en caso de que a placa dunha oficina de médico, avogado etc., situada nos pisos superiores, estivese colocada na parede do piso á altura da rúa, tamén a rexistrabamos.

## *4. Resultados*

Imos dar paso aos resultados acadados mediante as pescudas elaboradas respecto da "paisaxe lingüística de cada establecemento" e do uso de linguas nos nomes destes. Logo de amosar os resultados, realizaremos unha análise comparativa dos mesmos en relación aos de Wellings (2012).

### *4.1. Resultados da investigación da paisaxe lingüística de cada establecemento*

Para expoñer os resultados baseámonos na clasificación dos datos obtidos no presente estudo de acordo con estes dez tipos de "paisaxe lingüística de cada establecemento", na Táboa 1.

Táboa 1. Paisaxe lingüística de cada establecemento

| Rúa | Franco | | Caldeirería | | República El Salvador | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Zona vella | | | | Zona nova | |
| Tipos de paisaxe lingüística de cada establecemento | n | % | n | % | n | % |
| (1) Monolingüe en galego | 0 | 0,0 | 2 | 3,7 | 0 | 0,0 |
| (2) Bilingüe en galego e castelán, maioría (máis do 50%) en galego | 1 | 1,7 | 2 | 3,7 | 0 | 0,0 |
| (3) Plurilingüe en galego, castelán e outra(s) lingua(s), maioría en galego | 1 | 1,7 | 1 | 1,9 | 1 | 3,3 |
| (4) Bilingüe en galego e castelán, aproximadamente na mesma proporción | 1 | 1,7 | 2 | 3,7 | 0 | 0,0 |
| (5) Bilingüe en castelán e galego, maioría (máis do 50%) en castelán | 2 | 3,4 | 11 | 20,4 | 1 | 3,3 |
| (6) Plurilingüe en castelán, galego e outra(s) lingua(s), maioría en castelán | 4 | 6,8 | 2 | 3,7 | 1 | 3,3 |
| (7) Monolingüe en castelán. | 34 | 57,6 | 31 | 57,4 | 22 | 73,3 |
| (8) Plurilingüe en castelán e outra(s) lingua(s) excepto galego | 15 | 25,4 | 2 | 3,7 | 3 | 10,0 |
| (9) Plurilingüe en galego e outra(s) lingua(s) excepto castelán | 0 | 0,0 | 0 | 0,0 | 1 | 3,3 |
| (10) Uso de linguas que non sexan castelán nin galego | 0 | 0,0 | 1 | 1,9 | 0 | 0,0 |
| (1) ao (7) ambiguo (podería ser galego ou castelán) | 1 | 1,7 | 0 | 0,0 | 1 | 3,3 |
| Total | **59** | **100** | **54** | **100** | **30** | **100** |

Táboa 2. A presenza de galego e de castelán na paisaxe lingüística

| Rúa | Franco | | Caldeirería | | R. El Salvador | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Inclúe galego | 10 | 16,9 | 20 | 37,0 | 5 | 16,7 |
| Inclúe castelán | 59 | 100 | 51 | 94,4 | 29 | 96,7 |

Se reparamos na Táboa 1, podemos observar que a paisaxe lingüística da maioría dos establecementos destas tres rúas é (7) "monolingüe en castelán". Pola contra, hai poucas tendas cuxa paisaxe lingüística sexa (1) "monolingüe en galego". Na zona vella podemos salientar as seguintes características. Na rúa do Franco, onde hai moitos establecementos para turistas, o número de establecementos cuxa paisaxe lingüística foi clasificada como (8) "plurilingüe en castelán e outra(s) lingua(s) excepto galego" foi moi elevado. E na rúa da Caldeirería, onde hai moitas tendas para os veciños ademais de tendas para turistas, a porcentaxe dos establecementos cuxa paisaxe lingüística é (5) "bilingüe en castelán e galego (maioría en castelán)" tamén foi alta.

Na zona nova, ou na rúa da República de El Salvador, a proporción dos establecementos cuxa paisaxe lingüística é (7) "monolingüe en castelán" foi moi elevada (73,3%). Por outra banda, con respecto á presenza de galego (Táboa 2), a rúa da Caldeirería presentouse como a número un, xa que dentro da zona vella é a rúa coa porcentaxe máis alta (37,0%). Isto pode reflectirse no feito de que nas actividades comerciais nesta rúa o uso do galego sexa preferido.

A continuación, imos comprobar o uso das linguas nos nomes de establecementos. A Táboa 3 representa os datos de establecementos clasificados segundo a presenza de linguas utilizadas nos seus nomes.

Táboa 3. Uso de linguas en nomes de establecementos

| Rúa | Franco | | Caldeirería | | R. El Salvador | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Presenza de linguas | n | % | n | % | n | % |
| (1) galego | 22 | 33,3 | 7 | 14,0 | 1 | 2,3 |
| (2) ambiguo: pódese entender tanto galego como castelán | 12 | 18,2 | 8 | 16,0 | 6 | 14,0 |
| (3) bilingüe: galego e castelán | 5 | 7,6 | 0 | 0,0 | 0 | 0,0 |
| (4) plurilingüe: galego e outras linguas | 1 | 1,5 | 0 | 0,0 | 0 | 0,0 |
| (5) castelán | 16 | 24,2 | 25 | 50,0 | 31 | 72,1 |
| (6) castelán e inglés | 0 | 0,0 | 0 | 0,0 | 1 | 2,3 |
| (7) inglés | 1 | 1,5 | 1 | 2,0 | 0 | 0,0 |
| (8) lingua descoñecida (imposible identificar) | 6 | 9,1 | 6 | 12,0 | 3 | 7,0 |
| (9) outras linguas | 3 | 4,5 | 3 | 6,0 | 1 | 2,3 |
| Total | 66 | 100,0 | 50 | 100,0 | 43 | 100,0 |

Táboa 4. A presenza de galego e de castelán en nomes de establecementos

| Rúa | Franco | | Caldeirería | | R. El Salvador | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Inclúe galego | 40 | 60,6 | 15 | 30,0 | 7 | 16,3 |
| Inclúe castelán | 33 | 50,0 | 33 | 66,0 | 38 | 88,4 |

Segundo a Táboa 3, podemos ver que a maioría dos establecementos usa (5) "castelán" no seu nome nas rúas da Caldeirería e da República de El Salvador. E tamén un certo número de tendas na rúa do Franco usan só castelán no seu nome. Emporiso, a porcentaxe varia de rúa a rúa. A da rúa da República de El Salvador da zona nova é a máis alta (72,1%) mentres que a da Caldeirería, onde hai non só tendas para turistas senón tamén establecementos para os residentes, é do 50,0%. A do Franco, onde hai moitas tendas para turistas, é a máis baixa (24,2%).

Ao contrario, a proporción dos establecementos que usan só galego nos seus nomes é máis alta na rúa do Franco, 33,3%, e na rúa da Caldereiría, 14,0%, da zona vella, que na rúa da República de El Salvador, 2,3%. Tamén hai moitos establecementos con nomes ambiguos que se poden interpretar como galegos ou como casteláns. Así que, como vemos na Táboa 4, se sumamos estes nomes aos nomes galegos, na rúa do Franco, onde hai moitas tendas para turistas, un 60,6% dos establecementos teñen nomes galegos. Se aplicamos este xeito de interpretación, só un 30,0% dos establecementos levan nomes galegos na rúa da Caldeirería da mesma zona vella, pero con máis tendas para os residentes. Por outra banda, só un 16,3% dos establecementos na rúa da República de El Salvador da zona nova usan os nomes galegos para seus negocios. De xeito contrario, se interpretamos estes nomes ambiguos como nomes casteláns, entre o 50,0% e o 66,0% dos establecementos na zona vella e o 88,4% na zona nova usan os nomes que inclúen castelán.

Con respecto aos letreiros oficiais e paneis informativos colocados polo concello e a Xunta de Galicia, só rexistramos 16 obxectos e todos estaban escritos en galego[2].

### *4.2. Discusión*

Analizando os datos obtidos, descubrimos que en calquera destas rúas os establecementos que usan "só castelán" na porta ou no escaparate son maioritarios. Tamén atopamos que poucos establecementos usan "só galego" na súa paisaxe lingüística. Podemos, polo tanto, colixir que se revelou a realidade de que o uso do galego é moi reducido no sector comercial da cidade de Santiago malia que o seu uso cotián na mesma mantense relativamente alto en comparación con outras cidades galegas (Seminario de Sociolingüística 2009: 53).

Porén, tamén se pon de manifesto que hai establecementos que fan uso do galego na súa paisaxe lingüística, a porcentaxe dos

2 Entre os sinais oficiais, houbo un letreiro de tráfico de "PROHIBIDO ESTACIONAR" que podía ser clasificado tanto como monolingüe castelán como monolingüe galego na rúa da Caldeirería. Moi probablemente a autoridade que colocou este letreiro tiña a intención de usar o galego neste letreiro.

cales é máis ben alta na rúa da Caldeirería (37,7%), onde hai máis comercios destinados aos consumidores locais que noutras rúas, tales como a do Franco (16,9%), na que se concentran moitas tendas especializadas para turistas, ou a de El Salvador da zona nova (16,7%). Con todo isto, pódese inferir que nas actividades comerciais destinadas aos residentes locais hai casos nos que o uso do galego é preferido. Se observamos que tipos de negocios teñen lugar nestes establecementos, veremos que moitos deles están dirixidos aos residentes locais (Táboa 5).

Táboa 5. Tipos de negocios dos establecementos nos que se usa galego amais de castelán.

| | |
|---|---|
| Rúa da Caldeirería (zona vella) | téxtiles (roupa e lencería): 8; alimentos: 4; accesorios e xoias: 6: bares e restaurantes: 1; fotografía: 1 |
| Rúa da República de El Salvador (zona nova) | téxtiles (roupa e lencería): 2; agasallos, artigos de hostalería: 1; bares e restaurantes: 1; local baleiro: 1 |
| Rúa do Franco (zona vella, turística) | accesorios e xoias: 1; artigos diversos: 1; sucursal de banco: 1; lembranzas: 3; alimentos: 1; bares e restaurantes: 3 |

Con respecto ao uso das linguas nos nomes do establecemento, a porcentaxe dos que utilizan só castelán é moi alta en todas as rúas, agás na do Franco. En concreto, onde máis sobresae esta peculiaridade é na rúa da República de El Salvador da zona nova (72,1%). Na zona vella, esa porcentaxe é maior na rúa onde se dan máis tendas dirixidas aos residentes locais (rúa da Caldeirería: 50,0%) que na rúa na que se concentran máis tendas de obxectos típicos para turistas (rúa do Franco: 24,1%). Pola contra, a rúa cunha porcentaxe maior de locais que empregan o galego nos seus nomes é a rúa do Franco.

Disto podemos colixir que nas rúas onde hai unha gran concentración de establecementos comerciais destinados a turistas hai moitos locais que utilizan o galego nos seus nomes para suscitar

connotacións do carácter autóctono e enxebre dos seus produtos, mais poucos deles utilizan o galego na explicación ou presentación dos seus produtos e servizos. Ao contrario disto, con respecto aos establecementos comerciais para os residentes locais, non se require suscitar connotacións sobre a natureza autóctona nos seus nomes pero si que utilizan decote a lingua galega na súa comunicación gráfica, expresada por exemplo a través de carteis nas vidreiras.

Alén disto, segundo a Táboa 1, na rúa do Franco, onde se concentran locais para os turistas, a porcentaxe dos locais cuxa paisaxe lingüística é "plurilingüe en castelán e outra(s) lingua(s) excepto galego" é moi alta[3]. Isto significa que moitos locais comerciais optan por empregar varios idiomas para atraer os turistas estranxeiros, pero ao realizar esta práctica de plurilingüismo o galego é frecuentemente eliminado das opcións.

Para comprobar o que comentamos arriba, imos analizar a relación entre a paisaxe lingüística e o tipo de negocio de cada establecemento. Así, examinando a Táboa 6, podemos observar que só 35 dos 192 establecementos (18,2%) teñen algúns textos en galego namentres que 139 establecementos (72,4%) utilizan castelán na súa paisaxe lingüística. Se vemos estes datos segundo os tipos de comercio, podemos sinalar que nas categorías de téxtil e de accesorios e xoias hai relativamente moitos establecementos que usan o galego, 10 e 7 respectivamente. Os bares e restaurantes (5) e mais as tendas de alimentos (5) son as categorías que seguen a estoutras dúas. Aínda que os datos son escasos e limitados, polo que non podemos tirar conclusións deles, podemos sinalar que nos locais que frecuentan os residentes existen máis probabilidades de que haxa presenza de galego escrito.

3 A lingua estranxeira que se usa máis nos nomes dos locais e na paisaxe lingüística de cada establecemento na rúa do Franco foi o inglés (100%) seguido de alemán (52,6%) e francés (47,7%).

Táboa 6. Paisaxe lingüística de cada establecemento segundo os tipos de comercios

| | Paisaxe lingüística de cada establecemento | | |
|---|---|---|---|
| Tipos de comercio | Locais cuxa PL inclúe galego | Locais cuxa PL inclúe castelán | total[4] |
| accesorios e xoias | 7 (46,7%) | 12 (80,0%) | 15 (100%) |
| agasallos | 1 (100%) | 1 (100%) | 1 (100%) |
| alimentos | 5 (45,5%) | 11 (100%) | 11 (100%) |
| artigos diversos | 1 (50,0%) | 2 (100%) | 2 (100%) |
| bancos | 1 (25,0%) | 4 (100%) | 4 (100%) |
| bares e restaurantes | 5 (11,6%) | 42 (97,7%) | 43 (100%) |
| cosméticos | 0 (0,0%) | 1 (100%) | 1 (100%) |
| farmacias | 0 (0,0%) | 3 (100%) | 3 (100%) |
| fotografía | 1 (50,0%) | 2 (100%) | 2 (100%) |
| hoteis | 0 (0,0%) | 1 (50,0%) | 2 (100%) |
| lembranzas | 3 (15,0%) | 11 (55,0%) | 20 (100%) |
| locais baleiros | 1 (7,7%) | 11 (84,6%) | 13 (100%) |
| téxtil | 10 (32,3%) | 22 (71,0%) | 31 (100%) |
| outros | 0 (0,0%) | 16 (40,0%) | 40 (100%) |
| Total | 35 (18,2%) | 139 (72,4%) | 192 (100%) |

### *4.3. Comparación con Wellings (2012)*

Neste punto da nosa pescuda compararemos os resultados do mesmo cos resultados de Wellings (2012) coa finalidade de coñecer máis profundamente a situación da paisaxe lingüística de Santiago de Compostela.

Segundo os resultados de Wellings (2012), a lingua maioritaria dos sinais monolingües era o castelán. Isto atribúese a un predominio do castelán nos sinais privados. Así, e malia que unha

4 Hai establecementos cuxa paisaxe lingüística inclúe ambas as linguas. Neste caso contamos dúas veces. Así que a suma total non coincide co número total dos establecementos.

maioría do 73% de sinais monolingües institucionais eran en galego, o 57% dos sinais monolingües privados estaban escritos en castelán, namentres que un 17% estaban en galego (pp. 55-56).

Do mesmo xeito, no noso estudo tamén podemos sinalar a mesma tendencia. Con respecto aos sinais oficiais, todos os sinais eran monolingües en galego. Por outra banda, no ámbito comercial un 18,2% dos establecementos empregaba o galego escrito no seu local, en contraposición ao 72,4% que usaba o castelán (Táboa 6). Só a paisaxe lingüística de dous establecementos era monolingüe en galego, namentres que 87 establecementos usaban exclusivamente o castelán escrito no seu local (Táboa 1).

Así mesmo, segundo Wellings (2012), tamén era notoria a diferenza entre o uso de linguas na zona vella e na zona nova da cidade. Mentres que un 21% dos sinais monolingües privados estaban escritos en galego na zona vella, só un 12% constaban en galego na zona nova (p. 58). Paralelamente, no noso estudo, que toma como variable as rúas, tamén podemos observar esta diferenza (Táboa 1). Na zona vella, 20 establecementos (37,0%) da rúa da Caldeirería contiñan galego na súa paisaxe lingüística, mentres que na mesma zona vella só 10 establecementos (16,9%) da rúa do Franco o facían. Na zona nova, só 5 establecementos (16,7%) da rúa de El Salvador contiñan galego.

Así mesmo, segundo Wellings (2012), tamén hai diferenzas entre os sectores. Os que contaban cun predominio de castelán eran os de alugueiro e venda de vehículos; antigüidades; grupos de música; beleza; anuncios de cerralleiros, electricistas, fontaneiros etc.; clases particulares; compra de ouro; construtores e promotores; estancos; medios de comunicación; organización de eventos; supermercados e grandes superficies; papelería e reprografía; así como perfumerías. Os sectores cun dominio de galego eran, pola contra, os de anuncios de concertos, teatro e xoguetes; alimentación; librerías; prensa; asociacións, ONG; e seguridade. Nos sinais en que se daba máis dunha lingua o castelán tamén era a lingua con máis presenza (p. 64).

Do noso estudo, podemos sinalar que os locais que frecuentan os residentes locais, como por exemplo tendas de roupa, de accesorios e xoias, ultramarinos e bares hai posibilidade de que haxa maior presenza de galego escrito (Táboa 5).

## *5. Conclusións*

Grazas ás medidas tomadas polas autoridades da política lingüística da Xunta de Galicia para recuperar o uso de galego e difundir o coñecemento do mesmo, tal e como se revela no *Mapa Sociolingüístico de Galicia*, o galego está amplamente estendido. Isto pódese atribuír principalmente á introdución desta lingua no ensino público, dado que o coñecemento nos niveis da lectura e da escritura mellorou bastante, en especial entre a xente nova. Emporiso, os estudos indican que a porcentaxe das persoas que declaran o galego como a súa única lingua de uso cotián sufriu unha redución.

Por outra banda, no ámbito comercial, como sinala o estudo de Ramallo e Rei Doval (1997), a actitude dos consumidores galegos é favorable cara ao uso do galego na etiquetaxe ou na publicidade. Non obstante, o uso do galego non é abundante. De feito, a nosa investigación sobre a paisaxe lingüística tamén revelou que o galego aparece menos en carteis, rótulos e letreiros nos establecementos comerciais na cidade de Santiago. Con isto podemos colixir que a xente cre que usar só o castelán abonda se a finalidade consiste en realizar actividades comerciais nunha cidade.

Xorde, daquela, a seguinte cuestión: por que o uso do galego neste ámbito é tan escaso aínda que a xente mostre unha actitude favorable ao mesmo? Como vimos no capítulo 1.1, non hai ningunha lexislación que obrigue as empresas a empregar unha ou outra lingua, senón que se deixa autonomía aos comerciantes para decidir sobre a selección de idiomas utilizados. As actividades comerciais realízanse basicamente para acadar beneficios económicos, e considérase ideal perseguir o beneficio do xeito máis eficiente posible. Polo tanto, é difícil que as autoridades interveñan nas actividades empresariais poñendo restricións á procura de beneficios.

Como se pode cubrir esta diferenza? Non podemos responder esta pregunta cos datos obtidos neste traballo, mais si que podemos atopar unhas pistas. Deste xeito, entre os resultados desta pescuda atópanse datos que amosan o feito de que na rúa comercial onde hai unha concentración de tendas destinadas ao uso dos residentes locais da zona vella hai máis sinais que inclúen galego que

nas outras rúas. Disto pódese deducir que o galego non é unha lingua prescindible senón que se emprega no sector comercial servindo para as necesidades da vida cotiá. Así pois, se examinamos as razóns polas que se usa o galego nestes locais, poderemos atopar algunhas pistas nas que basear a recuperación e mais a promoción deste idioma no sector comercial.

Por outro lado, na rúa na que se concentran moitos establecementos comerciais destinados a turistas, malia que a maioría dos locais usa só o castelán, tamén se poden atopar locais que empregan varias linguas estranxeiras ademais do castelán. Ao dárense moitas visitas de turistas estranxeiros, realízanse a diario prácticas plurilingües nesta zona, secasí o problema é que o galego está excluído desas prácticas.

Na Unión Europea a circulación de persoas e bens será cada vez máis activa no futuro próximo. Nestas circunstancias, a experiencia do bilingüismo do galego e mais o castelán pode servir de grande utilidade para a xente de Galicia ou, expresado noutras verbas, usar positivamente a lingua propia nas actividades comerciais e obter unha actitude tolerante cara ao plurilingüismo serán beneficiosos e necesarios para os empresarios de calquera negocio.

*Referencias bibliográficas*


Backhaus, Peter (2007): *Linguistic landscapes: a comparative study of urban multilingualism in Tokyo*. Clevedon / Buffalo / Toronto: Multilingual Matters.

Ben-Rafael, Eliezer, Elana Shohamy, Muhanmad Hasan Amara e Nira Trumper-Hecht, (2006): "Linguistic landscape as symbolic construction of the public space: The case of Israel", *International Journal of Multilingualism* 31, 7-30.

Castillo Lluch, Mónica e Daniel Martínez Sáez (2011): "Introducción al Paisaje Lingüístico de Madrid", *Lengua y Migración* 3, 1, 73-88.

Cenoz, Jasone e Durk Gorter (2006): "Linguistic landscape and minority languages", *International Journal of Multilingualism* 3, 1, 67-80.

Dunlevy, Deirdre Adrienne (2009): *A sign of the times: language contact in the Galician linguistic landscape*. TFM. Trinity College Dublin.

González González, M. (dir.) *et alii* (2009): *Mapa sociolingüístico de Galicia 2004*, Vol. 2: *Usos lingüísticos en Galicia*. Real Academia Galega. Seminario de sociolingüística. A Coruña.

Gorter Durk. ed. (2006): *Linguistic landscape: a new approach to multilingualism*. Clevedon: Multilingual Matters.

Hult, Francis M. (2009): "Language ecology and linguistic landscape analysis", in Elana Shohamy and Durk Gorter (eds.): *Linguistic landscape: expanding the scenary*. New York: Routledge, 88-104.

Lado, Beatriz (2011): "Linguistic landscape as a reflection of the linguistic and ideological conflict in the Valencian Community", *International Journal of Multilinguism* 8, 2, 135-150.

Landry, Rodrigue, e Richard Y. Bourhis (1997): "Linguistic landscape and ethnolinguistic vitality: an empirical study", *Journal of Language and Social Psycology* 16, 1, 23-49.

López Docampo, Miguel (2011): "A paisaxe lingüística: unha análise dun espazo público galego", *Cadernos de Lingua* 33, 5-35.

Ramallo, Fernando F., e Gabriel Rei Doval, (1997): *Vender en galego: comunicación, empresa e lingua en Galicia*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Regueira, Xosé Luis, Miguel Lopez Docampo e Matthew Wellings (no prelo): "Paisaje lingüísitico en Galicia", *Revista Internacional de Lingüística Iberoamericana* Vol. XI, No. 1 (21), Vervuert / Iberoamericana.

Spolsky, Bernard, e Robert L. Cooper (1991): *The languages of Jerusalem*. Oxford: Clarendon.

Spolsky, Bernard. (2009): "Prolegonema to a sociolinguistic yheory of public signage", in Elana Shohamy and Durk Gorter (eds.): *Linguistic landscape: expanding the scenary*. New York: Routledge, 25-39.

Wellings, Matthew (2012): *A paisaxe lingüística en Santiago de Compostela*. TFM. Universidade de Santiago de Compostela.

# DIME COMO REMATAS E DIREICHE ONDE TE ACENTÚO

VÍCTOR FRESCO BARBEITO
Universidade de Vigo / Real Academia Galega
rag.vfresco@gmail.com

## RESUMO

Cando se lles pretende asignar unha tónica ós neoloxismos chegados ó galego dende linguas onde a tonicidade non ten valor fonolóxico, o criterio de elección máis aconsellable é a propia tónica esperable en galego. Pero, cales son os parámetros que poden influír nesta escolla? A hipótese de partida nunha publicación previa do mesmo autor foi que dependía do derradeiro grafema da palabra. Neste artigo comprobaremos esta presuposición e tamén analizaremos se o número de sílabas ou a categoría gramatical poden influír como parámetros para determinar unha tónica prototípica. Para realizar este contraste, partimos dos datos do VOLGA e dun corpus de textos teatrais como exemplo de lingua en uso e aplicámoslles un algoritmo para a detección da tónica que se basea na acentuación gráfica e na terminación da forma escrita da palabra. De camiño, puidemos analizar tamén a distribución individual tanto da posición da tónica como dos tres supostos parámetros nestes dous conxuntos de datos.

## PALABRAS CHAVE

tónica, tónica esperable, número de sílabas, ortografía normativa, grafémica, terminación, adaptación de neoloxismos, categoría gramatical

## ABSTRACT

When trying to assign a stressed syllable to the neologisms arrived to Galician from languages where stressing have no phonological value, the most recommended criterium for the choice is to point towards the most expected stressed syllable for Galician. However, which are the parameters that may have an influence on this choice? The initial hypothesis in a previous article by the same author was that this depend on the last grapheme of the word. In this article we will check this presumption and will analyse whether the number of syllables or the grammatical category may count too as parameters to predict a prototypical stress syllable. To contrast this hypothesis we will use data from VOLGA and from a corpus made of theatre texts as an example of language in use, and we will apply an algorithm to detect the stressed syllable based on the graphic accents and the ending of the word written form. At the same time, we were able to analyse too the individual distributions for the grammatical category, the ending letter, the number of syllables or the position of the stressed syllable.

## KEY WORDS

stressed syllable, expected stress, number of syllables, standard orthography, graphemics, ending, adaptation of neologisms, grammatical category

### *1. Hipótese e antecedentes*

A orixe deste artigo é un problema que apareceu na aplicación dunha metodoloxía para a transcrición dos arabismos ó galego publicada no seu momento en *Cadernos de Lingua* (Fresco Barbeito 2007). Daquela houbo que propoñer que a tónica coa que se adaptarían estas palabras illadas, normalmente substantivos, dependería da terminación:

> Debido ás dificultades que implica marcar unhas regras específicas para determinar a tónica [...] decidimos optar pola acentuación esperable en galego e non basearnos no orixinal árabe. [...] Como hipótese de partida, a nosa intuición dinos que as palabras rematadas en vogal ou <s> deberían ser paroxítonas, e oxítonas tódalas demais. (Fresco Barbeito 2007:30)

Esta presuposición era moi arriscada, pero viña deducida da dobre característica na acentuación gráfica de evitala ó máximo posible e de depender da letra na que remata a palabra. Con esta investigación pretendemos confirmar esta hipótese e de paso contestar algunhas preguntas máis que os datos cos que traballamos permiten responder.

Para poder comprobar a nosa hipótese, precisamos coñecer dous parámetros de diferentes niveis: a letra final dunha palabra e a posición da tónica. Debe terse en conta que o primeiro é un parámetro gráfico, mentres que o segundo é un parámetro fonolóxico, polo que necesitamos ter un corpus coas tónicas marcadas (e o suficientemente grande para que nos permita extraer conclusións significativas). Como non contamos de momento con esta listaxe, consideramos que sería válido a conta das vogais dunha palabra. É dicir, buscaremos un resultado fonolóxico a través dunha análise gráfica. Somos conscientes de que hai marcos teóricos máis elaborados que permitirían un resultado máis acertado (Ohannesian 2004; Méndez 1997) e que a nosa simplificación pode levar a erros (como demostramos máis abaixo), pero tamén é certo que a necesidade de aplicalo automaticamente a corpus moi grandes é unha limitación para o algoritmo que busque a tónica, que cremos que a marxe de erro é asumible para os datos cos que traballamos e que aínda non existe unha norma de pronuncia que nos permita resolver casos graficamente ambiguos (como por exemplo, se certos encontros vocálicos son tautosilábicos ou heterosilábicos, cfr. Álvarez 2002:34).

Con todo, tres aproximacións anteriores poden sernos útiles e paga a pena telas en conta, cando menos para contrastar os seus resultados cos nosos: unha de Xosé María Álvarez Cáccamo en 1977, outra de Rodríguez Fer en 1984 e unha última de Xosé Luís Regueira en 2007.

Álvarez Cáccamo, aínda que centrado nas siglas, indícanos que xa en 1977 asumía por defecto que cando as vogais e consoantes se agrupan de acordo coas regras fonolóxicas "levan o acento intensivo na penúltima sílaba, agás [...] os monosílabos", que "a tendencia das linguas románicas á acentuación paroxítona" e que "as palabras rematadas en consoante manifestan tendencia á acentuación aguda" (1997:210). O artigo de Rodríguez Fer e Botana énos útil

para comparar a distribución que obtivemos en final de palabra cos seus resultados para tódalas posicións (v. 3.3). O traballo de Regueira tamén restrinxe o seu enfoque, concretamente ós antropónimos, pero contrástaos con datos para o léxico máis frecuente do galego e en análises dunha obra súa anterior. Para este léxico común, afirma con carácter xeral:

- que o galego popular prefire "os nomes bisílabos, seguidos a distancia dos trisílabos" (Regueira 2007:241; dos gráficos 1 e 2 sácase: monosílabos: 10%; bisílabos: 50%; trisílabos: 30%; tetrasílabos: 10%);
- agudas 20%, graves 70%, esdrúxulas 5% (deducido dos gráficos 3 e 4 de Regueira 2007:243);
- "a configuración xeral das palabras do galego é de acentuación grave cando rematan en vogal e aguda cando acaban en semivogal ou consoante (non considerando neste grupo os plurais). Os demais casos (aguda rematada en vogal, esdrúxulas, etc.) son moi minoritarios." (Regueira 2007:243)
- "son algo máis frecuentes as agudas de xénero masculino cás de xénero feminino (pénsese en parellas do tipo *rapaz/rapaza*, *autor/autora*)." (Regueira 2007:243; dos datos do gráfico 4 tírase: femininas agudas: 10%; masculinas agudas: 30%);
- "mentres que os femininos presentan un comportamento semellante ós nomes comúns. É dicir, mentres máis dun 40% dos nomes bisílabos de home son agudos, [...] nos de muller non chegan ó 20%" (Regueira 2007:244);

A terceira afirmación de Regueira para DG-PT conecta cos experimentos de repetición de Hochberg (Méndez 1997:264) e Gutiérrez Palma (2004) con nenos con lingua materna castelá, que se pode extrapolar ó galego por teren un sistema acentual case idéntico (Méndez 1997:255). A investigadora pedíalles a nenos pre-escolarizados que repetisen unhas palabras e os números seguintes amosan a porcentaxe de erro para cada configuración silábica (C: consoante; V: vogal) e tonicidade, o cal indica o grao de dificultade e antinaturalidade na lingua:

| PT | 4 | 3 | 2 | 1 |
|---|---|---|---|---|
| CV.CV | - | - | 7* | 23 |
| CV.CV.CV | - | 20 | 13* | 32 |
| CV.CVC.CV | - | 77 | 42* | 75 |
| CV.CV.CV.CV | 50 | 30 | 14* | 54 |
| CV.CVC | - | - | 50 | 22* |
| CV.CV.CVC | - | 43 | 47 | 21* |

Os valores máis pequenos (que marcamos con asterisco) indican a tonicidade prototípica para cada estrutura. Pode observarse que a explicación mencionada de Regueira serve como simplificación da táboa, na que tampouco se consigna ningunha esdrúxula como tonicidade prototípica de ningunha configuración.

Unha explicación da tonicidade en galego, aínda que diacrónica e polo tanto inviable para nós, é a de Ferreiro (1996:25): "Con relación ao acento, destaca a estabilidade da súa posición, manténdose, en xeral, a vogal tónica na evolución desde o latín ao galego -portugués. A posición do acento latino [...] [está] condicionada pola estrutura fonolóxica da palabra".

## *2. Corpus, metodoloxía e datos*

Como fonte dos datos, quixemos traballar con dúas orixes: unha é o VOLGA (2004), que nos fornece a categoría gramatical coma terceiro parámetro para controlar a súa posible influencia, pero que en contrapartida na nosa versión en base de datos se restrinxe inicialmente a 48941 lemas (e que reduciremos máis aínda), e a outra con formas flexionadas atopadas en textos reais. Nesta segunda fonte pretendemos buscar unha mostra de linguaxe non técnica, evitando os tecnicismos e estranxeirismos. Para iso, baseámonos nos textos teatrais modernos fornecidos pola Biblioteca Virtual Galega na súa páxina web da Universidade da Coruña (http://bvg.udc.es/). Restrinxímonos á produción do século XXI e, despois de eliminar dous

libros que seguían a norma ortográfica portuguesa (que pode interferir e mesmo inverter os resultados se se interpretan como escritos na norma galega) e outras cinco obras cun formato máis poético e narrativo ca oral, obtemos 25 publicacións. Tras un procesamento inicial conseguimos un primeiro corpus de 81.541 palabras moito máis variado có do VOLGA.

Con todo, quixemos tirar máis partido destas dúas orixes, polo que creamos oito distribucións distintas. Para denominalas utilizamos a convención de comezar coa orixe (T: teatro; V: VOLGA) e seguir coas súas características: se tiñamos en conta (CONR) ou non (SENR) as palabras repetidas, se conservamos (CONM) ou non (SENM) os monosílabos e se separamos os posibles estranxeirismos (STRAN) das palabras máis adaptadas. Polo tanto creamos as seguintes distribucións:

- T-CONR-CONM
- T-CONR-SENM
- T-SENR-CONM
- T-SENR-SENM
- T-STRAN-SENR-CONM
- V-SENR-CONM
- V-SENR-SENM
- V-STRAN-SENR-CONM

Para poder facer comparacións válidas entre estas distribucións de tan diferentes tamaños, utilizamos os valores en porcentaxes sobre o total.

Para identificar os estranxeirismos utilizamos varios sistemas:

- Aproveitar as marcas do VOLGA, pois nas súas notas aparecen ás veces a orixe e mesmo o étimo ou a pronuncia, aínda que non sistematicamente. Descartamos porén os préstamos coas marcas de "lat", "gr" e "cast". Estas mesmas palabras (aínda que só as non flexionadas) tamén se marcaron como estranxeirismos no corpus teatral.

- Localizar as palabras cunha secuencia gráfica determinada. Para iso identificamos como estranxeirismos tódalas palabras que contivesen os grafemas J, K (e KH), W, Y e moitas cunha dobre consoante (que non fose -CC-, -LL- ou -RR-; é dicir, con -BB-, -DD-, -FF-, -GG-, -MM-, -PP-, -SS-, -TT- e -ZZ-), con dobre vogal (-EE-: *feedback, jeep, neerlandés*; -OO- *zoom, footing*; -UU-: *contínuum, weltanschauung*), determinados dígrafos (-GE-: *geyser, hegelianismo, hegeliano, roentgen, röntgen, sui generis*; -GI-: *adagio*; -GH-: *copyright, gheada, malpighiáceas, oghámico, spaghetti*; -QUA-: *exequátur, quásar, squash*; -QUO-: *quórum, sequoia*; -SH-: *flash, leishmania, leishmaniose, shakesperiano, shériff, sherpa, smash, squash, washingtoniano, yiddish*) ou trígrafos (-SCH-: *kirsch, nietzschiano, scherzando, scherzo, weltanschauung*) ou uns grafemas determinados en posición inicial (S- + consoante; I- + vogal) ou final (-B, -C, -D, -F, -G, moitos en -H, -K, -M, -P, -T, -V, -W, -X, -Y, -Z; incluídas como estranxeirismos debido a ter unha destas terminacións foron tamén bastantes interxeccións: *clac, clic, tac, tic, tictac; paf, pataplaf, pof, pluf, uf; ah, bah, eh, oh, ouh; hum, pim, pam, pum; up; chist; ux*).
- Algúns topónimos (*Aranjuez, Gibraltar, Himalaya*; e xentilicios: *frankfurtés*) e antropónimos (*Cage, Wayne, Zalassokrátes*) que presentan estes cadeas gráfica e mesmo outros nomes propios detectados sen elas pero cunha forma pouco ou mal adaptada ó galego (*Banánia, Caimánia, Coimbra* [sic], *Iónico* [sic, por *Xónico*], *Toulousse, Madrid, Führer*).
- Os exemplos que dá Rodríguez Río (1998). Con todo, aínda persisten algunhas grallas na aplicación das regras acentuais a palabras do VOLGA (*angstrom, geyser, yiddish*), mentres que outras algunhas están suprimidas (*sponsor*), a maioría corrixidas (*macádam, máxwell, módem, stárter*) e algunhas nin sequera detectadas antes (*vademecum, ibidem, passim; napalm?*). A maiores, aínda que o VOLGA non é máis ca un repertorio de formas e non un dicionario de dúbidas, bótase en falta unha explicación máis detallada e mesmo unha clasificación da información dada nas notas e do formato con que aparece, pois ás veces márcase a lingua de orixe para dar simplemente a etimoloxía, a forma ou pronuncia orixinal, o topónimo

dun xentilicio, a flexión, definilo coma estranxeirismo non adaptado ó galego (co cal debe grafarse en cursiva nun texto) ou nada en absoluto, todo o cal se fai asistematicamente con comiñas, corchetes ou tipos de letra que non permiten moito xogo á hora de representar cadeas fónicas.

- Os plurais simples das anteriores: *bares, jockeys, pizzas, restaurantes, tics*.

Con todo, e a pesar de que será interesante observar o seu comportamento diferencial respecto ó léxico común, somos conscientes de que agrupar estranxeirismos de distintas orixes é unha gran simplificación, pois para unha análise da tonicidade, mentres que os galicismos son orixinariamente sempre oxítonos, noutras linguas hai maior variación, e isto ademais sen considerar a morfoloxía, a época e o grao de implantación no galego.

O procesamento inicial no corpus teatral consistiu na eliminación de fragmentos en castelán (351 palabras da obra *Falando con balas*), 60 números romanos, palabras cortadas, signos de puntuación e ortotipografía (marcas introdutoras de personaxe), mentres que no VOLGA eliminamos cadeas multiverbais (342 locucións), palabras compostas con guión (630 casos), palabras incompletas (602 prefixos), palabras agramaticais (149 símbolos, siglas e abreviacións) e 1.406 palabras marcadas coma incorrectas. Tras estas eliminacións e asignacións coma estranxeirismos, obtivemos que as distribucións contiñan a seguinte cantidade de datos:

| | |
|---|---|
| T-CONR-CONM | 78.311 |
| T-CONR-SENM | 49.192 |
| T-SENR-CONM | 13.330 |
| T-SENR-SENM | 13.043 |
| T-STRAN-SENR-CONM | 320 |
| V-SENR-CONM | 45.725 |
| V-SENR-SENM | 45.477 |
| V-STRAN-SENR-CONM | 693 |

Debemos explicar polo tanto cal foi o procedemento na análise da cadea gráfica que seguimos para detectar a tónica. O primeiro paso foi a eliminación de tódalas consoantes. Houbo que ter coidado especial en eliminar, manualmente, o -U- do grupo -GU- só cando fose mudo (e na inmensa maioría dos -QU-) e en desenlear a lectura consonántica ou vocálica de -Y-. Respecto a -X-, a súa lectura monofonemática ou bifonemática non afecta á súa interpretación como terminación. Despois desta eliminación, atopamos dúas situacións nesta palabra sen consoantes:

- A palabra xa ten unha tónica gráfica, polo que xa queda automaticamente detectada.
- A palabra non presenta tónica gráfica, polo que debe deducirse en función da terminación da palabra orixinal e segundo estipulan as NOMIG (2005). Neste caso:
    - Se remata en vogal, -N ou -S, a palabra é paroxítona.
    - Se remata no resto de consoantes, a palabra é oxítona.

Cómpre comentar que esta análise non debe aplicarse ós monosílabos, pois non teñen unha penúltima vogal á cal asignarlle a tónica, e polo tanto serán oxítonas.

Como comentamos antes, tanto as palabras con tónica gráfica como as que non a teñen presentan o problema de que a simple conta das vogais pode levar a deducir unha tónica incorrecta. Isto débese a que a eliminación, sen máis, das consoantes pode levar a datos iniciais incorrectos para o algoritmo, pois unha vogal non ten por qué corresponder a unha sílaba. Mesmo así, ás veces o algoritmo produce resultados correctos. Sen pretender ser sistemáticos, uns exemplos destas situacións serían os seguintes:

- hiato final: *velaí* e *badía*, que darían correctamente a súa tónica por estar marcada graficamente;
- hiato non final: *tríada* ou *saínte* quedarían respectivamente "íaa" e "aíe", polo que se deduciría correctamente que son esdrúxula e grave;
- ditongo átono final, chamado semiesdrúxula: *valencia* daría como resultado sen consoantes "aeia", sen tónica gráfica,

polo que os datos de partida do algoritmo serían incorrectos (tetrasílaba) pero a conclusión como paroxítona sería correcta; *reis* daría, mediante o procesamento de "ei" un falso bisílabo paroxítono;

- ditongo átono non final: *xeito* ou *reitor* teñen a mesma secuencia de vogais ("eio") mentres que a tónica está en diferente posición, pero a terminación diferente (antes de quitarlle as consoantes) permite descubrila;
- ditongo tónico final: *cantei*, con secuencia de vogais "aei" que indica incorrectamente tres sílabas e implica incorrectamente unha paroxítona (por non contar cun acento gráfico e estar rematada en -I);
- ditongo tónico non final: *feudo* é paroxítona (e a secuencia das súas vogais "euo" implica incorrectamente unha posición correcta);
- pronuncias variables (ditongo ou hiato) segundo falantes: *ciencia* pode pronunciarse trisílaba ou cuadrisílaba (Álvarez 2002:34), pero en todo caso a tónica deducida (coa serie de vogais "ieia", pola que se lle asignaría incorrectamente 4 sílabas) é correcta (paroxítona);
- acentuación diacrítica: no caso de *máis* deduciríase incorrectamente que é paroxítona; no caso de *só* ou *présa*, os resultados son correctos;

Unha mellora do algoritmo sería o mantemento da posición ocupada por calquera consoante para poder detectar os ditongos, e imporlles máis condicións ás deducións, pero esta complicación non semella rendible.

Os exemplos amosan que o algoritmo funciona moitas veces, mesmo con datos de partida (número de sílabas) incorrectos. Ademais, o erro que se produce mediante esta simplificación é unidireccional: unha palabra con tónica na posición 3 (esdrúxula) pode acabar identificada coma tónica en 3 ou máis por non considerarse a conxunción de vogais postónicas en ditongos, pero nunca se lle poderá asignar unha tónica menor ca 3 porque en galego "o núcleo da sílaba é sempre unha vocal" (Álvarez 2002:42). Para verificar a fiabilidade do algoritmo realizamos unha comprobación manual dos

resultados para un grupo aleatorio de palabras consecutivas do corpus teatral (onde previamos máis erros de identificación debido a que a morfoloxía flexionada é máis irregular, presuposición que o grupo aleatorio demostrou que era correcta), que pertenceron ó libro *Matanza* de Roberto Salgueiro. Nun total de 250 palabras houbo 10 erros, correspondentes todos a palabras rematadas en ditongo oxítono identificadas como paroxítonas: *ou, seu, vai, hai, máis, demáis* [sic], *estou* e *tratarei*. Asumindo este erro (4%) como aceptable, parécenos que terá pouca influencia á hora de confirmar a nosa hipótese.

Os parámetros nos que se basea a hipótese son dous: a posición da tónica e a terminación, en realidade o derradeiro grafema. Para analizar a localización da vogal tónica simplificamos os resultados mediante valores numéricos: unha oxítona está na posición 1, unha grave na 2, unha proparoxítona na 3, unha sobresdrúxula na 4, etc. Grazas a isto puidemos calcular medias.

Dado que o algoritmo procesa as palabras quitándolles tódalas consoantes tanto antes coma despois da tónica, en realidade tamén pode fornecer como resultado colateral o número de sílabas. Este valor é moito máis inexacto có da posición da tónica, pois non contamos con outro valor corrector (como o acento gráfico ou a terminación cando se buscaba a posición) e o erro pode estenderse acumulativamente ó longo da cadea de vogais. Con todo, o erro no cálculo da cantidade de sílabas tamén é unidireccional como o da posición da tónica, polos mesmos motivos. Terémolo en conta por se permite sacar algunha conclusión, tamén grazas ó ocasional uso dos valores medios.

Un cuarto valor co que se pode contar só no caso dos datos obtidos do VOLGA é a categoría gramatical. No VOLGA aparecen as palabras marcadas con tódalas súas posibles categorías, polo que existen 203 combinacións: por exemplo, unha palabra pode ser "a f", outra "af f" e outra "f af". Independentemente da pertinencia na orde da caracterización ou da súa combinación cunhas ou outras categorías gramaticais, hai 32 marcacións básicas para categorías. Con todo, consideramos que son irrelevantes (salvo para comparar con algunhas conclusións de Regueira) outras especificacións máis profundas coma masculino, feminino, transitivo ou pronominal, polo que decidimos agrupar as máis importantes en seis grupos:

- substantivo (S): f, fpl, m, mpl, s, ls;
- adxectivo con uso coma substantivo (SA): af, am, as;
- adxectivo (A): a, la;
- adxectivo con uso coma verbo (AV): pt;
- verbo (V): t, i, pr, aux, cop;
- adverbio (B): av, lav;
- tras simplificar os símbolos nun só grupo (abrev, sb), o resto das categorías queda coma no orixinal: numeral, pronome, artigo, contracción, conxunción, interxección, preposición e prefixo;

Con todo, debe terse en conta que cada categoría gramatical agrupada nova crea un novo rexistro. É dicir, un verbo intransitivo, pronominal ou copulativo (*estar*) contará unha vez, pero un verbo ou substantivo (*poder*) contará dúas veces, por iso a suma total de CX é maior cá da distribución doutros parámetros para o VOLGA:

| | |
|---|---|
| CX + V-SENR-CONM | 52.682 |
| CX + V-SENR-SENM | 52.405 |
| CX + V-STRAN-SENR-CONM | 763 |

Para mencionar estes catro parámetros e aforrar espazo usamos as seguintes abreviaturas:

- PT: posición da tónica
- DG: derradeiro grafema
- NS: número de sílabas
- CX: categoría gramatical xeral do VOLGA

## *3. Distribucións individuais*

### *3.1. Distribución da categoría gramatical*

Os resultados para as principais categorías gramaticais (V-SENR-CONM) son:

| | |
|---|---|
| substantivo (S) | 28.621 |
| adxectivo (A) | 12.977 |
| verbo (V) | 8.934 |
| adverbio (B) | 1.857 |
| participio (AV) | 573 |
| adxectivo2 (SA) | 117 |

Isto amosa unha maioría de substantivos, adxectivos, verbos e adverbios, esperable debido a que son as categorías máis abertas de todo o rango gramatical. Cando se desagregan, os resultados maiores de mil son "f": 12.087; "m": 10.445; "a": 8.689; "t": 3.069; "a s": 2.750; "av": 1.800; "t pr": 1.325; "s": 1.210; "i": 1.011, amosando outra vez a superioridade na frecuencia de substantivos e adxectivos.

### *3.2. Distribución do derradeiro grafema*

As posibilidades de terminación dunha palabra varían relativamente pouco en función da súa orixe (GRÁFICA 1: derradeiro grafema). Os valores máis comúns en tódalas distribucións son os das vogais -A, -E, -O e das consoantes -N e -R ou -S.




**GRÁFICA 1: derradeiro grafema**

A distribución dos lemas no VOLGA sen incluír os monosílabos mostra unha tendencia cara á terminación en vogal non pechada e en líquida. Cando se inclúen os monosílabos, a orde nos resultados non presenta variación para a metade das terminacións con máis frecuencia. A especificidade do VOLGA de expresar os verbos mediante o infinitivo é a causa de que presente unha maior presenza de -R (en cifras aproximadas, das once mil palabras en -R, nove mil son verbos). A maior presenza de valores de -L nos datos do VOLGA débese ós adxectivos: mentres que nos textos teatrais só aparece ou ben a forma en -BLE ou en -BEL para os adxectivos, no VOLGA aparecen as dúas formas máis de 900 veces cada unha (de entre 12.000 adxectivos).

O que si é máis frecuente nos corpus de fala flexionada son as terminacións -N, -S e -A, debido a que as palabras flexionadas aumentan as súas aparicións por seren as marcas habituais de plural verbal e plural e feminino nominal respectivamente, que no VOLGA aparecen baixo o lema en infinitivo ou masculino singular. As terminacións -I e -U tamén aumentan a máis dun 2% no corpus teatral sobre todo en T-COND-CONM e T-COND-SENM, que tamén é debido á conxugación verbal, neste caso do pretérito.

As distribucións de estranxeirismos T-STRAN-SENR-CONM e V-STRAN-SENR-CONM teñen a particularidade de presentar terminacións átipicas nas outras distribucións: -T, -Y, -K, -I, -H, -G ou -F. Un caso especial é o -Æ presente na expresión DRAMATIS PERSONÆ da obra de Nacho Taibo. Aparecen tamén un -Ê, dous -Ô e dous À, que se incluíron baixo as vogais sen ningún tipo de acento. Con todo, non sorprende que as terminacións dos estranxeirismos coincidan coas das outras distribucións, pois a lingua ás veces "recorre a vocais de apoio no proceso de integración, [...] (*bucle, cobalto, cheque, casete, envite, iate, ponche, tanque*) [...] [mentres que hai] outros semellantes en que non o fai (*debut, complot, fagot, boicot, sándwich, iceberg, slogan, smóking, snob, sprint, stárter, stock*...)." (Rodríguez Río 1998:305).

*3.3. Distribución do derradeiro fonema*

Para poder contrastar fonemas e grafemas finais cómpre facer varios grupos. Nos fonemas, sumamos os diferentes valores das vibrantes nun só valor. Por cuestións prácticas, tamén xuntamos os valores dos fonemas palatais fricativo e africado, pois moitas veces veñen representados. Nos grafemas, agrupamos aqueles que se len igual en posición final de palabra: -B + -V, -U + -W, -I + -Y, -Æ + -E e -C + -K + -Q. Para os fonemas /b/ e /p/ tivemos que estimar os valores como 2,80 e 2,35, pois non se explicitan na fonte orixinal.




**GRÁFICA 2: % frecuencia fonémica final - % frecuencia fonémica xeral**

Como se pode observar na gráfica (GRÁFICA 2: frecuencia fonémica final / frecuencia fonémica xeral), unha boa parte dos fonemas presenta unha frecuencia en posición final absoluta semellante ou pouco menor á xeral que ten para tódalas posicións da palabra. Por iso é máis rechamante que aumente a frecuencia das vogais /a/ e a suma das vogais medias velares (-O), mentres que diminúe a das suma das vogais medias palatais (-E). A frecuencia de /r/ final aumenta no VOLGA debido a que os verbos teñen todos esta terminación, mentres que a de /l/ aumenta en tódalas fontes. Sorprende tamén que a maior baixada sexa no fonema pechado palatal (-I), pois tamén está presente en terminacións verbais, pero tódolos comportamentos cambian cando se consideran os estranxeirismos: baixan os fonemas máis habituais (salvo -O no VOLGA) mentres que soben outros fonemas máis escasos como /m/, /g/ ou /f/. O caso dos fonemas

palatais agrupados comparados cos grafemas -CH + -X é un dato falseado porque tamén se incluíron os valores de -H.

### *3.4. Distribución do número de sílabas*




**GRÁFICA 3: número de sílabas**




**GRÁFICA 4: número de sílabas con monosílabos**

A cantidade de sílabas por palabra ten unha variación maior cá anterior (GRÁFICA 3: número de sílabas). A presenza de monosílabos dispárase na distribución con repetición (T-CONR-CONM). Isto débese á enorme frecuencia deles na fala común. Unha comparación específica entre as distribucións con monosílabos (GRÁFICA 4: número de sílabas con monosílabos) permite observar que a distribución acampanada do VOLGA baixa o seu máximo no corpus teatral sen repeticións. Pero cando se considera a frecuencia de uso dos monosílabos, a distribución gaussiana convértese nunha hiperbólica, onde a frecuencia é maior cantas menos sílabas ten a palabra. Loxicamente, as distribucións sen repetición presentan medias máis altas, de 3 e 4 e mesmo 5 sílabas, en realidade porque a presenza de monosílabos é moi frecuente nas que contan con repetición. Isto vén amosado tamén polos seguintes valores medios:

| | |
|---|---|
| T-CONR-CONM | 2,12 |
| T-CONR-SENM | 2,78 |
| T-SENR-CONM | 3,38 |
| T-SENR-SENM | 3,43 |
| T-STRAN-SENR-CONM | 2,46 |
| V-SENR-CONM | 4,02 |
| V-SENR-SENM | 4,04 |
| V-STRAN-SENR-CONM | 2,73 |

Con todo, o VOLGA presenta unha frecuencia de pentasílabas maior ca nas distribucións teatrais sen repetición: un repaso dos datos amosa que se trata principalmente de cultismos, adverbios rematados en -MENTE e outros derivados. A amálgama dos pronomes átonos co verbo nos textos teatrais non compensa estes lemas. Este dato será maior có real debido ó comentado anteriormente sobre o erro de asumir o resultado da eliminación de consoantes coma unha conta das sílabas. Se se eliminan os 480 monosílabos (e outros datos con circunstancias adicionais descritas na casuística da categoría) evidentemente aumenta a media, pero son relativamente tan poucos que o fai só en dúas centésimas. Como

curiosidade, atopamos que as palabras con maior número de sílabas adoitan presentar na súa formación as secuencias -MENTE, -DADE e sobre todo -CIÓN (mesmo en interior de palabra: *inconstitucionalidade*).

Os datos do teatro amosan unha presenza de palabras de 3 sílabas maior cá dos lemas do VOLGA, que probablemente sexa debida á enorme variación flexional de verbos, nomes e adxectivos.

Curiosamente, as dúas distribucións de estranxeirismos presentan unha media máis baixa, unha maioría de bisílabos, unha maior presenza de monosílabos e son moi similares entre elas (con valores xerais de NS un pouco máis elevados no caso da do VOLGA).

De tódalas nosas distribucións, as máis semellantes ós cálculos de Regueira (2007:242) sobre o número de sílabas para nomes comúns (10%-50%-30%-10%, obviamente con monosílabos) son as dúas de teatro con repeticións (T-CONR-CONM: 35%-30%-15%-10%-5%; T-CONR-SENM: 0%-50%-30%-15%-5%) e as de estranxeirismos (T-STRAN-SENR-CONM: 25%-35%-25%-10%-5%; V-STRAN-SENR-CONM: 15%-35%-30%-15%-5%). Polo tanto, poderiamos deducir que os seus datos contemplaban as repeticións, pois o resto das distribucións prefiren os tetrasílabos (as do VOLGA) e os trisílabos. Con todo, a máis probable é a T-SENR-CONM (2%-20%-35%-27%-11%), pois debemos lembrar que o erro no algoritmo é unidireccional e crecente.

### *3.5. Distribución da posición da tónica*

A situación da tónica é bastante constante entre distribucións e desigual para os distintos valores de PT. Como se pode observar na figura correspondente (GRÁFICA 5: posición da tónica), salvando cando se consideran os monosílabos e as repeticións ou os estranxeirismos, máis do 60% son oxítonas. Os valores medios tenden principalmente á posición paroxítona e son menores nas distribucións con repetición, con monosílabos ou de estranxeirismos:

| | |
|---|---|
| T-CONR-CONM | 1,57 |
| T-CONR-SENM | 1,91 |

| | |
|---|---|
| T-SENR-CONM | 1,96 |
| T-SENR-SENM | 1,98 |
| T-STRAN-SENR-CONM | 1,47 |
| V-SENR-CONM | 1,82 |
| V-SENR-SENM | 1,82 |
| V-STRAN-SENR-CONM | 1,68 |




**GRÁFICA 5: posición da tónica**

Os valores máximos para as graves son máis marcados nos textos teatrais, debido ás repeticións reais e ás repeticións encubertas, é dicir, ás diferentes formas flexionadas que no VOLGA se simplifican nun só lema pero que no corpus teatral teñen cada unha a súa aparición. Os monosílabos son tan frecuentes que, cando se consideran as súas repeticións, desprazan a distribución ata case igualar as oxítonas (45%) e as paroxítonas, (50%) reducindo tamén a presenza de proparoxítonas (5%). Loxicamente, unha omisión das abundantísimas oxítonas monosilábicas reduce a súa presenza ó 15% do total, mentres aumenta a porcentaxe das paroxítonas a máis do 70%.

Nos estranxeirismos tamén se igualan estas dúas acentuacións, para o cal pode haber ata tres explicacións: que moitos dos estranxeirismos sexan monosílabos (como xa vimos), que nunha das linguas orixinais dos estranxeirismos (o francés) tódalas palabras

sexan agudas ou que hai moita frecuencia de estranxeirismos rematados en consoante, polo que os lectores galegos que len a palabra sen acento gráfico por primeira tenden a pronunciala coma oxítona.

As nosas distribucións permiten deducir outra vez que Regueira traballou só coas distintas formas flexionadas, sen considerar as frecuencias de repetición, pois na gráfica 5 podemos ver que as que máis se aproximan ás porcentaxes do seu gráfico 3 (Regueira 2007:243) son T-SENR-CONM e T-SENR-SENM.

## *4. Distribucións cruzadas*

A combinación dos catro parámetros considerados anteriormente produce seis novos grupos de datos con dous parámetros (CX-DG, CX-NS, CX-PT, DG-NS, DG-PT e NS-PT).

Para calquera destas distribucións, sempre hai dúas porcentaxes: a que se obtén de dividir cada resultado entre a suma de tódolos valores cos que coincide en valor no primeiro parámetro ou no segundo. De cada porcentaxe dedúcense tendencias distintas: por exemplo, en CX-DG, o dato para "verbo e terminación en R" pode dividirse entre o total de verbos ou entre o total de R: no primeiro caso, dará o 100%, pois tódolos verbos rematan en R, pero no segundo dará menos, os verbos en R son só unha parte de tódalas palabras rematadas en R. Con todo, os resultados dunha delas serán case sempre moito máis interesantes.

### *4.1. Distribución CX-DG*

Na primeira combinación CX-DG (GRÁFICA 6: DG/CX en V-SENR-CONM) poden destacarse os seguintes resultados esperables (e obvios algúns deles):

- a exclusividade de -R nos verbos
- en contraste, a presenza de substantivos con tódalas terminacións posibles (e case tamén para adxectivos)
- a case exclusividade de -O nos participios (salvo para *preñe*)
- a predominancia de -O nos adxectivos, e menos en substan-

tivos, pronomes e contraccións (31 casos dun total de 67), pero de -A nos adxectivos-substantivos e artigos (3 casos: *a, unha, la*)

- a maioría de vogal non pechada nos substantivos
- a predominancia de -E nos adverbios, dos cales só 26 non rematan en -MENTE
- a relativa abundancia de -S nos numerais (15 casos dun total de 44)
- a predominancia dos substantivos en tódalas terminacións excepto -F, -L e -R, onde son maioría respectivamente as interxeccións (con 5 casos: *paf, pataplaf, plof, puf, uf*), os adxectivos e os verbos. Tamén en -H son abundantes as interxeccións (3 casos dun total de 16: *ah, eh, oh*) e en -O os adxectivos (debido á forma de enuncialos en masculino singular).




**GRÁFICA 6: DG/CX en V-SENR-CONM**

Estes datos quedan esquematizados na seguinte táboa:

| | |
|---|---|
| S | todas |
| SA | -A, -O |
| A | -O, -L, -R, -A |
| AV | -O (-E) |
| V | -R |
| B | -E (-O, -A, -S) |

Estes resultados mudan pouco cando se omiten os monosílabos, e os cambios afectan principalmente a artigos, interxeccións, contraccións e pronomes. Neste caso, coa desaparición das interxeccións monosilábicas, os substantivos convértense na categoría gramatical maioritaria das palabras en -H.

En cambio, cando se consideran os estranxeirismos, a situación modifícase radicalmente: a interxección pode rematar unicamente en -O (1 caso: *alto*), terminación tamén maioritaria para o adverbio (*piano, pianíssimo, scherzando, adagio, allegro* e *allegretto* fronte a *andante* e *passim*), e o verbo segue a rematar exclusivamente en R. O substantivo xa é maioritario en tódalas terminacións salvo en -X, terminación na que cede parte do seu posto maioritario ós adxectivos (5 casos de 37: *unisex, dúplex, múltiplex, réflex, síux*).

### *4.2. Distribución CX-NS*

Na relación entre a cantidade de sílabas e a categoría gramatical (GRÁFICA 7: NS/CX en V-SENR-CONM) pode verse que as proporcións máis altas son as seguintes:

- nos artigos, os monosílabos;
- nas conxuncións e nas preposicións, as bisílabas;
- nos verbos, os trisílabos;
- nos participios, os tetrasílabos;




**GRÁFICA 7: NS/CX en V-SENR-CONM**

Cómpre notar que a maioría dos adverbios son hexasílabos, que resulta ser dúas sílabas máis cós adxectivos puros e tres máis cós adxectivos-substantivos. Isto indicaría que moitos se construirían con -MENTE (o cal é certo: de 1857 adverbios, só 180 non rematan así) e que preferentemente se constrúen con adxectivos que non son substantivos. Isto parece ser certo pois certos adxectivos con valor case substantivo semellan impedir o adverbio: *bisectrizmente, pluscuamperfectamente, alisiamente, esterlinamente, maionesamente, claudiamente, encintamente*, etc.

Cando as porcentaxes se fan sobre o número de sílabas, os substantivos teñen máis dun 40% en tódolos valores, pero hai máis dun 20% en adxectivos (para 4, 5, 6 e 11 sílabas; este último caso débese a unha gralla do VOLGA: *lúcidamente*) e en adverbios (para 7, 8, 9 e 10 sílabas). Cómpre lembrar que estes valores de NS son sempre maiores ou iguais ós reais.

Cando se eliminan os monosílabos, non hai cambios significativos salvo nas que teñen medias máis pequenas: preposición, conxunción, interxección, pronomes, numerais e contraccións. Si hai variación cando se trata dos estranxeirismos pois:

- non presenta conxuncións, numerais nin participios;
- os máximos para as oxítonas de preposición, interxección e contracción son máis acentuados;
- sobe a media dos adxectivos, cun máximo nas 4 sílabas;
- baixa a media dos adverbios, de 6 a 3, debido á presenza de poucos adverbios entre os estranxeirismos;

Nas porcentaxes de cada categoría gramatical para cada NS en particular, os resultados para estranxeirismos son idénticos ós das distribucións anteriores.

Observamos tamén o máximo posible de sílabas para cada categoría e vemos que NS é maior canto máis aberta é CX. Neste aspecto coincide en certa maneira coa formulación da Teoría cognitiva recompilada por Lakoff (1987:32-33 citando a Brown e 1987:46 citando a Rosch) respecto a que as palabras de nivel básico son máis breves e simples, máis frecuentes (que veremos no apartado do corpus

teatral), máis comprensibles e lembrables neuronalmente e máis adquiribles polos meniños, entendendo como palabras de nivel lingüístico básico as que fornecen os significados máis gramaticais.

| | |
|---|---|
| substantivo (S) | 11 |
| adxectivo (A) | 11 |
| adverbio (B) | 9 |
| verbo (V) | 8 |
| participio (AV) | 7 |
| adxectivo2 (SA) | 6 |

*4.3. Distribución CX-PT*

Se a combinación é CX-PT (GRÁFICA 8: PT/CX en V-SENR-CONM), observamos unha continuación da tendencia xeral de maioría paroxítona, máis pronunciada en substantivos e sobre todo en adverbios e participios. As oxítonas van apa-recendo con proporción crecente dende as preposicións (28%), as interxeccións, as conxuncións, os pronomes, as contraccións (44%) ata os artigos (8 de 10) e anularse sistematicamente nos verbos, pero todos estes valores volven por debaixo do 20% cando se eliminan os monosílabos. Cando a distribución se calcula en función de NS, as probabilidades son máximas para verbos en agudas, para substantivos en graves e esdrúxulas e para adxectivos en esdrúxulas e sobresdrúxulas.




**GRÁFICA 8: PT/CX en V-SENR-CONM**

Os estranxeirismos (para os que só hai datos con substantivos, adxectivos, adverbios, verbos, interxeccións e un único pronome, *idem*) continúan estas tendencias oxítonas nas frecuencias para cada CX (salvo para o pronome).

Considerar o parámetro CG separando masculino e feminino permítenos confirmar ós cálculos de Regueira (2007:243) sobre que son "máis frecuentes as agudas de xénero masculino cás de xénero feminino": os resultados tirados dos datos do VOLGA varían dende o 17% de agudas nos femininos e o 16% nos masculinos en V-SENR-CONM e V-SENR-SENM ata o 2% no feminino e o 44% nos masculinos en V-STRAN-SENR-CONM. Cando se restrinxen estes datos ós bisílabos, Regueira (2007:244) calcula que hai máis graves (80%) entre os bisílabos femininos (e polo tanto agudos son o 20%) ca entre os bisílabos masculinos (60%). Os nosos resultados para masculi-nos dan a mesma porcentaxe nas tres distribucións do VOLGA, pero para femininos obtemos resultados máis altos aínda: un 95% de graves en V-SENR-CONM e V-SENR-SENM e o 100% en V-STRAN-SENR-CONM.




**GRÁFICA 9: NS/DG en T-CONR-CONM**

Respecto ó número de sílabas que pode observarse para cada terminación (GRÁFICA 9: NS/DG en T-CONR-CONM), son -E, -L, -N e -Z nas que predominan os monosílabos e -A, -I, -O, -R,

-S e sobre todo -U as terminacións nas que son máis habituais os bisílabos. A exclusión dos monosílabos produce que as frecuencias se repartan para as palabras de 2, 4 e principalmente 3 sílabas en todas estas terminacións. Cando as distribucións son as do VOLGA, -I, -U e -Z presentan frecuen-cias máximas para 2 e 3 sílabas; -A, -L, -O, -R e -S para 3, 4 e 5; -E para 4 e 5; e -N para 5 sílabas.

Se as porcentaxes se fan sobre NS, constatamos que -E é maioritario nas palabras de entre 6 a 9 sílabas, mentres que nas menores é -A e -O se se consideran as repeticións ou -A e -S se non. No VOLGA, -O e -R é maioritario entre 2 e 6 sílabas, o -E segue a selo entre 6 e 10 e -N e -O nas 11 sílabas.

A situación nos estranxeirismos é moito máis hetero-xénea, sobre todo no corpus teatral. Cada fonte ten uns resulta-dos distintos, aínda que -H, -F, -P e -K semellan tender ó mono-silabismo, -C, -G, -L, -R e -Y ó bisilabismo e -N, -O, -E, -M, -A e -S ó trisilabismo. Detectamos tamén a coincidencia de que, cando se ordenan as terminacións do corpus teatral pola fre-cuencia de trisílabos, a mesma orde fornece unha distribución moi similar nos datos do VOLGA (GRÁFICA 10: NS/DG en T-STRAN-SENR-CONM e V-STRAN-SENR-CONM).




**GRÁFICA 10: NS/DG en T-STRAN-SENR-CONM e V-STRAN-SENR-CONM**

*4.5. Distribución DG-PT*

A relación entre DG e PT é a hipótese de partida deste traballo e o primeiro que observamos é que no VOLGA os resultados están máis espallados. Dado que a variación non é grande no corpus teatral (GRÁFICA 11: PT/DG en T-CONR-CONM), tanto se se consideran os monosílabos ou as repeticións coma se non, a concentración de resultados nunha tonicidade determinada para cada terminación nas formas flexionadas débese á redundancia provocada pola frecuencia nas terminacións, non nas palabras.




**GRÁFICA 11: PT/DG en T-CONR-CONM**

Os datos en porcentaxe no corpus teatral cando se refiren ó total de cada terminación amosan que a terminación -U é case exclusivamente paroxítona (98%) e en menor medida -A (69%), -S (69%), -O (67%) e -I (57%). Cando non se consideran as repeticións ou os monosílabos, estas frecuencias increméntanse enormemente, incluíndo as das terminacións -E (70%) e -N (56%), polo que podemos dicir que son os monosílabos e a súa frecuencia o que lle fornece unha maior variabilidade á correlación DG-PT. Uns exemplos destes monosílabos de alta frecuencia para as terminacións mencionadas son:

* *a, ca, da, dá, lla, ma, pra, xa*;
* *e, é, lle, me, pé, que, se, te*;
* *ben, can, cen, con, cun, dan, din, don, dun, fan, fin, gran, man, min, nin, non, nun, pon, quen, rin, san, sen, son, tan, ten, un, ven, vin*;

* *bo, cho, co, do, llo, mo, no, o, ó, pro, só*;

* *dás, dis, es, fas, gris, has, luns, nos, nós, tes, tras, tres, vas, ves, vés, vos, vós* e os plurais de moitas das anteriores;

Isto confirma a observación inicial e vén corroborado con que a distribución T-SENR-SENM para a terminación -E é a única na que as proparoxítonas aparecen con máis dun 20%. Cando se considera o grupo de estranxeirismos, os cambios máis destacables son, ademais da aparición dalgunhas terminacións predominantemente oxítonas (-K, -W ou -X ou interxeccións en -P), a subida de porcentaxe das paroxítonas para as terminacións -N (59%) e -Y (61%) e a baixada de -I (60%).

Os datos do VOLGA contrastan pola súa maior dispersión (GRÁFICA 12: PT/DG en V-SENR-CONM), pois -I, -L, -O, -S ou -U teñen porcentaxes próximas ou maiores do 20% en máis dunha tonicidade, aínda que este espallamento se traslada ás terminacións -N e -O e -S cando se eliminan os monosílabos.




**GRÁFICA 12: PT/DG en V-SENR-CONM**

Respecto á presunción de Regueira (2007:243) e a nosa (Fresco 2007:30) sobre que a configuración xeral da posición do acento no galego é de paroxítona para rematadas en vogal ou -S, tódalas distribucións do corpus teatral corroboran a hipótese (aínda que as distribucións sen repetición tamén inclúen o -N), pero os datos do VOLGA xa son discordantes: tenden a ser graves e esdrúxulas as terminadas en -S e a ser agudas as rema-tadas en -I e -U.

As distribucións de estranxeirismos tenden a asignar coma paroxítonas tamén as rematadas en -Y. Cómpre lembrar que nas terminacións dos estranxeirismos parece haber certa sistematicidade, polo menos cando proceden do francés e tanto se os procesamentos na adaptación procuran "ser fieis na medida do posible á grafía orixinal" como se tentan "reproducir a pronuncia da lingua emprestadora" (Rodríguez Río 1998:306). Isto dá que, sexa que rematen en consoante ou en consoante + vogal muda (onde se elimina ou mantén a consoante final ou cambia a vogal muda), non se modifica a posición da tónica, oxítona no orixinal. Cando os exemplos inclúen linguas, terminacións, modelos, épocas de introdución distintas, os resultados son máis variables:

- a solución para a terminación -ING en inglés amosa varios resultados segundo a época e facilidade (Rodríguez Río 1998:309, nota 24 e 312): *mitin, pudin, xilin* vs. *cámping, smóking*; aínda así, todos manteñen a vogal tónica como tal (para *footing* e *leasing* resulta máis difícil decidir a posición do acento gráfico, pois a escrita non coincide coa pronuncia);
- aínda que a terminación fonética fricativa palatal sonora pode representarse en galego, pois si se admite en posición implosiva (cf. *ux* do VOLGA e algunhas pronuncias populares de *hoxe* ou *fuxe* vs. Rodríguez Río 1998:306, nota 19), as solucións de *haxix* e *flash* son diferentes pola distinta lingua de orixe;

### *4.6. Distribución NS-PT*

O último agrupamento binario relaciona o número de sílabas e a posición da tónica (GRÁFICA 13: NS/PT en T-CONR-CONM). A conclusión obvia á que se chega coa súa comparación é que canto máis se afasta a tónica do final da palabra, máis sílabas ten. Pero disto non se deduce a inversa (GRÁFICA 14: PT/NS en T-CONR-CONM), pois cantas máis sílabas ten unha palabra, non hai máis probabilidades de que a tónica se afaste do final da palabra. Isto implicaría que o galego tería unha certa tendencia a marcar a tónica dende o comezo da palabra (como si pasa noutras linguas coma o

finlandés), pero non é certo. Tamén podemos inferir que cantas máis sílabas ten a palabra, máis probabilidades hai de que sexa paroxítona, contando con que as graves amosan sempre a probabilidade máis alta.




**GRÁFICA 13: NS/PT en T-CONR-CONM**




**GRÁFICA 14: PT/NS en T-CONR-CONM**

Estes resultados amosan a particularidade dunha medra de esdrúxulas para as nonasílabas, pero trátase simplemente de que a mostra conta con moi poucos datos (1 esdrúxula dun total de 4 palabras). No VOLGA, a porcentaxe de tónicas nos non estranxeirismos

tamén é máxima para as paroxítonas, pero non é tan acusada. No caso das de 11 sílabas, a porcentaxe de PT repártese a partes iguais entre os dous únicos datos que hai: unha aguda (*radiotelecomunicación*) e unha grave (*esternocleido-mastoideo*).

*5. Desviacións respecto á hipótese inicial e conclusións*

Con esta pescuda puidemos comprobar a veracidade xeral da nosa hipótese de partida e doutras relacionadas. Cos resultados obtidos, queda patente a tendencia do galego a unha alta frecuencia de aparición dos monosílabos, a unha tonicidade en posición maioritariamente paroxítona, ás palabras bisílabas e sobre todo trisílabas na lingua, a unha frecuencia de aparición de fonemas variable en función da posición na palabra, a certa relación entre a categoría gramatical e a forma escrita, a unha dependencia entre a categoría gramatical e o longo da palabra en número de sílabas e a unha correlación entre a tonicidade e os fonemas (e, nunha lingua na que a grafía representa principalmente a fonética, os grafemas) finais.

En concreto, o derradeiro grafema co que se adapta un estranxeirismo si parece influír tamén na sílaba que vai recibir a tónica, aínda que obviamente non a determina. Grazas á análise DG-PT podemos confirmar que en xeral é certa a hipótese de partida (son paroxítonas as rematadas en vogal ou -S e oxítonas tódalas demais), xa que as diferenzas atopadas restrínxense a que non son tan predominantemente paroxítonas (mesmo non minoritarias) as terminacións -E nalgunhas distribucións do corpus teatral e -I, -O, -S e -U noutras do corpus do VOLGA, mentres que a terminacións -N e -L tampouco son tan oxítonas.

Por todo isto, pode propoñerse xa como correcta a aplicación conxunta da hipótese de partida coa metodoloxía de adaptación de arabismos previa. Con todo, cómpre matizar que se debe aplicar antes da eliminación dos grafemas consonánticos (o 1 e o 18 no texto orixinal de Fresco Barbeito 2007:27) no paso da transliteración á transcrición, porque poden crear xuntar vogais que poden ser interpretables coma ditongos ou hiatos na transcrición resultante. Así, por exemplo, a palabra transliterada como *xarii*a* propónse como

paroxítona antes da perda do grafema <*> e conservaría a tónica nesa posición, co cal resulta transcrita en galego como *xaría*. De non ser así, cando se aplicase a escolla da tónica ó resultado directo da transcrición, tanto *xaría* como *xaria* cumprirían a posición paroxítona que pediría a terminación en vogal. No caso da simplificación das semivogais porén (Fresco Barbeito 2007:29, punto 27-28) entendemos que se podería aplicar na posición contraria, o cal permitiría reconstruír o orixinal (transliteración *Liibiya* > transcrición *Libia*, non *Libía*).

A nosa análise pide o contraste de novas hipóteses e abre como sem pre novas portas de investigación: unha análise e proposta sistemática para adaptar ó galego os estranxeirismos que se necesiten en función da lingua de orixe, da cadea fónica e gráfica orixinal e da época de introdución; un estudo da tonicidade e silabación en galego en función de parámetros verbais e silábicos; unha sistematización da adaptación e marcaxe dos estranxeirismos no VOLGA; unha investigación sobre a frecuencia dos fonemas en función da posición na sílaba e o tipo desta; ou unha proposta relativa ó xénero que se lle debe asignar ós estranxeirismos. Esperamos con este pequeno traballo divulgar os nosos resultados e contribuír ó interese da comunidade nestes temas.

*Agradecementos*

Este artigo nunca sería posible se non fose porque María tivo man de Adrián no tempo no que me dediquei á redacción, Luis e Marisa fixeron o mesmo con nós os tres e Alexandre Rodríguez Guerra tivo a enorme deferencia de mellorar (e moito) a miña iniciativa investigadora.

Álvarez, Rosario & Xosé Xove (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.

Ferreiro, Manuel (1996): *Gramática histórica galega*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento. (Ensaio 64).

Fresco Barbeito, Víctor (2007) "Transliteración e adaptación do árabe: aplicación terminolóxica", *Cadernos de Lingua* 29. A Coruña: Real Academia Galega, 5-43.

Gutiérrez Palma, Nicolás / Alfonso Palma Reyes (2004) "Acento léxico y lectura: un estudio con niños", en *Revista electrónica de investigación psicoeducativa y psicopedagógica* 4-2(2). Almería: Servicio de Publicaciones de la Universidad de Almería, 143-160. (http://www.investigacion-psicopedagogica.org/revista/contador_Art.php?articulos/4/espannol/Art_4_42.pdf)

Lakoff, George (1987) *Women, fire and dangerous things. What categories reveal about the mind*. Chicago: University of Chicago Press.

Méndez, Xosé A. (1997) "Noun Stress in Galician: An OT Perspective", en Benigno Fernández Salgado (ed.), *Proceedings of the 4th International Conference on Galician Studies = Actas do IV Congreso Internacional de Estudios Galegos: In Memoriam Emilio González López 1903-1991 (Universidade de Oxford, 1994)*, vol. I. Oxford: Centre for Galician Studies, 255-280.

NOMIG = *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (2005): Santiago de Compostela: Real Academia Galega / Xunta de Galicia.

Ohannesian Saboundjian, Maria (2004): *La asignación del acento en castellano*. Universitat Autònoma de Barcelona. Tese de doutoramento inédita. (http://www.tesisenxarxa.net/TDX/TDX_UAB/TESIS/AVAILABLE/TDX-0728105-140941//mos1de1.pdf)

Rodríguez Fer, Claudio / Francisco Botana Ferreiro (1984): "Escala da frecuencia fonemática galega" *Grial* XXII/85. Vigo: Editorial Galaxia, 291-302.

Regueira, Xosé L. (2007) "Patróns fónicos dos nomes de persoa", en Luz Méndez / Gonzalo Navaza (eds.), *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica Galega «Frei Martín Sarmiento» (Santiago de*

*Compostela, 2, 3 e 4 de setembro de 2002)*. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica, 239-255 (Biblioteca Galega de Onomástica, 1).

Rodríguez Río, Xusto Alexandre (1998) "O tratamento dos préstamos na norma léxica do galego", *Verba* 25. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 293-322.

VOLGA = González González, Manuel / Antón Santamarina Fernández (coord.) (2004): *Vocabulario ortográfico da lingua galega*. A Coruña: Real Academia Galega / Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. (http://www.realacademiagalega.org/volga)

# EDICIÓN CRÍTICA DE DOUS DOCUMENTOS DE 1418 ASINADOS POR GÓMEZ GARCÍA, NOTARIO DE SANTIAGO[1]

RAQUEL VILA AMADO
Instituto da Lingua Galega
Universidade de Santiago de Compostela

## RESUMO

Este artigo presenta a edición crítica de dous documentos notariais en que se recollen dous foros outorgados polo mosteiro de San Martiño Pinario a Gómez Gago, redactados ambos polo notario Gómez García en 1418 e conservados no Arquivo Catedralicio de Santiago de Compostela (ACS) e no Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela (AHDS), respectivamente. Inclúese tamén a xustificación dos criterios de edición utilizados

1 Quero expresar o meu agradecemento ós arquiveiros da catedral de Santiago, Xosé Manuel Sánchez e Arturo Iglesias, que me guiaron eficazmente e fixeron que esta investigación se volvese máis interesante.

A Maca Pérez, investigadora do ILG, pola súa axuda á hora de botar luz sobre as partes máis escuras destes documentos.

A Gonzalo Hermo, investigador do ILG, polo seu ánimo e a súa permanente dispoñibilidade para resolver as dúbidas que durante a redacción deste traballo foron xurdindo.

Ó profesor Ramón Lorenzo, pola súa amable e atenta revisión e as súas acaídas achegas.

E especialmente á profesora Ana Boullón, polo tempo dedicado, as atinadas correccións e a orientación e apoio constantes que me brindou ata que o meu inicial envurullo de notas se converteu neste artigo.

neste traballo e un estudo comparativo (desde o punto de vista formal e de contido) de ambos os manuscritos, ademais dos correspondentes índices antroponímico e toponímico.

**PALABRAS CHAVE**

edición crítica, lingüística histórica, prosa notarial galega, onomástica medieval, toponimia, antroponimia.

**ABSTRACT**

This paper presents the critical edition of two notarized documents that include two forums granted by the monastery of San Martín Pinario to Gómez Gago. Both texts were written by the notary Gómez García in 1418 and preserved in the Archive Cathedral of Santiago de Compostela (ACS) and Diocesan Historical Archive of Santiago de Compostela (AHDS. The justification of the criteria used in this paper and a comparative study (from the point of view of formal and content) of both manuscripts are also included, as well as the corresponding anthroponymic and toponymic indexes.

**KEYWORDS**

critical edition, historical linguistics, Galician notarized prose, medieval onomastics, place names, anthroponymy.

*Limiar*

O presente traballo trata da edición crítica de dous documentos notariais medievais, concretamente dous foros de San Martiño Pinario a Gómez Gago. Mediante estas edicións preténdese fixar un sistema ortográfico que sexa o fiel representante, sempre na medida do posible, da lingua do autor e da época a través dos signos de hoxe.

En primeiro lugar farei unha presentación dos documentos e do seu contido para deseguido centrarme no verdadeiro obxecto de interese: o texto. Con todo, antes de comezar co texto propiamente

dito aparecen explicados os criterios seguidos á hora de realizar as edicións. A continuación dos textos figura un aparato crítico onde se aclaran algúns aspectos pertinentes sobre algunhas palabras do texto. E finalmente inclúense os índices toponímico e antroponímico.

*1. Descrición dos manuscritos*

O primeiro manuscrito obxecto deste traballo dátase a principios do século XV. Como adoita acontecer cos documentos notariais, coñécese con exactitude a súa datación: 24 de setembro de 1418. Foi redactado en Santiago de Compostela, do que dá fe un notario xurado (Gómez García) ó final do documento.

Trátase dun orixinal elaborado en pergamiño (escrito pola parte interior, a pegada á carne, pois era a parte de mellor calidade). As súas dimensións son as seguintes: 389 mm de longo por 226 mm de ancho. O pergamiño está cortado de forma horizontal e regular, aínda que ten engadidos posteriores.

O engadido lateral consiste nun anaco de papel pegado ó pergamiño (agregado moito despois da súa confección) que presenta dous buratos polos que meter a corda que servía para encadernar. O engadido superior, a modo de resumo, en lingua castelá e letra humanística (probablemente do século XVIII), está feito tamén en papel e reza o seguinte:

> Ano 1418. *San* Miguel de Deyro. Foro a Gomez Gago y Orraca Fern*an*dez, su muger, por sus vidas y una voz del casal y heredad que llaman de Couce do Monte, en la f*eligres*ia de San Miguel de Deyro.

O documento está escrito en letra precortesá ou cortesá primitiva e en lingua galega. Presenta un bo estado de conservación. Polo reverso do documento podemos atopar o que parece unha *probatio pennae*. En diferente letra e en castelán, polo que non se pode inferir que sexa unha proba de pluma senón máis ben un engadido posterior, aparece un resumo do contido:

> Foro de San M*arty*no echo a Gomez Gago v*ecin*o de Pontevedra del casal de Couçe de Mo*n*te q*ue* es en la f*regues*ia de San Mjgel de Deyro.

O documento atópase no Arquivo Catedralicio de Santiago (ACS). Está catalogado dentro da colección López Ferreiro do Arquivo-Biblioteca da Catedral de Santiago de Compostela como o documento 346 e a súa sinatura é a seguinte: ACS, LD 28/17.

Trátase dun documento inédito, polo que non hai relación de edicións anteriores, aínda que si existe algunha referencia, como por exemplo no Arquivo Universitario (AHUS, I, Universidade, atado 473. Inventario, fol. 718 v; AHUS, II, Clero, leg. 817, Índice de foros IV, p. 432) ou no Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela (AHDS, San Martiño, c. 35 (Tombo XII), mazo 1/13, fol. 260 v[2]). Foi neste último arquivo onde atopei, seguindo unha referencia de Lucas Álvarez (1999: 184) un documento similar a este.

O manuscrito conservado no AHDS (fondo San Martiño Pinario, L 83/12) presenta moi mal estado de conservación, xa que falta texto por todo o lateral esquerdo (nin sequera se pode ler o nome do notario, que parece cortado intencionadamente) e por boa parte do lado dereito. As medidas actuais do documento (tomadas pola parte central, en forma de cruz) son 295 mm de ancho por 215 mm de alto. O alto do documento podería ser o orixinal, pero no ancho faltan arredor de dez ou doce centímetros, a xulgar polo fragmento faltante segundo a comparación establecida entre os dous documentos.

A letra do manuscrito do AHDS é a mesma que a do ACS (precortesá), mesmo se podería dicir que ambos os documentos foron escritos pola mesma man. Está escrito pola parte da carne e polo reverso, na mesma letra, pode lerse «martino de noue*n*bro e asy en cada huu ano» e «maço 4.7».

## *2. Comparación entre os documentos do ACS e AHDS*

Como xa se indicou, Lucas Álvarez informa da existencia dun documento, do que resume o seguinte:

2 A referencia actual é: San Martiño, serie Instrumentos de descrición, subserie Tombos, nº 9, fol. 260 v.

Fr. Fernán García, abad, afora a Gómez Gago y a su mujer Orraca Fernández, vecinos de Pontevedra, por sus vidas, sus hijos y 29 años el casal de Couso do Monte, en la feligresía de San Miguel de Deiro, por veinte libras de moneda vieja. Notario, Gómez García (184).

Esta información coincide coa que se extrae dunha primeira lectura do documento do ACS. Con todo, este resumo non coincide co contido do pergamiño do AHDS.

Dada esta contradición, decidín consultar as referencias a estes documentos para botar luz sobre o asunto. A referencia do AHDS alude ó documento do ACS[3] e nela pode lerse:

S*a*n Miguel de Deyro
Frai F*e*rnandez Garçia abbad hiço fuero a: Gomez Gago y a su muger Orraca Fernandez, vecinos de Ponte Vedra, por sus vidas y una voz y diez y nueve años del casal que se dize do Couso do Monte, sito en la f*eligresi*a de San Miguel de Deyro por pensión de veinte libras de moneda. Passo ante Gomez Garçia, notario. Ano de 1418. Maço primero de pergaminos fol. 13.

As referencias do AHUS (AHUS, II, Clero, leg. 817/826, Índice de foros IV, p.432/131[4] e AHUS, I, Universidade, atado 473. Inventario, fol. 716, 718 v[5]) achegan resumos dos dous pergamiños, que figuran como documentos diferentes (mesmo con distinta data). No índice de foros pode lerse o seguinte:

Deiro San Miguel. 1418.
Foro a Gomez Gago del Casal y heredad que llaman de Couce do monte. Renta veinte libras pequenas dela moneda usual. Ante Gomez Garcia Notario.

Mazo 4.º de Perg*amin*os. Pieza 87 [leg. 817, p. 432]

Tremoedo, S*a*n Esteuan. 1408
Foro a Gomez Gago, del lugar de… Renta 110 mrs.

3 Non atopei no tombo ningunha referencia ó aforamento do AHDS.

4 Índice de foros de 1798 (varios tomos).

5 Inventario de 1821 titulado *Ymbentario d'este archibo año 1821*

Mazo[6] 4.º de Perg. P*iez*a 44 [leg. 826, p.131]

Algo semellante acontece no inventario de 1821, que achega a seguinte información:

Deyro S*a*n Miguel
Foro a Gomez Gago y su muger Urraca Fernandez su muger del casal y heredad que llaman de Couce do Monte en esta feligresia era 1418 [numerado como 87][fol. 718 r-v]

Tremoedo San Estevan

Foro a Gómez Gago de un lugar de esta feligresia era de 1408 [numerado como 44] [fol. 716 v]

Ningún dos textos referidos a Santo Estevo de Tremoedo precisa o lugar, polo que é probable que o documento xa estivese deteriorado no s. XVIII. Podería pensarse que se trata de copias, mais as diferenzas en redacción e contido desbotan esta idea. Nestas referencias os documentos figuran con datas distintas: 1418 e 1408. Non se sabe se se trata dunha errata repetida froito dunha mala lectura ou se os compiladores do resumo consultaron unha fonte anterior que contiña esa data. Con todo, a lectura do texto demostra que o ano de ambos os documentos é o mesmo: 1418.

Así, tras unha análise máis exhaustiva dos pergamiños revélase que existen diferenzas entre os dous documentos, o que impide pensar nun orixinal múltiple, ó contrario do que dá a entender Lucas Álvarez (1999: 84) e despois reproduce Sánchez Sánchez / Novás Pérez (2013: 121). É posible que a existencia de dous documentos tan parecidos e con datas moi aproximadas se deba a que foron realizados o mesmo día polos mesmos protagonistas, aproveitando o mesmo acto xurídico, e non só á existencia de posibles modelos documentais.

As diferenzas de contido entre os textos radican no lugar aforado (Couce do Monte, na freguesía de San Miguel de Deiro *vs.* Santo Estevo de Tremoedo), dos seus anteriores propietarios (o pai

6 Lémbrese que no reverso do documento do AHDS aparece *maço* 4.7.

de Orraca Fernández, García González da Arousa, *vs*. Xoán Pérez e a súa muller María Eanes) e da renda que teñen que pagar (vinte libras pequenas de moeda en curso *vs*. cento dez marabedís). Coinciden o abade (Fernán García), os foreiros (Gómez Gago e Orraca Fernández), as testemuñas lexibles no texto máis deteriorado (Pero Novo, Gonzalo, Fernán Ares, Roi Lourenzo) e o escribán (Xoán da Rigueira), así como o símbolo do notario.

## *3. Contexto*

Antes de comezar coa edición dos textos, vou dedicar un pequeno espazo á contextualización dos documentos. Para isto, explicarei brevemente en que consiste un foro e comentarei os participantes (persoas e institucións que toman parte nel) e as circunstancias.

### *3.1. Foro*

Como xa se sinalou, os documento son dous foros, tamén coñecidos como *aforamentos* ou *arrendamentos* (Vázquez Bertomeu 2001: 72). O foro como contrato xorde arredor do s. XI, cando a reforma monástica impulsou unha nova forma de explotación da terra por parte dos mosteiros. O éxito do modelo permitiu que este se mantivese ata principios do século XX. Trátase do tipo documental máis frecuentemente conservado.

Este tipo de documento rexistra a cesión do dereito de uso dun inmoble rural ou urbano e emprégase tanto para alugar terras e/ou casas como instalacións industriais ou comerciais (tendas, muíños, lagares). Segundo a duración do contrato, pódense diferenciar dous tipos: «en un caso, se conciertan por escaso tiempo (cinco o diez años, un máximo de veintiuno); otros por largos períodos (101 o incluso a perpetuidad) o a voces (como mucho tres voces y veintinueve años). Esta última forma –a voces– es la preferida por las instituciones eclesiásticas» (Vázquez Bertomeu 2001: 72).

O motivo polo que os mosteiros prefiren este tipo de foros é garantir a estabilidade da produción e permitir poñer en rendemento terras que esixen un grande investimento de traballo. Co paso do tempo, a tendencia a renovar os foros ós descendentes dos seus arrendatarios (estes foros son un exemplo dese costume, pois anteriormente estiveron arrendados polo pai de Orraca Fernández, García González da Arousa [ACS] e por Xoán Pérez e a súa muller María Eanes [AHDS], respectivamente) acabou por converter os foros en perpetuos, ligando os arrendatarios á terra que traballaban. O documento obxecto de traballo sitúase dentro dos foros de longa duración (tres voces e dezanove anos: a vida de Gómez Gago, a da súa muller Orraca Fernández, a dun fillo de ambos os dous e mais dezanove anos).

No referente ó contido do foro, o arrendatario comprométese a pagar unha renda anual e a devolver o inmoble en bo estado ó final do arrendamento. Nas escrituras especifícanse o ben cedido, a súa localización e lindes, a duración do contrato, as condicións económicas e a forma de pagamento (a renda que se compromete a pagar o arrendatario), as obrigas das dúas partes (que poden incluír desde reparacións, traballos ou prestacións que ten que realizar o arrendatario ata as obrigas de protección ó arrendatario por parte do propietario –como acontece nos cotos señoriais–) e as cláusulas notariais de restrición e renovación. Mesmo cando estes negocios tiñan como obxecto da transacción bens rurais, escriturábanse con frecuencia nas notarías urbanas, xa que os arrendatarios acudían ás vilas onde residía a institución propietaria a realizar o trato (Vázquez Bertomeu 2001: 72), como é o caso destes foros sobre os que se traballa.

Podemos identificar dúas características en particular que son propias dos foros que durante o século XV estiveron vinculados co cabido de Santiago: a aparición do pagamento da renda en moeda en lugar de en especie como fora habitual nos séculos anteriores e a obriga de que unha parte da explotación do terreo aforado se dedique ó cultivo da viña (Pérez Rodríguez 1994: 76, 137). Neste tempo moitos foros incluían pagamentos mixtos en especie e en moeda, pero nos foros obxecto de estudo o pagamento figura só en moeda e non hai ningunha indicación de pagamento en especie, en traballo ou en obrigas e recoñecementos de autoridade como se pode atopar

noutros documentos deste tipo en datas similares. No foro do ACS o que si aparece é unha imposición referente ó cultivo da viña (*q*ue *ponades* et *chantedes* et *p*er*feitedes p*or *vosa custa de vjna*). Nesta altura, moitas autoridades monásticas trataron de impulsar o cultivo da viña[7] nas súas propiedades arrendadas, sobre todo nas zonas dedicadas a exportación vitivinícola (as Rías Baixas ou a Ribeira Sacra, por exemplo).

### *3.2. Contido e participantes*

O documento do ACS recolle un foro do mosteiro de San Martiño Pinario e o seu abade, Fernán García, a Gómez Gago e a súa muller, Orraca Fernández, veciños de Pontevedra, do casal e a herdade de Couce do Monte, na parroquia de San Miguel de Deiro (actual concello de Vilanova de Arousa), polo tempo das súas vidas, unha voz e dezanove anos, e por unha renda anual de vinte libras pequenas.

O documento do AHDS é tamén un foro do mosteiro de San Martiño Pinario e o seu abade, Fernán García, a Gómez Gago e a súa muller, Orraca Fernández, veciños de Pontevedra, das herdades, casas e casares dun lugar sen identificar da parroquia de Santo Estevo de Tremoedo (actual concello de Vilanova de Arousa), polo tempo das súas vidas, unha voz e dezanove anos, e por unha renda anual de cento dez marabedís.

Podemos identificar as partes e a información que figuran nestes documentos. A fin de facilitar a análise, vou indicar entre parénteses a procedencia dos datos (ACS, AHDS), sen ter en conta as partes reconstruídas.

- Propietario: mosteiro de San Martiño Pinario[8], da cidade de

7 O incremento do cultivo da viña, sobre todo a partir dos séculos XI e XII, debeuse ó interese tanto de mosteiros e grandes señores, como das cidades, cuxos mercados reclamaban cada vez máis cantidade de viño (Ladero Quesada 2001: 390).

8 No documento aparece como San Martino de Fóra debido a que «la ubicación externa del lugar de Pinario [fóra da primeira muralla que constituía a cidade] propiciará que durante siglos el cenobio sea conocido como San Martín de Fóra, a pesar de que queda dentro de la segunda muralla» (López Alsina 1988: 144-45).

Santiago (ACS, AHDS), representado polo abade frei Fernán García (ACS, AHDS) e os monxes frei Pero Suárez (ACS, AHDS), frei Roi Martíns (ACS), frei Xoán de Gulfar (ACS, AHDS), frei Afonso de Camanzo (ACS, AHDS), frei Xoán Curuxo (ACS) e frei Xoán de Muro (ACS, AHDS).

- Arrendatarios: Gómez Gago (ACS, AHDS) e súa muller, Orraca Fernández (ACS, AHDS), veciños e moradores da cidade de Pontevedra.
- Tempo: as vidas de ambos os dous máis unha voz (a vida dun fillo da parella ou dun herdeiro designado polo último en morrer) e dezanove anos.
- Propiedade: casal e herdade do Couce do Monte na freguesía de San Miguel de Deiro (Vilanova de Arousa) (ACS) / casais, herdades e casares dun lugar indeterminado na freguesía de Santo Estevo de Tremoedo (Vilanova de Arousa) (AHDS).
- Renda: vinte libras pequenas da moeda en uso (despois da súa morte a renda pasa a vinte e tres libras da dita moeda) (ACS) / cento dez marabedís (AHDS).
- Condicións: inclúese a maiores a obriga de plantar unha viña e figura unha pena de mil marabedís por incumprir as condicións do foro (ACS) / a mala conservación do documento do AHDS impídenos saber se había algunha condición específica.
- Testemuñas: Xoán Raposo (ACS), Gonzalo Migues (ACS), Pero Novo (ACS, AHDS), Xoán Fernández (ACS), Gonzalo (ACS, AHDS), Fernán Ares (ACS, AHDS), Roi Lourenzo (ACS, AHDS).
- Escribán: Xoán da Rigueira (ACS, AHDS).

### *3.3. Mosteiro*

O mosteiro de San Martiño Pinario é unha fundación beneditina do século IX, consagrada por Diego Xelmírez. No século XV, o mosteiro era xa un dos máis ricos e poderosos de toda Galicia. A súa actual factura é froito das remodelacións realizadas polos

monxes entre os séculos XVI e XVIII. Do mesmo xeito que as casas nobiliarias, os mosteiros tamén tratan de garantir a perpetuación da súa situación preeminente no tempo. Para iso tratan de fortalecer a posición do mosteiro en todos os planos: económico, político, xurídico etc. Parte das iniciativas desenvolvidas para isto consisten na adquisición de terras e rendas, incremento do seu poder político e xurisdicional (coutos eclesiásticos), incremento da súa sona, independencia política ou supremacía sobre os poderes locais, creación dun cinto de propiedades en torno ó núcleo do mosteiro sobre as que teñan poder económico e xurisdicional etc. Todo este esforzo prolongado e sostido xerou unha gran cantidade de documentación que abarca dende doazóns ou mandas testamentarias a privilexios reais ou disputas xudiciais con outras autoridades, pasando por documentos contables ou contratos como os foros (Pérez Rodríguez 1994).

### *3.4. Notario*

No século XV, o cabido de Santiago recorría habitualmente a notarios públicos para a sinatura de diferentes documentos. Ademais, á parte dos notarios públicos laicos, existía outra figura: a dos notarios clérigos (cregos ou monxes adscritos ó cabido que exercían como notarios). Os notarios clérigos asinaban co título *notario publico jurado de Santiago porla igleia de Santiago* (Pérez Rodríguez 1994: 105-113), que é xustamente o que se atopa no documento que se edita: «Eu, Gom*e*s Garçia, not*a*rio publico jurado de Santiago porla igl*e*ia de S*an*tiago, a esto p*re*sent*e* fuy *et* fiz s*cri*pvir *et* aq*ui* meu nom*e* *et* signal poño q*ue* tal he en t*estimoy*os de u*er*dade [signo].»

Aínda que o nome do notario no documento do AHDS non é lexible no texto conservado, o signo que aparece autenticando o documento é igual nos dous foros:

ACS AHDS

Mediante o *Corpus Xelmírez* tiven noticia do traballo de Gómez García en documentos conservados no Arquivo Histórico Universitario de Santiago de Compostela (AHUS), no Arquivo Municipal de Santiago (AMS) e no Museo de Pontevedra (MP). Consultei os libros citados no corpus (Lucas Álvarez / Justo Martín 1991, Rodríguez González 1989, Rodríguez González 1992) para ofrecer a seguir unha listaxe exhaustiva dos documentos editados de Gómez García:

*Táboa 1: Documentos editados de Gómez García en calidade de notario*

| | ANO | LUGAR | TIPO | EDICIÓN |
|---|---|---|---|---|
| 1 | 1417, febreiro, 9 | AMS | Carta de pago | Rodríguez González, Ángel (1992: 35) |
| 2 | 1417, novembro, 13 | AMS | Orde | Rodríguez González, Ángel (1992: 77) |
| 3 | 1418, febreiro, 18 | AMS | Carta de pago | Rodríguez González, Ángel (1992: 98) |
| 4 | 1421, xaneiro, 30 | AHUS | Venda | Lucas Álvarez e Justo Martín (1991: 293) |
| 5 | 1422, marzo, 14 - 1423, novembro, 9 | AHUS | Testamento | Lucas Álvarez e Justo Martín (1991: 294) |
| 6 | 1422, outubro, 25 | AHUS | Recuperación de terras | Lucas Álvarez e Justo Martín (1991: 296, 298) |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 7 | 1423, novembro, 8-9 | AHUS | Apertura testamento | Lucas Álvarez e Justo Martín (1991: 299, 300) |
| 8 | 1427, agosto, 30 | AHUS | Procurazón | Lucas Álvarez e Justo Martín (1991: 319) |
| 9 | 1432, febreiro, 1 | MP | Acordo/ Testemuño | Rodríguez González, Ángel (1989: 53, 54) |
| 10 | 1432, xaneiro, 24 - febreiro, 23 | AHUS | Accións xudiciais: sentenza e execución | Lucas Álvarez e Justo Martín (1991: 325) |
| 11 | 1432, febreiro, 26 | AHUS | Demanda | Lucas Álvarez e Justo Martín (1991: 328, 329)[9] |
| 12 | 1434, setembro, 23 - outubro, 6 | AHUS | Testamento | Lucas Álvarez e Justo Martín (1991: 357, 359) |
| 13 | 1434, outubro, 7 - 1441, marzo, 11 | AHUS | Acta de cumprimento de legados | Lucas Álvarez e Justo Martín (1991: 362, 366) |
| 14 | 1436, xaneiro, 26 | AHUS | Dote | Lucas Álvarez e Justo Martín (1991: 373) |
| 15 | 1437, xullo, 15 | MP | Acordo | Rodríguez González, Ángel (1989: 119) |
| 16 | 1438, agosto, 7 | AHUS | Doazón | Lucas Álvarez e Justo Martín (1991: 403) |
| 17 | 1441, febreiro, 9 | MP | Nomeamento | Rodríguez González, Ángel (1989: 156) |
| 18 | 1441, febreiro, 11 | MP | Requirimento | Rodríguez González, Ángel (1989: 156) |
| 19 | 1442, xullo, 9 | AHUS | Testamento | Lucas Álvarez e Justo Martín (1991: 418) |
| 20 | 1442, xaneiro, 1 | MP | Presentación | Rodríguez González, Ángel (1989: 159) |

9 No índice onomástico de Lucas Álvarez e Justo Martín (1991) figura atribuído ó notario Gómez García o documento 384, de 1504. Trátase dunha errata, que debería referirse ó documento 284, de 1432. Podería tratarse de dous notarios co mesmo nome en datas distintas (sería imposible que fose o mesmo), pero ó consultar o documento non figura Gómez García, senón Vasco Rodríguez como notario.

Ademais da relación anterior[10], en Lucas Álvarez / Justo Martín (1991) aparece un documento (testamento) de 1398, asinado polo notario de Santiago Alvar Pérez Pucariño, no que consta un *Gómez García, escribán*[11]. Podería tratarse dun exemplo conservado de como comezaba a carreira dun notario sendo escribán doutro xa establecido. Resulta rechamante a referencia de Rodríguez Núñez (1989: 462) dun documento de 1395 en que Gómez García aparece como notario (tres anos antes de atopalo como escribán). Con todo, a data de confección deste documento pode ser posterior á redacción do foro que se transcribe no documento[12].

Segundo a táboa, pódese testemuñar documentalmente, mediante vinte manuscritos, todos eles documentos xurídicos, o traballo como notario de Gómez García durante vinte e cinco anos.

Ademais, rexístranse tres pergamiños inéditos asinados por este notario en 1418 (ACS), 1424 (AHDS) e 1425 (ACS), os cales serán obxecto de publicación como unha segunda parte deste traballo.

---

10 Cómpre tamén advertir tamén a presenza de *Gómez García, notario*, como beneficiario dun pagamento nun documento de 1419 asinado polo notario Roi Martínez (ó final do documento o notario figura como Roi Fernández) (Rodríguez González 1992: 178).

11 «Testemoyas: Migell Fernandes de Saluaterra, notario del Rey; Ruy Cochias, Lopo de Monforte, et Ruy Garçia, homes de Martin de Burgos; Gomes Eanes home do notario et Gomes Garçia, escripuam» (Lucas Álvarez e Justo Martín 1991: 267).

12 Tras ler o texto completo do documento cheguei á conclusión de que este documento debe de posuír unha datación dobre: por unha banda, o establecemento do foro (1395), e pola outra, a redacción do documento por parte do notario Gómez García (non figura o ano). A miña xustificación recae nunha pasaxe do propio documento, onde o citado notario explica que el redactou o documento a partir das notas do notario Afonso Eanes Iacob: «Eu Gomes Garçia notario publico jurado de Santiago este instrumento de aforamento fiz façer das notas que pasaron perante Afonso Eanes Iacob, notario que fuy de Santiago, para as quaes notas copiar et sacar en publica forma eu ey poder et outoridade do sennor Arçebispo de Santiago don Lope, et aquí meu nome et signal ponno que tal he en testemoyo de verdade» (Rodríguez Núñez 1989: 462).

## *4. Criterios de edición*

Na edición do presente documento sigo fundamentalmente os criterios establecidos por Ramón Lorenzo (1998 e 2004), por permitiren estes «resolver de xeito adecuado a tensión existente en toda edición filolóxica entre fidelidade á lingua do orixinal e vontade de interpretación textual» (Hermo González 2011: 45). Ademais, tamén incorporo algunha das propostas de Boullón / Monteagudo (2009), como a de empregar aparato crítico en lugar de notas para facilitar a lectura.

Mediante esta edición preténdese fixar un sistema ortográfico que represente fielmente a lingua do autor e da época a través dos signos de hoxe.

### *4.1. Segmentación gráfica*

No tocante á segmentación de palabras, sigo o criterio de modernizar segundo os criterios da ortografía actual. Mantense a unión dos artigos *o*, *a* coa preposición *en* (*enno*, *enna*) e co indefinido *todo* (*todoslos*), pero sepárase cando aparece coas restantes palabras. Tamén aparece sempre xunto o alomorfo do artigo coas preposicións *por* e *per* (*perlo*). As contraccións que non se fan por escrito na lingua moderna indícanse cun apóstrofe (*d'anbos, d'oje*).

### *4.2. Maiúsculas e minúsculas*

No uso de maiúsculas e minúsculas actúo conforme á norma actual, a única excepción é a transcrición de <R> alto por <rr> duplo (*Rroy*, *Rregeira*).

### *4.3. Puntuación e disposición textual*

Actualízase, no posible, a puntuación, procurando respectar sempre a sintaxe medieval.

Recórrese á separación en parágrafos. Cando aparece marca de parágrafo no documento (l. 26 ACS, l. 23 AHDS) colócase punto e á parte.

### *4.4. Acentuación*

A acentuación utilízase exclusivamente con función diacrítica (*vós* vs. *vos*). No caso da P3 de singular do presente de indicativo do verbo *ser*, decidín non acentuar por presentar un <h> diacrítico sendo, deste xeito, imposible a confusión coa conxunción copulativa, que transcribo como *et*. Así, o uso do til restrínxese ós seguintes casos: *nós*, *vós* (pronome tónico) fronte a *nos*, *vos* (pronome átono); *fóra* (preposición) fronte a *fora* (forma verbal); *máis* (adverbio) fronte a *mais* (conxunción); *pagáremos* (futuro de subxuntivo) fronte a *pagaremos* (futuro de indicativo); *dé* (imperativo) fronte a *de* (preposición); *á* (preposición + artigo) fronte a *a* (artigo).

### *4.5. Criterios gráficos*

Os usos de <u>/<v> e <i>/<j> mantéñense tal cal aparecen no texto, sen ter en conta o seu valor vocálico ou consonántico.

Fican tamén fieis ó documento os grafemas <s>, <z> e <ç>.

Unifícase o <s> redondo e o <ſ> longo baixo un só. Tampouco se reproducen as plicas nin o punto sobre o <y> por responderen a características paleográficas e non grafo-fonéticas (Tato Plaza 1999: 78).

Non se simplifican as grafías duplas nin se actualiza o uso de <h> nin de <l> e <ll>, independentemente do valor que teñan fonoloxicamente as dúas últimas.

Respéctanse as marcas de escrita latinizante e pseudolatinizante (*Orraqu*a, scri*pvir*, *signal*).

Indícanse as letras ou secuencias sobrantes entre paréntese curvas (*(seg*und*o)*). Os números de liña colócanse en superíndice despois do salto de liña vertical, excepto cando vai no medio dunha palabra, caso en que non se indica o número. As peculiaridades do texto non se colocan en nota ó pé, senón en aparato crítico ó final do texto, xa que así non se complica a lectura.

*4.6. Signos de abreviación*

O sinal xeral de abreviación pode transcribirse como til de nasalidade cando indica nasalización, como <n> ou como <ñ>, segundo os casos. Se ten valor fonético, transcríbese como til nas formas en romance; cando hai perda de <-n-> indica que a vogal anterior está nasalizada e colócoo sobre a primeira vogal, aínda que apareza situado sobre a primeira, sobre a segunda ou sobre as dúas (*canpãa*); cando está colocado sobre un <n> lese <ñ> (*señor*), e cando equivale a <-n-> reponse en cursiva (*monte*).

Nos casos en que o sinal de abreviación non ten valor fonético, elimínase, indicando no aparato crítico esa característica (*ano*, *mill*). Nos casos de *enõ* e *enã* que aparecen no texto decidín seguir a Lorenzo (2004), quen considera que o sinal de abreviación correspondía a un <-n-> (resultando así *en*n*o*, *en*na e non *ẽno*, *ẽna*), polo que nos atopariamos aínda coa fase de asimilación, pero sen chegar á crase.

*4.7. Abreviaturas*

As abreviaturas desenvólvense na súa totalidade e sinálase regularmente en cursiva o desenvolvemento destas e mais dos sinais xerais.

O signo tironiano desenvólvoo como *et* debido a que é a forma que aparece en todas as ocorrencias que se atopan por extenso desta conxunción. A abreviatura de *tenpo* desenvólvese con *-n-* por ser a forma que se rexistra cando aparece por extenso. A abreviatura das letras gregas correspondentes ó nome de Cristo desenvólvese sen h: *Cristo* (Boullón / Monteagudo 2009: 86). As abreviaturas que por tradición gráfica manteñen grafemas que xa non existen en romance (*fco*, *Miglls*) resólvense sen reproducir eses grafemas (*f*eit*o*, *Mi*-*g*uee*s*).

*5. Edición do manuscrito ACS LD 28/17*

1418, setembro, 24

San Martiño Pinario
(Santiago de Compostela)

*Foro do mosteiro de San Martiño Pinario e o seu abade, Fernán García, a Gómez Gago e a súa muller, Urraca Fernández, moradores en Pontevedra, do casal e herdade de Couce do Monte, na freguesía de San Miguel de Deiro, polo tempo das súas vidas, unha voz e dezanove anos, e por unha renda anual de vinte libras pequenas.*

ACS, LD 28/17, orixinal, pergamiño, 389 x 226 mm, galego, bo estado.

Ano do naçeme*n*to de noso señor I*e*su Cr*is*to de mill *et* q*u*atroçe*n*tos *et* dez *et* oyto anos, vijnt*e* *et* q*u*at*r*o dias do m*e*s de sete*n*bro.

Sabea*n* todos q*ue* nós, frey F*e*rna*n* Garçia, abade do moest*ei*r*o* | [2] de San M*arti*no de Fóra da çidade de Santiago, *et* frey Rroy M*ar*tis *et* frey P*er*o Suarez *et* frey Jua*n* de Gulfar, frey Afon*so* de Cama*n*ço, frey Jua*n* Curujo et frey Jua*n* de Muro, mo*n*jes do d*i*to | [3] moest*ei*r*o*, estando juntados e*n*na caustra do d*i*to m*oestei*r*o* en noso cabidoo p*or* tanjeme*n*to de canpãa segu*n*do q*ue* avemos de custume, veendo *et* ente*n*dendo q*ue* esto aq*ui* adeant*e* co*n*tiudo | [4] he fe*i*to en prol *et* p*ro*ueito do d*i*to moest*ei*r*o*, avido sobre elo p*r*im*ei*ramente nosa deliberaçon et diligent*e* trautado, por ende, por nós *et* por nosos suçesor*es*, aforamos *et* da | [5] mos en aforamento *et* por rraso*n* de foro a vós, Gom*e*s Gago, *et* a vosa moll*e*r, Orraq*u*a Fer*nandes*, q*ue* p*re*sentes sodes, morador*e*s e*n*na vila de Pont*e* Vedra, d'oje este dia endeant*e*, por | [6] todo t*en*po de vosas vidas d'anbos et de cada hũu de vós, asi q*ue* fina*n*do hũu, q*ue* fiq*ue* e*n*no outro, et ao finame*n*to do postrom*ei*r*o* de vós anbos, dende endeant*e* porlo t*en*po da vida | [7] de hũa voz q*ue* seja fillo ou filla de vós anbos, *et* no*n* avendo vós fillo ou filla q*ue* a aja *et* seja a d*i*ta voz G*arçi*a, fillo de vós, a d*i*ta Orraqua Fern*ande*s et de Rroy Go*nçalues* de Bido*n*, | [8] escud*ei*r*o*, voso marido q*ue* foy, seendo o d*i*to moço viuo aa sazo*n*. Et no*n* sendo o d*i*to G*arçi*a viuo, q*ue* aja a d*i*ta

voz aq*ue*l q*ue* o postrome*ir*o de vós nomear en sua vida *et* soude ou | [9] a tenpo de seu finam*en*to et máis aalende t*en*po de dez *et* noue anos conp*r*idos seg*u*intes despois da d*i*ta voz, os q*u*aes ha de au*er* *et* tẽer aq*ue*l q*ue* p*er*la d*i*ta voz e*n*no d*i*to | [10] foro soçedent*e* for nomeado. Convem a sab*e*r q*ue* vos aforamos o noso casal *et* herdade q*ue* chama*n* do Couce do Mo*n*te, q*ue* he e*n*na freg*re*sia de San Mig*ue*ll de Deiro, | [11] seg*und*o q*ue* p*er*teesçe ao d*i*to moest*ei*ro *et* seg*un*do q*ue* o ata aq*ui* teuo en foro porlo d*i*to moest*ei*ro G*arci*a Go*nçalu*es da Arouça, padre q*ue* foy de vós, a d*i*ta Orraqua Fern*and*es. Et aforamos seg*und*o | [12] (seg*und*o) d*i*to he por vijnt*e* llibras peq*ue*nas desta moeda vsau*e*l cada ano porlo dito tenpo de vosas vidas d'anbos et de cada hũu de vós, et dende endeant*e* á d*i*ta voz; | [13] *et* o q*ue* teu*er* os d*i*tos dez *et* noue anos deue *et* ha de dar *et* pagar por rraz*on* de foro cada ano vijnte *et* tres libras da d*i*ta moeda a nós *et* a nosos suçesor*es* en | [14] paz *et* en saluo e*n*no d*i*to moest*ei*ro por dia de san M*arti*no de noue*n*bro, et asi en cada hũu ano p*er* vós *et* p*er* vosos bẽes. Et demais q*ue* ponades *et* chantedes *et* p*er*feitedes | [15] p*er* vosa custa de vjna, d'aq*ui* a dous anos p*ri*m*ei*ros seg*u*intes aq*ue*la chousa de herdade q*ue* está çerq*u*ada *et* valada e*n*na herdade do d*i*to casal et a tenades f*eit*a *et* rrestoi | [16] rada *et* asy fiq*ue* liu*re* *et* desenbargada conp*r*ido o tenpo deste aforame*n*to ao d*i*to moest*ei*ro con o d*i*to casal *et* herdame*n*tos del *et* co*n* todoslos p*erfei*tos *et* bõos rreparam*en*tos | [17] q*ue* en el*es* foren f*eit*os *et* co*n* as poboanças de gaandos q*ue* esteuere*n* e*n*no d*i*to casal *et* deuedas *et* u*er*bo *et* t*en*po q*ue* deuere*n* os homẽes q*ue* y moraren aa fim do d*i*to t*en*po. | [18] Et este d*i*to aforam*en*to e*n*no d*i*to t*en*po no*n* vos deue de seer tirado ne*n* tollido por máis ne*n* por menos q*ue* out*r*o alg*un* por elo dé, ant*e* vos deue seer f*eit*o sãao *et* de paz | [19] p*er*los bẽes do d*i*to m*oestei*ro q*ue* p*e*ra elo obligamos et avendo vós ou a p*er*sona q*ue* soçeder e*n*na d*i*ta voz et o q*ue* teuer os d*i*tos dez *et* noue anos de vender ou sopenorar este | [20] d*i*to aforam*en*to a out*r*a p*er*sona q*ue* o façad*e*s a nós *et* a nosos suçesor*e*s tanto por tanto ant*e* q*ue* a out*ro* alg*un*, q*ue*rendoo nós et no*n* o q*ue*rendo nós, q*ue* ento*n* o façades a tal | [21] p*er*sona q*ue* seja semital de vós, q*ue* cunpla *et* agarde estas condições sob*re* d*i*tas *et* pague o d*i*to foro seg*und*o d*i*to he. Et nós, os d*i*tos Gom*es* Gago *et* Orraqua Fer*nandes*, | [22] q*ue* p*r*esent*es* somos, por nós *et* porla d*i*ta voz *et* porlo q*ue* soçeder e*n*nos d*i*tos dez *et* noue anos asi o out*or*gamos *et* rreçebemos p*er*las mane*i*ras *et* condições sob*re* d*i*tas | [23] *et* p*er*a pagáremos o d*i*to foro en cada huu ano *et* conp*r*ir *et* agardar todo esto q*ue* d*i*to he,

obligamos a elo nós *et* nosos (*et*) bẽes. Et q*u*al das p*ar*tes cont*r*a esto vier *et* o no*n* co*n*p*r*ir | [24] *et* ag*ar*dar, peite aa out*r*a p*ar*te q*ue* o ag*ar*da*r* *et* conp*r*ir por pena mill m*or*a*uedis* *et* a pena pagada ou no*n* pagada todavia este aforame*n*to *et* as cousas en el c*on*tiudas | [25] fiq*ue*n firm*es* *et* vallan seg*und*o d*i*to he.

Testimoyas q*ue* foron p*re*sent*e*s: Jua*n* Rraposo, ca*n*beador, *et* G*onçal*uo Mig*uees* *et* P*er*o Nouo, homẽes do d*i*to abade, *et* Jua*n* da Rrigeyra, | [26] escripuam.

Despois desto, vijnt*e* *et* sete dias do m*es* de octubre do d*i*to ano en p*re*sença de mi*n*, notario, *et* t*estimoyas* de juso esc*ri*ptas, frei Jua*n* Fern*ande*s, p*r*ior caustral do d*i*to m*oestei*ro | [27] de San M*arti*no, diso q*ue* por q*u*anto este d*i*to aforame*n*to he f*eit*o en prol *et* p*ro*ueito do d*i*to moest*ei*ro, q*ue* por ende q*ue* outorgaua et outorgou o d*i*to aforame*n*to *et* consentio en el, seg*und*o | [28] *et* e*n*na man*ei*ra q*ue* era f*eit*o *et* outorgado *et* q*ue* se en el contiña *et* prometeu *et* outorgou de o *con*p*r*ir et ag*ar*dar por si *et* por seus susçesor*es* *et* no*n* yr *con*t*r*a elo so a d*i*ta pena | [29] en el *con*tiuda. Testimoyas: G*onçal*uo, tonele*ir*o, *et* Fern*an* Ar*es*, tonele*ir*os, *et* Rroy Loure*n*ço, pedr*ei*ro, vesiños de S*an*tiago [sinatura]. |

Eu, Gom*es* Garçia, not*ar*io publico jurado de Santiago porla igl*e*ia de S*an*tiago, a esto | [31] p*re*sent*e* fuy *et* fiz s*cr*ipvir *et* aq*ui* meu nom*e* *et* signal poño q*ue* tal he en t*estimoy*os de u*er*dade [signo].

1.- Ano: con sinal de abreviación; I*e*su Cr*isto*: a abreviatura, tirada do grego, é <Ihu Xpo>; mill: cun sinal de abreviación; anos: con sinal de abreviación. 2.- Santiago: cun sinal de abreviación. 3.- cabidoo: cun trazo por riba. 4.- f*eit*o: aparece abreviado <fco>, de xeito latinizante. 5.- Fer*nande*s: aparece Ferr*nande*s. 8.- nomear: o <r> represéntase mediante unha abreviatura propia de <-eir>. 10.- Couce: aparece con *c* e non con *ç*; non se sabe se o *ç* se perdeu no subliñado; d*i*ta: aparece riscado despois de *en*na. 12.- ano: con sinal de abreviación. 13.- ano: con sinal de abreviación. 13.- dar, pagar: o <r> aparece representado mediante a abreviatura de <-eir->. 14.- ano: con sinal de abreviación. 15.- anos: con sinal de abreviación; f*eit*a: aparece abreviado <fca>. 16.- p*erfeit*os: aparece abreviado <pfcos>; rreparam*en*tos: -*tos* aparece sobrescrito. 17.- f*eit*os: aparece abrevia-

do <fcos>. 18.- f*eit*o: aparece abreviado <fco>. 19.- ó final da liña aparece un signo para encher a liña. 21.- Fern*andes*: aparece escrito Ferr*nandes*. 23.- nós et: aparecen sobrepostas ó resto do texto; anos: o <-s> aparece riscado; vier: o <r> aparece cunha abreviatura propia de <-eir->. 24.- mill: cun trazo por riba. 25.- Mig*uees*: a abreviatura é Miglls; homees: cun trazo por riba. 26.- ano: cun trazo por riba. 27.- f*eit*o: aparece abreviado <fco>; outorgou: <or> aparece voado. 28.- f*eit*o: aparece abreviado <fco>; pena: cun trazo por riba. 31.- poño: cun trazo por riba.

*6. Edición do manuscrito AHDS L 83/12*[13]

1418, [setembro], 24 — San Martiño Pinario (Santiago de Compostela)

*Foro do mosteiro de San Martiño Pinario e o seu abade, Fernán García, a Gómez Gago e a súa muller, Urraca Fernández, moradores en Pontevedra*, das herdades, casas e casares dun lugar da freguesía de Santo Estevo de Tremoedo, polo tempo das súas vidas, unha voz e dezanove anos, e por unha renda anual de cento dez marabedís.

AHD, *San Martín*, c. 57/55, orixinal, pergamiño, 295 x 215 mm, galego, mal estado.

[Ano do naçeme*n*to de noso señor I*e*su Cr*is*to] de mill *et* q*u*atroçe*n*tos *et* dez et oyto anos, vijnt*e* *et* q[*u*at*r*o dias do m*e*s de sete*n*bro].

Sabea*n* todos q*ue* nós, frey Ferna*n*do, ab[ade do moest*ei*ro de San M*arti*no de Fóra da | [2] çidade de Santiago, *et* frey Rroy M*artis* *et* fre]y P*er*o Suarez frey Jua*n* de Gu[lfar, frey] Afon*so* d[e Cama*n*ço, frey Jua*n* Curujo et] frey Joh*a*m de Muro, mo*n*jes do d*i*to [moest*ei*ro, estando juntados e*n*na | [3] caustra do d*i*to m*oestei*ro en noso cabidoo p*or*] tanjemento de canpãa seg*und*o q*ue* avemos [de cu]stume, v[een]do *et* ent*en*dendo q*ue* esto adeant*e* co*n*tiudo h[e f*eit*o en prol et p*ro*ueito do d*i*to moest*ei*ro, avido sobre | [4] elo prim*ei*ramente nosa

13 Algunhas partes reconstruínas baseándome nas fórmulas notariais do documento anterior.

deliberaçon et diligen]te trautado. Por ende, por nós *et* por nosos suçesores, aforamos *et* damos en aforamento *et* por rrason de foro a vós, G[omes Gago, *et* a vosa moller, Orraqua Fernandes, | [5] que presentes sodes, moradores enna v]ila de Ponte Vedra, d'oje este dia endeante por todo tenpo de vosas vidas de anbos *et* de cada hũu de vós, [asi que finando hũu, que fique enno outro, | [6] et ao finamento do postromeiro de vós anb]os, dende endeante porlo tenpo da vida de hũa voz que seja fillo ou filla de vós anbos, et non avendo vós [fillo ou filla que a aja *et* seja a dita voz | [7] Garçia, fillo de vós, a dita Orraqua Fernandes] *et* de Rroy Gonçalues de Bidon, voso marido que foy [se] endo o dito moço viuo aa sazon. *Et* non seendo o dito Garçia viuo, [que aja a dita voz aquel que o postromeiro | [8] de vós nomear en sua vida *et* s]oude ou a tenpo de seu finamento et [máis aalende] tenpo de dez *et* noue anos conpridos segũintes despois da dita voz, [os quaes ha de auer *et* tẽer aquel | [9] que perla dita voz enno dito soçedente] foro nomear. Convem a saber que vos aforamos [ilexible] todas suas herdades, casas, casares *et* chamadas [falta] | [10] [falta] santo Estevõo de Tremoedo, que soya tẽer *et* laurar Juan Perez *et* sua moller Maria Eanes, *et* segundo que o ata aqui porlo dito [falta pergamiño] | [11] [falta] [Orra] qua Fernandes. Et aforamos segundo dito he con todaslas perteenças *et* dereiturras ao dito lugar perteesçentes *et* a nós por rrazon del [roto] | [12] [falta texto] [Orraqu]a Fernandes avedes de dar *et* pagar a nós et a nosos suçesores en cada hũu ano por todo tenpo de vosas vidas et de cada hũu de vós [roto] | [13] [falta] es dineiros. Et a dita voz *et* aquel que soçeder enos ditos dez *et* noue anos ha de dar *et* pagar de cada ano çento *et* dez morauedis [falta] | [14] [falta] enno dito moesteiro por dia de san Martino de nouenbro, et asy en cada hũu ano por vós et por vosos bẽes et sen desconto da dita a [roto] | [15] [falta texto] herdades do dito lugar per vosa custa propia et maneira que se non perescan por mingoa de bõo rreparamento *et* apostamento et asy deue de [roto] | [16] [falta] [te]stamento que en elo for feito. Et este dito aforamento enno dito tenpo non vos deue de seer tirado nen tollido por máis nen por menos que nós outro algũu | [17] [falta] [por elo dé, ante vos deue seer feito sãao] *et* de paz perlos bẽes do dito moesteiro que a elo obligamos et avendo vós ou a persona que soçeder enna dita voz *et* o que teuer os ditos dez *et* noue | [18] [falta] [este aqui dito a]foramento a outra persona que o façades a nós *et* nosos suçesores tanto por tanto ante que a outro algũu querendoo nós et non o querendo nós que vós enton |

[19] [o façades a tal p*er*sona q*ue* seja s]emital q*ue* cunpla et agarde estas condições sob*re* d*i*tas et page o d*i*to foro seg*und*o d*i*to he. Et nós, os d*i*tos Gom*e*s Gago *et* Orraq*ua* Fer*nandes*, q*ue* p*r*esent*e*s | [20] [somos por nós *et* porla d*i*ta voz *et*] porlo q*ue* soçeder e*n*nos d*i*tos dez *et* noue anos asy out*or*gamos *et* rreçebemos p*er*las man*ei*ras *et* condições sob*re* d*i*tas et p*er*a pagáremos o d*i*to foro | [21] [en cada hũu anos *et* conp*r*ir *et* agardar t]odo esto que sobre d*i*to he, obligamos a elo nós *et* nosos bẽes. Et q*u*al das p*ar*tes cont*r*a esto vier *et* o no*n* conp*r*ir *et* ag*a*rd*a*r, peite aa out*r*a q*ue* o ag*a*rdar | [22] [*et* conp*r*ir por pena mill m*orauedi*s *et* a pena] pagada ou no*n* pagada todavia este aforame*n*to *et* as cousas en el co*n*tuidas fiq*ue*n firm*es* *et* vall*a*n seg*und*o d*i*to he.

Testimoyas q*ue* foron p*rese*nt*e*s: | [23] [Jua*n* Rraposo, ca*n*bedor, *et* G*onça*luo Mig*uee*s *et* Pero] Nouo, hom*e*s do d*i*to abade, et Jua*n* da Rrig*eyr*a, escripuam.

Despois desto vijnt*e* *et* sete dias do m*es* de octubre do d*i*to ano en p*re*sença de mi*n*, not*ar*io, | [24] [*et* testimoyas de juso esc*ri*ptas. Frei Jua*n* Fern*andes*] p*r*ior caustral do d*i*to moest*ei*ro de San M*arti*no diso q*ue* por q*u*anto este d*i*to aforame*n*to he f*eito* en prol *et* p*ro*ueito do d*i*to moest*ei*ro q*ue* por ende q*ue* out*or*gaua et | [25] [outorgou o d*i*to aforame*n*to *et* consentio] en el, seg*und*o *et* e*n*na man*ei*ra q*ue* era f*eit*o *et* outorgado *et* q*ue* se en el contiña *et* p*ro*metio *et* outorgou de o *con*p*r*ir et ag*a*rdar por sy *et* por seus [susçesor*es* *et* no*n* | [26] yr *con*t*r*a elo so a d*i*ta pena en el *con*tiuda]. Testimoyas: Gonçaluo tonele*ir*o *et* Fe*r*[na*n*] Ares, tonel*ei*ros, et Rroy Loure*n*ço, pedr*ei*ro, vesiños de Santiago [sinatura]. |

[Eu, Gom*e*s Garçia,] not*ar*io publico jurado de Santiago porla igl*e*ia de S*an*tiago, a esto p*r*esent*e* fuy | [28] [*et* fiz s*cr*ipvir *et* aq*ui* m] eu nom*e* *et* signal poño q*ue* tal he en t*estimoy*os de u*er*dade [signo].

1.- mill: cun trazo por riba; anos: trazo por riba do -n-. 8.- anos: cun trazo por riba. 11.- Fer*nandes*: aparece escrito Ferr*nandes*. 12.- dar, pagar: o <r> aparece representado mediante a abreviatura de <-eir->; ano: trazo por riba; te*n*po: aparece sobreescrito. 13.- anos: cun trazo por riba; dar, pagar: o <r> aparece representado mediante a abreviatura de –<eir->; ano: cun trazo por riba. 14.- ano: cun trazo

por riba. 16.- f*eito*: a abreviatura aparece <fco>. 17.- ó final da liña aparece un signo para encher a liña. 18.- q*ue*rendoo: cun trazo por riba. 19.- Ferr*nandes*: aparece escrito Ferr*nandes*. 20.- anos: cun trazo por riba. 23.- ano: cun trazo por riba. 24.- f*eito*: aparece abreviado <fco>; por: aparece sobreescrito. 25.- f*eito*: aparece abreviado <fco>. 26.- F*e*rna*n*: aparece escrito con <Ff->. Santiago: cun trazo por riba.

*7. Particularidades gráficas entre os documentos*

A letra de ambos os documentos é similar, o que leva a pensar que foron escritos pola mesma man. Non hai neles cambios significativos, pois as diferenzas radican principalmente no uso das abreviaturas, que figuran nos dous textos, ás en diferentes localizacións (signo tironiano vs. *et*; *segu*n*do* vs. *se*gund*o*; *t*en*po* vs. *tenpo*; *m*oesteir*o* vs. *moest*ei*r*o).

Algunhas palabras que figuran no pergamiño do ACS aparecen elididas no do AHD (*escud*eir*o*), ou ó revés (*menos que* vs. *menos que nós*). Tamén se atopan diferenzas na forma de escribir algunhas palabras, tanto fonéticas (*sendo* vs. *seendo*) ou gráficas (*asi* vs. *asy*) como morfolóxicas (*p*ro*meteu* vs. *p*ro*metio*) ou sintácticas (*for nomeado* vs. *foro nomear*).

Á continuación presento unha táboa coas principais diferenzas entre os documentos (entre parénteses figura o número de liña):

| ACS | AHDS |
|---|---|
| Rroy Gonçalues de Bidon, **escudeiro**, voso marido (8) | Rroy Gonçalues de Bidon, voso marido (7) |
| aquel que porla dita voz ... **for nomeado** (10) | aquel que porla dita voz ... foro **nomear** (9) |
| nen por menos que outro (18) | nen por menos que **nós** outro (16) |
| Que **pera** elo obligamos (19) | Que **a** elo obligamos (17) |
| Que o façades a nós et **a** nosos suçesores (20) | Que o façades a nós et nosos suçesores (18) |
| Que enton o façades (20) | Que **vós** enton o façades (18) |
| Que seja semital **de vós**, que cunpla (21) | Que seja semital, que cunpla (19) |
| Asi **o** outorgamos et rreçebemos (22) | Asy outorgamos et rreçebemos (20) |
| Todo esto que **dito** he (23) | Todo esto que **sobre dito** he (21) |
| **Prometeu** et outorgou (28) | **Prometio** et outorgou (25) |

*Táboa 2: Principais diferenzas entre os documentos*

## *8. Inventario onomástico*

A seguir ofrécese a información onomástica que se pode tirar do documento[14] . Preséntase dous índices alfabéticos: un antroponímico e outro toponímico. Ó lado de cada nome aparece entre parénteses o documento ó que se refire e o número de liña. A fin de facilitar as referencias ós documentos, a partir de agora vou citar o documento do ACS como *1* e o do AHDS como *2*.

14 Para a elaboración dos índices non teño en conta as partes reconstruídas.

*8.1. Índice antroponímico*[15]

Afon*so* de Cama*n*ço (frey) (1.2, 2.2)

frade do mosteiro de San Martiño de Fóra

F*e*rna*n* Ares (1.29, 2.26)

toneleiro, veciño de Santiago, testemuña

F*e*rna*n*[16] Garçia (frey) (1.1, 2.1)

abade do mosteiro de San Martiño de Fóra

G*arci*a Go*nçalues* da Arouça (1.11)

defunto padre de Orraca Fernández, anterior foreiro do casal de Couce do Monte

G*arcia* (1.7, 1.8, 2.7)

fillo de Orraca Fernández e de Roi González de Bidón

Gom*e*s Gago (1.5, 1.21, 2.4, 2.19)

veciño e morador en Pontevedra, casado con Orraca Fernández, arrendatario do foro de Couce do Monte

Gom*e*s Garçia (1.30)

notario público xurado de Santiago pola igrexa de Santiago (notario eclesiástico)

G*onçal*uo Mig*uee*s (1.25)

home do abade Fernán García, testemuña

G*onçal*uo (1.29)

Gonçaluo (2.26)

toneleiro, veciño de Santiago, testemuña do foro

---

15 Nalgúns casos atópanse estruturas do tipo prenome + profesión (*Gonçal*uo tonele*ir*o, Jua*n* Rraposo ca*n*bedor). Son consciente de que poderían estar a reflectir os sobrenomes ou apelidos das devanditas persoas, mais neste caso prefiro actuar contra esta tendencia xeral por existiren no texto casos de plural que indican que se trata dunha excepción, pois funcionan claramente como marca de profesión.

16 No documento do AHDS aparece o nome por extenso: Ferna*n*do. Isto débese a que non vai seguido polo apelido (García), senón pola súa profesión (abade).

Jua*n* Curujo (frey) (1.2)

frade do mosteiro de San Martiño de Fóra

Jua*n* da Rrigeyra (1.25)

Jua*n* da Rrig*eyr*a (2.23)

escribán

Jua*n* de Gulfar (frey) (1.2, 2.2)

frade do mosteiro de San Martiño de Fóra

Jua*n* de Muro (frey) (1.2)

Joh*a*m de Muro (2.2)

frade do mosteiro de San Martiño de Fóra

Jua*n* Fern*and*e*s* (frey) (1.26)

frade, testemuño por parte do claustro do mosteiro de San Martiño de Fóra

Jua*n* P*er*ez (2.10)

labrador casado con María Eanes, antigo foreiro dun lugar de Santo Estevo de Tremoedo

Jua*n* Rraposo (1.25)

cambiador, home do abade Fernán García, testemuña

Maria Ean*e*s (2.10)

esposa de Jua*n* P*erez*

Orraq*u*a Ferr*nandes* (1.5, 2.11, 2.19)

Orraqua Fern*andes* (1.7, 1.11, 2.12)

Orraqua Ferr*nandes* (1.21)

veciña e moradora en Pontevedra, viúva de Rroy G*onçalues* de Bido*n* e *casada* actualmente con Gom*e*s Gago, arrendataria do foro de Couce do Mo*n*te

Pero Nouo (1.25, 2.23)

home do abade Fernán García, testemuña

P*er*o Suarez (frey) (1.2, 2.2)

frade do mosteiro de San Martiño de Fóra

Rroy Go*nçalues* de Bido*n* (1.7, 2.7)

escudeiro e defunto marido de Orraca Fernández

Rroy Loure*n*ço (1.29, 2.26)

testemuña, veciño de Santiago

Rroy M*artins* (frey) (1.2)

frade do mosteiro de San Martiño de Fóra

*8.2. Índice toponímico*

Arouça (a.11, b.11)

ría de Arousa, Pontevedra. Esta denominación toponímica podería referirse a calquera dos lugares que hoxe conteñen 'Arousa' no seu nome, ou ben a un topónimo perdido.

Bido*n* (a.7)

n.i.[17]

Cama*n*ço (Afon*so* de) (a.2, b.2)

parroquia de san Salvador Camanzo, Vila de Cruces, Pontevedra

Couce do Mo*n*te (a.10)

San Miguel de Deiro, Vilanova de Arousa, Pontevedra[18]

Gulfar (a.2, b.2)

n.i.[19]

Muro (Jua*n* de) (a.2, b.2)

n.i.[20]

---

17 Non se rexistra este topónimo no *Nomenclátor* nin no *Inventario Toponímico da Galicia Medieval.*

18 Mediante o documento sábese que se trata dun lugar da parroquia de San Miguel de Deiro. Non atopamos no *Nomenclátor* exactamente este dato, mais si se rexistra un lugar na devandita parroquia denominado O Monte.

19 Gulfar rexístrase en catro puntos: Irixoa (A Coruña), Taboada (Lugo), Maside (Ourense) e Gondomar (Pontevedra), dos cales este último é o lugar máis próximo.

20 Rexístrase Muros (na súa forma evolucionada) en diferentes puntos da

San M*arti*no de Fóra da çidade de Santiago (a.2)

San Martiño Pinario, Praza da Inmaculada, Santiago de Compostela, A Coruña

San Mig*ue*ll de Deiro (a.10)

parroquia de San Miguel de Deiro, Vilanova de Arousa, Pontevedra[21]

S*an*tiago (igl*e*ia de) (a.29, a.30)

Santiago de Compostela, A Coruña

Santiago (a.30, b.2, b.26)

Santiago de Compostela, A Coruña

S*an*to Estevõo de Tremoedo (b.10)

parroquia de Santo Estevo de Tremoedo, Vilanova de Arousa, Pontevedra

Vila de Pont*e* Vedra (a.5, b.5)

Pontevedra, Pontevedra

---

xeografía galega, dos cales o máis próximo é o localizado na ría de Muros e Noia.

21 Na parroquia de Santo Estevo de Tremoedo rexístrase un lugar chamado Deiro, mais neste caso interpreto que se trata da parroquia debido a que figura a advocación do santo.

*9. Anexo*

*9.1. Foro de San Martiño Pinario a Gómez Gago – Arquivo da Catedral de Santiago*



*9.2. Foro de San Martiño Pinario a Gómez Gago – Arquivo Histórico Diocesano*

Boullón Agrelo, Ana Isabel / Henrique Monteagudo (2009): *De verbo a verbo. Documentos en galego anteriores a 1260*. Anexo 65 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

*Corpus Xelmírez — Corpus lingüístico da Galicia medieval*. Dispoñible en http://sli.uvigo.es/xelmirez [última consulta 22/09/2013].

Hermo González, Gonzalo (2011). «O testamento de Xoán de Padrón (a. 1405, ACS): Edición crítica». *Cadernos de Lingua* 33, 37-56.

*Inventario Toponímico da Galicia Medieval*. Dispoñible en: http://ilg.usc.es/itgm/ [última consulta 26/09/2013].

Ladero Quesada, Miguel Á. (2001): *Historia universal. Edad Media. Volumen II*. Barcelona: Vicens Vives.

López Alsina, Fernando (1988): *La ciudad de Santiago de Compostela en la Alta Edad Media*. Santiago de Compostela: Ayuntamiento de Santiago de Compostela / Centro de Estudios Jacobeos / Museo Nacional de las Peregrinaciones.

Lorenzo, Ramón (1988): «Normas para a edición de textos medievais galegos», en Dieter Kremer (ed.): *Actes du XVIII Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes (Université de Trier, 1986)*. Tübingen: Max Niemeyer, vol. 6, 76-85.

Lorenzo, Ramón (2004): «Edición de documentos medievais. Problemas que presentan algunhas abreviaturas», en Rosario Álvarez e Antón Santamarina (eds.): *(Dis)cursos da escrita. Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 449-458.

Lucas Álvarez, Manuel / María José Justo Martín (1991): *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela. Pergameos da serie Bens do Arquivo Histórico Universitario (Anos 1237-1537). Edición diplomática*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Lucas Álvarez, Manuel (1999): *El archivo del monasterio de San Martiño de Fóra o Pinario de Santiago de Compostela*. Sada: Ediciós do Castro.

*Nomenclátor de Galicia*. Dispoñible en http://www.xunta.es/toponimia [última consulta 18/09/13].

Pérez Rodríguez, Francisco Javier (1994): *El Dominio del Cabildo Catedral de Santiago de Compostela en la Edad Media (Siglos XII-XIV)*. Santiago de Compostela: Tórculo Artes Gráficas.

Rodríguez González, Ángel (1989): «*Livro do Concello de Pontevedra*» *(1431-1463)*. Pontevedra: Museo de Pontevedra.

Rodríguez González, Ángel (1992): *Libro do Concello de Santiago (1416-1422)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Rodríguez Núñez, Clara Cristela (1989): «Santa María de Belvís, un convento mendicante feminino en la Baja Edad Media (1305-1400)». *Estudios mindonienses* 5, 335-485.

Sánchez Sánchez, Xosé Manuel / Mª Elena Novás Pérez (2013): *Catálogo de las colecciones López Ferreiro y Guerra Campos del archivo de la Catedral de Santiago*. Santiago de Compostela: Cabido da Catedral de Santiago de Compostela.

Tato Plaza, Fernando R. (1999). *Libro de notas de Álvaro Pérez, notario da terra de Rianxo e Postmarcos (1457)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Vázquez Bertomeu, Mercedes (2001): *Notarios, notarías y documentos en Santiago y su tierra en el siglo XV*. Sada: Ediciós do Castro.

Xosé Henrique Costas González: *O valego. As falas de orixe galega do Val do Ellas (Cáceres-Estremadura)*, Vigo: Xerais, 2013

Cando no ano 1974 se trazou a rede de puntos do *Atlas Lingüístico Galego* os membros do equipo deste proxecto de cartografía lingüística coñeciamos os límites aproximados do idioma fóra da Galicia administrativa mercé a traballos de Dámaso Alonso, de Cortés y Vázquez e doutros estudosos do que Dámaso chamaba "gallego exterior"; de aí que as terras estremeiras do Eo-Navia asturiano, dos Ancares leoneses, do Bierzo galegófono e das Portelas de Zamora teñan unha digna representación nese atlas. Non se nos ocorreu engadir nesa rede un dos tres concellos de Cáceres da zona que os lingüistas portugueses denominan "região de Xalma", e non se fixo porque daquela considerabamos que alí se falaba unha variedade portuguesa.

Ese mesmo ano de 1974 eu cursara, ó igual cóos outros investigadores de campo do *Atlas Lingüístico Galego* (Rosario Álvarez e Manuel González) a materia de *Dialectología española*, para a que había que consultar o clásico manual de Zamora Vicente co mesmo título desa materia. No capítulo da fronteira do leonés, Zamora indicaba que en España había enclaves de fala portuguesa: La Alamedilla en Salamanca; Valverde del Fresno, Eljas y San Martín de Trevejo no noroeste de Cáceres, e no sur desta provincia Cedillo y Herrera de Alcántara; e a comarca de Olivenza en terras de Badajoz.

A miña visión do que se falaba na "região de Xalma" cambiou desde que vin naquel orixinal e exitoso programa *Sitio distinto*, que en 1990 e 1991 Antón Reixa dirixía na TVG, a sesión dedicada

ás "falas raras"; e esa noite, entre os falantes "raros" que entrevistou o polifacético Reixa, estaba un camioneiro de Cáceres, de Valverde del Fresno, na estrema con Portugal. Cando vin o programa esperaba que ese estremeño falase un portugués algo "raro", pero non unha fala que, de entrada, me lembraba bastante o galego que tiña escoitado e gravado nas Portelas de Zamora, aínda que o acento non era o portelao. Non me estrañara o emprego de formas como *muto* ou *zagais* (plural de *zagal*), pero si a total ausencia de sibilantes sonoras e de vogais nasais. No momento pensei que ese valverdeiro falaba un portugués "raro" de máis, resultado dunha forte castelanización, o que comentei con outras persoas que tamén quedaran impresionadas pola similitude co galego moderno.

Cando practicamente esquecera aquel falar "raro" de Estremadura, nunha das pausas dun coloquio do *Atlas Linguistique Roman* celebrado en Bélxica en novembro de 1991, paseando co profesor da Universitat de Barcelona José Enrique Gargallo por carreiros de outeiros relativamente próximos a Holanda (lembro que alí vira un indicador de Maastrich, cidade da que daquela non oíra falar), preguntoume por ese programa de Reixa e pola fala do camioneiro de Valverde. Ignoraba que Gargallo andase a estudar as falas dos chamados Tres Lugaris de Cáceres (Valverde do Fresno, As Ellas e San Martín de Trebello) e non lembro que me contase que estivese a preparar algo sobre elas; de aí a miña gran sorpresa cando a finais de xaneiro (ou comezos de febreiro) de 1992 recibín unha fotocopia do mecanoscrito dun relatorio de Gargallo sobre o hibridismo e a vitalidade "en las hablas fronterizas (con Portugal) del Valle del Jálama (provincia de Cáceres)", que nos primeiros días de xaneiro dese ano presentara no *XX Romance Linguistics Seminar* celebrado en Cambridge.

Comezaba falando o autor de que as tres falas de Xálima "de hecho muy similares, descansan sustancialmente en una base constitutiva de tipo gallego-portugués (*boas noitis; ceu; chegar; fieitu*), lo cual parece explicarse por el origen de los primitivos repobladores de la zona (acaso en parte, también, de extracción astur-leonesa occidental)". E engadía que o secular proceso de castelanización á que foi sometido este recanto estremeño "a pesar de su aislamiento de Castilla-León y del resto de Extremadura hace pocos años, difi-

culta, a mi modo de ver, la consideración como dialecto portugués de dicho enclave lingüístico".

O sintético e didáctico estudo lingüístico deste relatorio tiña como anexo varias redaccións feitas á man por estudantes de 6º EXB, que me impactaron máis có texto do relatorio. Os estudantes escribían nunha fala, a súa, na que nunca os alfabetizaran, polo que tiñan lóxicos problemas á hora de representar sons como o *n* velar e as sibilantes sonoras, estas no caso dos das Ellas e San Martiño. Eran (e seguen a ser) boas mostras de textos orais do que o portugués L. F. Lindley Cintra había anos que definira como "falar também essencialmente galego da região de Xalma". Levei ese relatorio á clase de Lingüística Románica, resumín o contido e lin as redaccións sen indicar de onde eran para que os estudantes composteláns desa materia tratasen de localizar os textos no dominio lingüístico galego. Ninguén dubidou en dicir que eran do galego oriental, mesmo alguén sinalou que poderían ser do galego eonaviego, aínda que a maioría dicía que debían ser das Portelas de Zamora.

A finais de febreiro ou comezos de marzo dese ano 1992, antes de iniciar unha xuntanza do Seminario de Lingua Galega de COU do distrito universitario galego, do que eu era o responsable e do que formaba parte o profesor da Universidade de Vigo Xosé -Henrique Costas González, comentei a posible existencia dunha variedade galega en Cáceres, moi próxima ás falas do norte de Portugal, baseándome no relatorio de Gargallo e na (re)lectura que días antes fixera de estudos sobre as falas da *região de Xalma* a cargo de lingüistas portugueses como José Leite de Vasconcellos, Lindley Cintra ou Clarinda de Azevedo Maia.

Semanas despois desta reunión, Costas apareceu en Compostela con varias horas de gravacións daquel posible galego de Estremadura, que el mesmo na Semana Santa rexistrara nos Tres Lugaris de Cáceres, á vez que me entregaba e comentaba unha manchea de follas escritas da súa man con paradigmas verbais e outro material co que se ampliaba considerablemente a sintética caracterización lingüística do relatorio de Gargallo e co se podían matizar algúns fenómenos da excelente monografía de Azevedo Maia de 1977 sobre o concello portugués de Sabugal e a viciña rexión de Xalma e Alamedila. Esas follas á man, que aínda conservo, igual cá copia do

mecanoscrito de Gargallo, foron o bosquexo dun traballo que Costas publicou en 1992 en *Cadernos de Lingua* da RAG.

Ese mesmo ano tratou na revista *A Trabe de Ouro* a situación sociolingüística desa zona –daquela denominábaa Ribeira Trebellana– no primeiro estudo publicado en Galicia, e en galego, sobre a orixe e a vitalidade social do falar "essencialmente galego" de Cáceres. Antes deste traballo de Costas, o historiador Xosé Mª Lema Suárez, que tamén quedara impresionado coa fala daquel valverdeiro do programa *Sitio distinto*, nunha revista da asociación de veciños dos Tilos, do concello coruñés de Teo, publicara unhas notas para dar a coñecer a variedade galega deses concellos despois dunha visita que fixo á zona. Igualiño que San Tomé, Lema e Costas, cada un pola súa parte, foron á serra de Gata meter o dedo na chaga para corroboraren se era certo que alí se falaba un xeito de galego.

Desde 1992 a hoxe Costas volcouse nas falas galaico-portuguesas de Cáceres, á vez que lle foi contaxiando a súa paixón a boa parte do seu alumnado da Universidade de Vigo, que levou a facer traballo de campo na zona do Ellas e tamén na zona galegófona das Portelas de Zamora, de onde puideron proceder parte dos repoboadores que alá levaron o galego medieval. Desde xeito, converteuse en Galicia nun infatigable difusor da existencia do valverdeiro, do lagarteiro e do mañego –glotónimos que empregan os propios falantes, tomados dos respectivos xentilicios de Valverde, As Ellas e San Martiño–; disertou sobre o orgullo e a autoestima que preto de 5.000 falantes teñen da súa fala, tan próxima ó galego moderno (e ó portugués setentrional) e á vez editou material inédito escritos nesas variedades. Así, en 1998 na editorial Positivas publicou os *Seis sonetos valverdeiros* de Isabel López Lajas, muller que amaba a fala do seu pobo que "atristada pola paulatina castelanizacion do valverdeiro e pola escasísima presencia da fala local en textos escritos, decidiuse ela mesma a escribir uns sainetes para que os representase o grupo de teatro" que ela mesma organizou, como Costas sinalaba no limiar. López Lajas lía en castelán e en portugués, e "amais, coñecía algo da literatura galega, sobre todo a obra poética de Rosalía de Castro", polo que chegou a identificar lingüisticamente a súa fala co que lía na cantora do Sar. No comezo do sainete segundo, que leva por título "Diálogo de dos comadres", Juana dille á súa comadre

Clara: "Non veis que comu temus esta fala galega, quedrán guasialse".

No 2007 publicou na revista *A Trabe de Ouro* o vocabulario dun "apañador de palabras", un pastor, labrego e escultor amador chamado Alfonso Berrío, valverdeiro, do que recibiu como galano un caderno cunhas 1.200 palabras, á parte das moitas outras que lle fora regalando ó longo de quince anos de amizade. Ese pastor vive no caserío de Carballal, o máis próximo á fronteira portuguesa, a 12 km da vila de Valverde e a 6 das Aranhas, a primeira aldea portuguesa, nunha humilde casa de cachotaría, pero desde hai anos con enerxía solar. Neste traballo manifestaba que de todos os grupos familiares que gravara "ao longo de quince anos no val do Ellas, os Berrío do Carballal son os que teñen unha fala menos interferida, un valverdeiro máis auténtico e consciente. E cando vou con alumnos sempre levo algún grupiño, dous ou tres, para coñeceren os Berrío e aprenderen sabedoría popular e montañas de léxico e dignidade".

Costas foi, e segue a ser, un indesmaiable investigador das falas do *Val do Río Ellas*, denominación que prefire (e xustifica) ás tradicionais de *Xalma* dos lingüistas portugueses e *Xálima* ou *Jálama* dos estudosos españois; e creou o glotónimo *valego* para designar as falas do val, termo que xa aparece na portada desta completa e didáctica monografía froito de vinte e un anos de continuas visitas á zona para recoller material, que foi dando a coñecer nun bo quiñón de relatorios e de artigos, agora revisados, actualizados e agrupados nos diversos capítulos co que demostra que nada do que se refire ó Val do Ellas lle é alleo. Debulla con paixón e claridade expositiva, entre outros aspectos, a onomástica e a historia do galego na zona (con atención especial á toponimia e ás orixes dos colonos da Transerra e a chegada da lingua galega a estas terras), dá hipóteses sobre a mantemento da fala e a súa polémica adscrición lingüística e fai unha completa caracterización fonética no que estuda os trazos comúns co galego (e co portugués), e a seguir debulla os trazos do que chama "maqueta dialectal". Considera que dun xeito ou doutro a lingua do val contén os trazos da dialectoloxía galega, que "estas falas supoñen unha maqueta de moitos fenómenos fonéticos, morfolóxicos e, sobre todo, léxicos que se dan en maior ou menor escala por todo o noso territorio lingüístico, pero, máis concretamente, as

semellanzas e paralelismos son ben evidentes coas falas bercianas, eonaviegas, zamoranas e do leste de Ourense" (p. 148).

O derradeiro capítulo trata do pasado, do presente e do futuro da reivindicación destas falas, cunha análise da situación sociolingüística e da urxente necesidade de codificación do valego para o que propón como solución unha norma "á galega"; e como ramo aparece un breve epílogo, que ben podería ser unha especie de prólogo ou de inicial declaración de intencións, onde Costas deixa ben claro nas dúas liñas finais dese epílogo por que redactou esta obra: "por paixón lingüística e por amor a un tesouro que non é patrimonio exclusivo dos seus falantes, nin sequera dos estremeños, senón da humanidade toda". O libro contén dous interesantes anexos, un de textos dos tres concellos e outro de mapas léxicos das formas que estudou na mencionada "maqueta dialectal"; e féchase cunha bibliografía moi completa e actualizada, cunha webgrafía con indicación de sitios na rede sobre falas estremeñas e con blogs de persoas interesadas pola fala do Val do Ellas, e cunha breve filmografía con material audiovisual que se pode consultar na Rede.

Paixón e ciencia percorren toda a monografía co obxectivo de que sexa unha obra útil para dar longa vida a esas falas. Como el mesmo sinala, o que pretende é "estudar e describir unhas variedades lingüísticas de orixe histórica e cerna actual galegas para contribuír a que se prestixien e sobrevivan con vitalidade no seu territorio, non como obxecto coleccionable nin musealizable, nin como curiosidade folclórica visitable nunha reserva ata o seu esmorecemento por falta de coidados ou por inanición, senón como realidade viva, con saúde e con futuro".

Costas non separa o estudo lingüístico dos temas socias e legais e non escapa dos aspectos políticos, como se ve nos dous capítulos iniciais, que practicamente ocupan a 4ª parte desta monografía. O primeiro é unha análise do contexto lexislativo e político de todas as linguas minorizadas de España, onde se atende a situación do galego, do vasco e do catalán nos seus diversos territorios e tamén a situación doutras linguas españolas das que moita xente se cadra ignora a súa existencia, como ocorre co asturiano, aragonés, aranés, portugués, árabe de Ceuta e tamazig (mal chamado bérber) de Melilla, linguas con escasa ou nula protección legal, agás o occitano do

Val de Arán; e a seguir estuda con detalle a lexislación lingüística ignorada, particularmente a Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias e a súa importancia para a normalización do galego de Galicia, pero particularmente para o galego estremeiro de Asturias, León e Zamora e para o valego de Cáceres.

Nunha nova edición do libro Costas terá que facer algunha indicación no relativo ó aragonés e ó catalán de Aragón, porque desde o pasado mes de maio as Cortes de Aragón derrogaron a tan arelada lei de linguas do ano 2009 e decretaron que na rexión non existe o aragonés, que pasa a chamarse oficialmente "Lengua Aragonesa Propia del Área Oriental", isto é LAPAO, de usarmos un acrónimo; e tampouco existe oficialmente o catalán da franxa da estrema con Lleida, que agora se denomina "Lengua Aragonesa Propia de las áreas Pirenaica y Prepirenaica" ou sexa LAPAPYP, de usarmos tamén un acrónimo.

Cando me preguntan se realmente se fala galego en Cáceres, adoito dicir que se fala, que para min é un galego entre aspas, pero galego, con trazos de seu e moitos outros comúns a falas galegas e portuguesas e que en absoluto se trata dunha variedade astur-leonesa, aínda que contén algún léxico e algún fenómeno común ás falas astur-leonesas. Aplicando un sistema de dialectometría iberorromance a oito fenómenos fonético-fonolóxicos, 24 morfolóxicos e 11 sintácticos Costas demostra que as falas do Val do Ellas concordan nun 81% co galego, nun 63% co astur-leonés e nun 60% co portugués, e que as porcentaxes de afinidade co galego e co portugués aumentarían de engadir trazos lexicais na análise dialectométrica.

A repoboación nesa zona estremeña e a pervivencia de falas (esencialmente) galegas en Cáceres lémbrame o que ocorreu en Italia coas comunidades valdenses orixinarias do sur de Francia, que na 2ª metade do século XIV, fuxindo das persecucións, se instalaron no sur de Italia. Aquí as poboacións locais fóronas asimilando, agás en Guardia Piemontese, na provincia calabresa de Cosenza, onde aínda se fala o *guardiolo*, variedade da lingua occitana, por moito que Occitania quede lonxe, moito máis lonxe do que o Val do Ellas de Galicia.

O *valverdeiro*, o *lagarteiro* e o *mañego* son variedades (esencialmente) galegas, que a pesar das diferenzas entre elas constitúen un mesmo "dialecto", o *valego*, que é a terceira ponla da lingua galega

medieval que vive nos Tres Lugaris desde que a finais do séc. XII e comezos do séc. XIII a levaron colonos de Afonso VIII, que asinaba como *rex Legionis et Gallecie* e que está enterrado no Panteón Real da catedral de Compostela. O *valego* é o froito dun gallo dun carballo ou rebolo galego (ou dunha oliveira, que tamén as había na Galicia medieval) ou ben é o froito do bacelo dunha vide galega oriental transplantado hai centos de anos ós somontes da Serra de Gata, un gallo ou un bacelo que prendeu e que segue ben vivo, sen que o queimasen o forte sol estival nin as xeadas invernais dos somontes da serra.

Os meus parabéns á editorial Xerais por arriscarse a editar unha obra coma esta nunha xeira tan dura como a que está a vivir a edición en lingua galega; e parabéns para Xosé-Henrique Costas, compañeiro de tantas singraduras, por este galano froito de moitos anos de estudo e de loita pola dignificación da lingua galega en Galicia e nas comarcas do galego extramurado.

**FRANCISCO FERNÁNDEZ REI**
Instituto da Lingua Galega da USC
Real Academia Galega

## Normas para a presentación de colaboracións

1. Os *Cadernos de Lingua* están dedicados á publicación de traballos de investigación sobre calquera aspecto da lingua galega, así coma á difusión de notas e informacións lingüísticas relevantes para o coñecemento e a promoción da lingua na sociedade. Tamén se publican recensións de obras de interese para eses mesmos fins.

2. Os traballos, notas ou recensións recibidos serán revisados por especialistas do Consello de Redacción ou do Comité Científico. En calquera caso a decisión final sobre a publicación correspóndelle ao Consello de Redacción.

3. A lingua de publicación é o galego, aínda que excepcionalmente poderán aparecer traballos escritos en portugués ou noutras linguas.

4. Os editores poderán efectuar correccións ortográficas, de puntuación ou de estilo sempre que sexan de pouca entidade e non afecten o contido. Doutro xeito solicitarase a autorización do autor.

5. Sempre que sexa posible, o autor entregará dúas copias en papel e unha copia electrónica, compatible cos procesadores de textos máis usuais para PC. Os gráficos, de os haber, estarán inseridos no lugar correspondente do texto.

6. Nos artigos e notas aparecerá en primeiro lugar o título, seguido do nome do autor e do centro ou institución no que desenvolve o seu traballo. As recensións deben estar encabezadas pola referencia bibliográfica completa da obra comentada; o nome do autor incluirase ao final.

7. Recoméndase que o texto teña, como máximo, tres niveis de encabezamentos, numerados correlativamente 1., 2… 1.1., 1.2… 1.1.1., 1.1.2., etc., segundo o seu nivel na xerarquía.

8. As notas a pé de páxina deben evitarse na medida do posible. As citas incluiranse no texto indicando entre parénteses o apelido ou apelidos do autor, o ano de publicación da obra e, cando sexa conveniente, as páxinas; p.e., "… (Lorenzo 1996)" ou "… Kabatek (1996: 108)…". De seren necesarias, as notas ao pé deben aparecer indicadas cun número superescrito.

9. Ao final dos artigos e das notas deben aparecer recollidas todas as referencias bibliográficas, co seguinte formato:

*Referencias bibliográficas:*

Kabatek, Johannes (1996): *Die Sprecher als Linguisten. Interferenz- und Sprachwandelphänomene dargestellt am Galicischen der Gegenwart*. Tübingen: Max Niemeyer.

Lorenzo, Ramón (1996): "Breve historia da lingua galega", in Jacyra Mota / Vera Rollemberg (eds.): *Atas do I Congresso Internacional da Associação Brasileira de Lingüística (Universidade Federal da Bahia, 1994)*. Salvador: abralin / finep / ufba, 33-48.

Asaka, Takekazu (1994): "O emprego do futuro do pretérito de indicativo en galego", *Studia Romanica* 27, 47-51.

10. Os orixinais para publicación enviaranse a:

Xosé Luís Regueira
Real Academia Galega
Rúa Tabernas, 11
15001 A Coruña

# CONTIDO

5 **Matthew-Wellings,**
Un estudo da paisaxe lingüística en Santiago de Compostela

39 **Takeshi Kakihara,**
O uso lingüístico no ámbito comercial reflectido na paisaxe lingüística no centro de Santiago de Compostela

67 **V. Fresco Barbeito,**
Dime como rematas e direiche onde te acentúo

101 **R. Vila Amado,**
Edición crítica de dous documentos de 1418 asinados por Gómez García, notario de Santiago